





CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XV)

Ramón Piñeiro:

Epistolario lugués

Edición de:

Luis Alonso Girgado
Élida Abal Santorum
Alexandra Cillero Prieto

Edición das cartas a Uxío Novoneyra:

Iris e Luís Cochón

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Girgado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Coordinador científico:

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura:

ANXO TARRÍO VARELA

Ilustración da cuberta:

VIRXILIO

Imprime:

Tórculo Artes Gráficas

ISBN:

978-84-453-4891-8

Depósito Legal:

C 236-2010

ÍNDICE

<i>Limiar</i>	9
 <i>A- CARTAS DE RAMÓN PIÑEIRO A</i>	
<i>I- Marina Mayoral</i>	17
<i>Nota de edición: De Piñeiro a Novoneyra</i>	29
<i>II- Uxío Novoneyra</i>	33
 <i>B- CARTAS A RAMÓN PIÑEIRO DE</i>	
<i>I- Darío Xohán Cabana</i>	63
<i>II- Álvaro Cunqueiro</i>	66
<i>III- Xosé María Díaz Castro</i>	80
<i>IV- Celestino Fernández de la Vega</i>	125
<i>V- Ánxel Fole</i>	169
<i>VI- José Gayoso Veiga</i>	171
<i>VII- Paco Martín</i>	175
<i>VIII- Eduardo Moreiras Collazo</i>	185
<i>IX- Carlos Peregrín Otero</i>	202
<i>X- Luis Pimentel</i>	247
<i>XI- Luz Pozo Garza</i>	254



I. Limiar



I. Limiar

Esvaeceu *–tempus fugit–* o ano 2009, o “ano de Ramón Piñeiro”, homenaxeado no Día das Letras e citado, aludido, estudado por activa e por pasiva todos os días do ano e máis que tivera. Sucedéronse acotío en xornais, revistas e libros diversos toda clase de escritos arredor da vida, obra e pensamento do home de Láncara; escritos opostos ou coincidentes que foron dende o laudatorio ou panexírico ata o crítico e discrepante, pasando polas notas circunstanciais e aínda por revelacións ou “investigacións” novelescas que conectaban a don Ramón cos fíos máis inconfesables da espionaxe nacional e internacional. A colleita, en fin, foi máis que notable e nela non faltou algunha sisuda tese de doutoramento. Pouco ou nada quedou do impulsor de *Grial* sen analizar, sen axuizar, sen valorar xa con certa perspectiva.

Confírmase, polo demais, algo que xa se sabía: que Ramón Piñeiro fora o derradeiro gran cultivador do xénero epistolar no ámbito das nosas letras. Así, xa na praxe da carta ordinaria (sinxela, circunstancial, amistosa) ou da extraordinaria (de doutrina, de reflexión, de principios ou ideario), e a través dunha produción de varios milleiros de mostras epistolares, revélase o mestre indiscutible, o exemplo máis solvente de continuidade e de culto á comu-

nicación escrita cos outros (e ata consigo mesmo) que a carta, o xénero epistolar, representa. A Editorial Galaxia e o Centro Ramón Piñeiro, nese terreo epistolar e, nese empeño, desempeñaron centos de misivas piñeirás a Basilio Losada, Isidoro Millán González-Pardo, Xosé F. Filgueira Valverde, Xosé L. Pensado Tomé e algúns outros destinatarios.

Este *Ramón Piñeiro: Epistolario lugués* que agora ve a luz vai na mesma dirección, mais case sempre en sentido contrario. Trátase agora das cartas que escritores de Lugo pertencentes a distintas xeracións dirixiron a Ramón Piñeiro, amigo dalgúns (Pimentel, Fole, Celestino Fernández de la Vega, Cunqueiro, Pepe Gayoso), mestre, orientador ou apoio doutros (Marina Mayoral, Uxío Novoneyra) e canle de chegada a Galaxia ou a *Grial* de case todos e tamén puntual e actualizado informador. A algúns (Fernández de la Vega, Gayoso, Pimentel, Cunqueiro) tratounos nos seus anos lugueses e recuperou o seu contacto xa en Santiago, a partir dos anos cincuenta. Outros foron chegando co paso do tempo (Darío X. Cabana, Peregrín Otero, Eduardo Moreiras, Díaz Castro).

Esta recompilación epistolar luguesa dirixida a Ramón Piñeiro posúe dúas excepcións: as cartas do mesmo don Ramón a Marina Mayoral e a Uxío Novoneyra. Coa primeira saldamos unha débeda contraída nunha publicación anterior¹. Por certo: repárese na fermosura e lirismo da carta número 4. Razóns de interese literario e actualidade xustifican as dirixidas a Uxío Novoneyra, do que don Ramón foi editor e prologuista, como acredita a carta-prólogo que precedía a primeira edición d'*Os Eidos* (Galaxia, 1955)

¹ Trátase de *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2009. Na colaboración de Marina Mayoral figura, no remate, un apéndice onde debían aparecer as cartas que agora reproducimos.

e que aquí reproducimos a carón doutras ao mesmo destinatario moito máis breves, algunha delas intensamente emotiva.

O restante material epistolar, dirixido todo el “a Ramón Piñeiro”, foi cedido por cortesía da Fundación Penzol, que confiou no Centro Ramón Piñeiro para dalo a coñecer co rigor e respecto aos orixinais que estes textos precisan; textos que son, por decisión do mesmo destinatario deles, propiedade da Fundación Penzol. De todo o conxunto, omitimos algunhas pasaxes por conter referencias a terceiros de tipo persoal, circunstancia que advertimos co símbolo gráfico [...] sobradamente coñecido.

En materia de notas, citas e referencias a pé de páxina contamos coa intelixencia e saber do lector, que ten hoxe máis que sobradas canles bibliográficas para algunha puntual consulta de escritores ou intelectuais obxecto de alusión ou comentario nas cartas. Xa que logo, reducimos ao máximo o noso labor nese terreo, seleccionando un breve conxunto de notas ao pé breves e informativas que orienten o lector en caso de necesitalo.

Naturalmente, o interese deste conxunto epistolar depende, entre outros factores, da súa extensión. Dúas ou catro cartas non poden ser, como conxunto, moi significativas para configurar un epistolario particular ou individualizado. Baixo tal prisma, a serie de cartas de Díaz Castro, Celestino Fernández de la Vega ou Carlos Peregrín Otero posúen particular entidade. No caso de Díaz Castro, que vivía en Madrid na etapa en que escribía a Piñeiro (anos 1959 – 1979) e tiña que traballar arreo para sobrevivir, case todo xira arredor da publicación de *Nimbos*, así como da súa falta de tempo para colaborar en *Grial*. Anotemos a curiosa acentuación utilizada polo poeta, que semella facelo “de ouvido”, baseado na fonética da palabra.

Unha fonda amizade mantivo Celestino Fernández de la Vega con Piñeiro, co que colaborou en máis dunha relevante iniciativa. Estas cartas (vinte e cinco en total, datadas entre 1953 e 1979) representan os primeiros escritos de Fernández de la Vega en galego, testemuñan o seu espírito crítico (e aínda hipercrítico) e amosan a vontade de contribuír á cultura e ás letras galegas cunha obra propia, de entidade, no terreo do ensaio, ao tempo que revelan o xermolar do seu importante ensaio sobre o humor. Figuras, libros, feitos da vida cultural lucense, galega e aínda española non escapan á atención ao axuizamento deste puntual observador da realidade do seu tempo que foi Celestino Fernández de la Vega. Pola súa fondura existencial e reflexiva verdade humana cómpre a lectura das seis ou sete cartas finais do conxunto que aquí presentamos.

As cartas de Carlos Peregrín Otero constitúen, polos asuntos tratados, un pequeno epistolario lingüístico en boa parte semellante ao que Piñeiro mantivo con Xosé L. Pensado Tomé. Porén, aquí a situación do emisor é diferente (e o nivel lingüístico tamén) á do receptor; o primeiro sitúase no prestixioso ámbito da docencia e investigación que é o MIT (Instituto Tecnolóxico de Massachusetts) nos dominios do inglés e do castelán nos que se sitúan as súas traducións, mentres que Piñeiro quere levalo ao galego, ás páxinas de *Grial*. Entre achegas lingüísticas (en revistas: *Grial*, *Verba* e outras norteamericanas), traducións, publicacións de libros (en especial *Evolución y revolución en Romance*, 2 volumes, 1971 e 1976, de Carlos Peregrín Otero), intercambios e noticias da vida universitaria discorren estas páxinas que rematan no interese pola nova situación política española despois de 1975.

Se a isto engadimos as cartas escritas por Luz Pozo Garza, Paco Martín, Eduardo Moreiras ou Darío Xohán Cabana, teremos máis razóns aínda para salientar a axuda, o apoio, o alento que Ramón Piñeiro concedeu a moi-

tos escritores galegos e a importancia da súa presenza nas súas traxectorias literarias, especialmente cando estas atravesaron circunstancias difíciles ou daban os seus primeiros pasos.

Os editores.



A. Cartas de Ramón Piñeiro a:



A. Cartas de Ramón Piñeiro a:

MARINA MAYORAL

1

Compostela, 26- VI- 60

Querida amiga Mariña:

Hoxe é domingo i estou de vagar. Lembreime de che escribir a tí, porque se dan as condicións que ti sinalaches: non ter outra cousa que facer. Estate ben segura de que é así.

Polas tuas cartas vou vendo a evolución do teu ánimo e mesmo da tua mente fronte a esta nova situación en que te viches supetamente metida. Estou moi ledo. Soupeches reaicionar admirabelmente ben, con gran tino e sin perder pouco nin moito a tua peculiar sotideza espritoal. Resulta curioso que téndote adentrado tan profundamente polo camiño da inicial reaición subxetiva, moi axiña recobrades o equilibrio necesario pra xuzgar con independencia e ouxetividade a realidade dos feitos. Bótase de ver que a independencia de xucio, a capacidade de serea ouservación e valoración ouxetiva, é un dos eixos fundamentás da tua

persoalidade. Con esa base, estou seguro de que niste mes farás moi curiosas e variadas ouservaciós sobre ise apretado círculo humán que te arrodea. Podes deprender moito sobre os verdadeiros resortes psíquicos do comportamento humán –niste caso, craro está, o comportamento femenino xuvenil–, porque na convivencia comunitaria ises resortes saen continuamente á superficie.

Admíraсте tí mesma da tua capacidade comunicativa e do gran pracer que che dá o escribir e recibir cartas. Créeme que eso é moi boa cousa. A capacidade de diálogo, de comunicación, é o máis seguro indicio de boa saúde espritoal. Sería de temer o contrario, o isolamento nas reviravoltas e recantos da propia interioridade persoal. Xa se ve que a tua persoalidade non é laberíntica –nin queira Deus que o chegue a ser nunca– e tende de seu a crear unha aitiva relación comunicativa. Está visto que si algunha vez viviches ou chegas a vivir en situación de isolamento espritoal será por non teres con quen te comunicar, pro non por incapacidade pra o faceres. Eso é espléndido. Non hai outro camiño millor pra desenvolver e arrequecer ó máisimo a propia persoalidade. Un equivalente desta comunicación é a lectura. Pro o diálogo é moito máis vivo, máis fondo, máis ricaz en suxestíós i estímulo, máis formativo.

¿Así que tés maña pra facer bonecos e demais quelou-tros de tipo manual? Pois eso é moi simpático ¿Por qué as mulleres intelixentes e sensibles non han de ter a mesma habilidade –e moito máis gusto, seguro– que as mulleres vulgares pra facer cousas coas maos? Eu estou moi satisfeito de saber que un dises bonecos que fas vai ser pra min. De veras cho digo.

Escribume o Patiño¹. O home, dispois do derroche de euforia nos 15 días que pasou en Galicia, ó voltar a Madrid

¹ **Raimundo Patiño Mancebo** (A Coruña, 1936 – Madrid, 1985). Pintor, editor e poeta. Viviu en Madrid dende 1958. Membro do grupo

apachucouse. Pásalle sempre. Agora xa reaiciona de novo i está pintando con entusiasmo. Bota en falta ó Ferrín.

Créoche ben o que me dis do Tecla. Nunca aló subín. Describes tan ben a sensación que che produxo que, cando eu chegue a ir, seguro que me lembrarei do teu xuicio.

Bueno, Mariniña, unha aperta de Isabel e un saúdo moi cordial do teu amigo

Ramón Piñeiro

* * *

2

Compostela, 21- VII- 60

Srt^a Mariña Mayoral
Mondoñedo

Querida amiga Mariña:

Soupen que estiveches eiquí de volta de Cesantes. Eu tivera que ir a Madrid naquiles dias –¡qué fogaxe por aquelas ruas!– e por certo que me entrevistei co Patiño pra recoller as dúas litografías que tanto che gustaron. Trouxen as dúas e levarémolas cando pasemos por ahí camiño de

Brais Pinto. Estudou na Escola de Comercio da Coruña. Co seu amigo Xohán Casal fundou a Liga Nórdica, galeguista e antifascista. Foi tamén cofundador do grupo A Gadaña, de onde saíu a colección de Cadernos da Gadaña na que apareceron os *Poemas caligráficos* (1979) de Uxío Novoneyra. Como poeta, *Bandeiras neboentas*, escrito en 1959 e non publicado ata 1992, póstumo, é o seu único poemario: un pequeno feixe de poemas en prosa ou en verso libre.

Ribadeo, que será arredor do día 10. Figúrome que ti estarás en Foz ou noutra praia, pro deixarémolas na tua casa. Como ademáis conocemos a tua nai, todo é moi sinxelo.

En Madrid estiven varias veces cos de “Brais Pinto”. Tiñan xa impreso –moi ben editado– o libro de Cribeiro² “Acoitelado na espera” –que fora premiado en New York– e pensan envialo ós suscritores despois do vrao. Faláronme outravolta de que querían incluír na colección un libro dunha rapaza. E, naturalmente, de novo falouse de tí. Craro está que eso sería pra o curso que ven, porque agora está todo paralizado.

A descrición, tan íntima e garimosa, que fas das campás de Mondoñedo ten cáseque o valor dun poema. Ben se bota de ver que levas unha dobre vida: a da sociabilidade i a da intimidade. Esta derradeira é ahí moi rica porque che ofrece un mundo de evocacións que arrinca da mesma infancia e se desenvolve paralelo á tua propia eistencia. Ahí Mariniña asómase máis confiada e tranquiá ós seus eidos privados.

¡Qué gracia me fai imaxinarte loitando coa plancha i a camisa paterna! Sin duda que ten o seu arte unha camisa ben planchada. Polo menos teño escoitado moitas veces esa afirmación a varias mulleres, entre elas a miña nai. E tamén ten grande mérito o “arte culinario”, i en xeneral o goberno doméstico –o gabexo–. Tanto máis mérito canto máis reparemos na súa efímera duración. As amas de casa son, en verdade, unhas maravillosas i escuras heroínas de abnegación e constancia, unhas escuras Penélopes que

² **Xosé Alexandre Cribeiro Rodríguez** (Pontevedra, 1936 – 1995). Estudou cinematografía en Madrid, onde se integrou no grupo galeguista Brais Pinto. Pertencente á Xeración das Festas Minervais, militou no PCE e traballou como realizador na TVE. Ademais do poemario citado por Piñeiro, representativo da Escola da Tebra, escribiu *Doente na esperanza*, premiado en 1962 polo Centro Galego de Bos Aires e publicado en 1979 como parte de *Indo pra mais perto*.

cada día teñen que escomenzar de novo un labor –o seu labor– que no mesmo día será anulado. Ben merecen da nosa parte comprensión i estimanza. Ora, o que non creo é que unha muller que lea e goste dos Diálogos de Platón –poñamos por caso– seña incapaz de planchar con “arte” unha camisa ou presentar con arte un esquisito postre. Mais ben coido o contrario: que, si se pón a tales labores, faraias con verdadeiro arte e delicadeza ¿non si?

Onte mandeiche por correo o libro de Rof Carballo que xa me devolveu o Arcadio e que a tí che interesaba polo ensaio sobre o seductor. Gustarache todo o libro.

Unha aperta garimosa de Isabel e saúdos moi cordiales do teu bó amigo

Ramón

* * *

3

Gijón, 18- VIII- 60

Querida amiga Mariña:

Recibín a tua carta do día 13, que debeu de se cruzar con outra miña que che escribín ise mesmo día. Nela falábache do noso paso por Mondoñedo.

Vexo que desistiches de me enviar unha carta que tiñas xa escrita. Está ben, eu respeto moito esas decisións do impulso interior. Penso que, cando así o fixeches, eso era o máis comenente pra o teu ánimo, que é talmente o que eu desexo en toda ocasión.

Pra os teus bós amigos –aquiles que conocemos a riqueza e fondura da tua sensibilidade– non pode haber sorpresa cando chega unha carta tua refrexando unha íntima crisis momentánea. Sabemos que é un tributo que pagan as almas sinceiras cando se enfrentan coa vida dende unha posición espritoal moi pura, pois eso crea unha tensión emotiva permanente que ás veces sofre súpetas crisis. Mais esas crisis lévante a unha interiorización no teu mundo máis persoal, a un raro, fondo e difícil saberes de tí mesma que nos comunicarás ós demais a través da tua voz poética. Os tres poemas que incluías na tua carta son unha crara mostra. Niles falas dende unha total soedade íntima: o vento temeroso que pide unha esmola de agarimo, o triste Cristo da cruz de pau, a arela da estrela brillante que apareceu e desapareceu na noite, están sentidos dende a tua plena soedade persoal. Pro, miña xentil amiga, a esa soedade somentes se chega polo carreiro penoso da sinceridade espritoal. É o carreiro difícil, costento, da verdade. Pra camiñar por il compre valor. Pra seres vulgares non sirve. Ti camiñas por il e pagas o teu tributo de mágoa. Si tes valor e folgos pra seguires adiante, serás un dises espritos escolleitos que chegan a conocer a “verdade” que humanos poden acadar, e serás, ó mesmo tempo, un dos raros espritos que seipan espresar esa verdade.

Non penses –non temas– que a sucesión das crisis vai ser unha monótona reiteración. O seu contido anímico irá variando moito, paralelamente ó desenvolvemento da tua propia persoalidade. Hai dentro do teu ser moitos recursos que aínda non entraron en aición e que sin duda irán modificando o horizonte espritoal da tua vida ó longo do tempo. Esa arela cáseque infinita de abranguelo todo indiferenciadamente –que é un siño inequívoco de xuventude– dará paso a unha aitude seleitiva, a decididas preferencias estimativas. Agora sintes unha curiosidade universal e unha espontánea adhesión emotiva a todo. Dispois, a medida que afondes no coñecemento de tí mesma e no da

realidade, irás acoutando eidos de afinidade e, polo menos, de preferencia. Xa o verás.

Nós estaremos de volta en Castropol o luns.

Apertas de Isabel e un saúdo moi cordial do teu amigo verdadeiro

Ramón

P. D/ O que me contas de González Blasco³ é, certamente, moi significativo. Ter que vir en auto-stop por mercar libros é un feito moi honroso e case emocionante. Coido que lle terán escrito de Galaxia. Si así non for, que che entregue a tí unha lista dos libros que lle interesan e mailas suas señas en Madrid.

* * *

³ **Luís González Blasco** (Foz, Lugo, 1941). Chegado a Francia en setembro de 1968, fixo estudos de Lingüística na Universidade de París VIII de Vincennes. Con posterioridade tivo unha librería en Viveiro. Foi membro fundador da UPG, colaborou na revista *Agália* e traballou como profesor de Lingua e Literatura galegas no Instituto Xelmírez I de Santiago. Escribiu algúns artigos sobre fonoloxía galega e é partidario da solución reintegracionista da escrita. Sobre a existencia da UPG remata de escribir un libro que se publicará en edicións Laiovento. Xubilado na actualidade como profesor, dedícase á lectura de obras de temática política, lingüística e literaria.

Compostela, 11- IX- 60

Benquerida amiga Mariña:

A tua carta do dia 5 é verdadeiramente deliciosa. Lina dúas veces. A gracia, a inxel lixeireza i o purísimo entusiasmo con que falas das nereidas e as describes resulta realmente engaiolante. Ten unha encantadora realidade poética. Dende logo, despois de ter lido a tua carta eu creo na eistencia das nereidas e, como aló no fondo son tamén afervoadamente entusiasta, incluso confío en chegar a ver algunha. Polo menos sempre que me atope á beira do mar xa non poderei deixar de pensar nelas. Como algunha vez aparezan, coa descrición que ti me fixeches non se me despintarán. Tamén me lembrarei dos consellos relativos a súa intanxibilidade. Ora ¿sabes unha cousa? Eu sonche de terra adentro. O meu medio acuático é o río, non o mar. A miña “comunicación” coa natureza faise a través de outros elementos: as fragas, os prados, os agros, as serras. Cada souto, cada carballeira, cada lameiro, cada seara, cada outeiro, cada serra teñen o seu segredo. E tamén o comunican a quen o sabe escoitar. O mesmo que ocorre no mar, tamén no cosmos terrestre hai seres maravillosos. Hai moitos, pro eu coido que os que corresponden ás nereidas mariñas son as fadas. Diría que as nereidas son as fadas do mar, ou, xa que ti eres da banda mariña –ti mesma eres Mariña– direi que as fadas son as nereidas da terra. Cando queren, elas tamén se lle aparecen á xente de corazón puro e fe ardente. Gostan do misterio dos bosques e da néboa, da soedade das serras, do frescor das fontes. Xa ves como, tanto no mar como na terra, o mundo está cheo de segredos. O que ocorre é que hai xente que os escoita e xente que non os escoita.

A tua fe na vontade non é descamiñada. Trátase dunha forza verdadeiramente poderosa, inda que máis nuns que noutros, como ocorre coa intelixencia, coa sensibilidade e con todas as facultás. O que contas do paraguas é graciosísimo e fíxome rir. Con todo, o misterio que atopas no teu “fracaso” pódello descifrar si reparas en que a receptividade é moi distinta según as persoas i é variábel na mesma persoa, pois aínda sendo naturalmente receptiva –moitas nono son– non sempre está no estado de pasividade mental necesario pra “recoller” a orden. Mesmo a distancia física tamén xoga o seu papel, inda que non absoluto, como se bota de ver neste caso que lles ten chamado a atención ós que se preocupan destas cousas: un emigrante que leva anos vivindo e traballando nun país de América, un día ás cinco da tarde lémbrese súpetamente da súa nai; vinte días máis tarde recibe unha carta comunicándolle que aquíl mesmo día i aquela mesma hora a súa nai agonizaba. Sin duda, antes de morrer lembrouse do seu fillo ausente, “despediuse” dil, i o seu pensamento atravesou o Atlántico con forza dabondo pra se lle facer presente.

Tamén recibín no sobre esas respostas ó inquérito de Nina.

Apertas de Isabel e un saúdo garimoso do teu amigo certo

Ramón

Saúdos nosos ós teus.

* * *

Querida amiga Mariña:

Onte fun con un amigo a Trasalba a ver a D. Ramón Otero Pedrayo. Cando viñamos de volta lembreime de tí. Dixen pra min: ¿qué será da Mariña? O que menos podía pensar era que, pouco máis ou menos a aquelas mesmas horas, cumprías no teu Mondoñedo os 18 anos. Figúrome que sería unha data familiarmente feliz, endulzada pola tua arte culinaria, que nesta ocasión estivo inspirada ¿Non si?

Xa vexo que, no orde puramente persoal, percibes moi agudamente o significado máis profundo da data: o de ser un outeiro dende o que podes ollar ise pequeno val dos teus dezaioito anos. Ises dezaioito anos son, miña amiga, o teu patrimonio máis persoal. Son unha condensación, unha concreción singular do tempo. Xa eres dona dun pequeno pasado. Pequeno en extensión, pro rico en intensidade, en contido interno. Xa podes, dende esa altura tan aberta dos dezaioito anos, contemplar o teu pasado, esa especie de tesouro íntimo, elaborado, amasado coa sustanza da tua propia vida.

A primeira ollada prodúceche un certo arreguizo, porque percibes a esencia fuxidía do tempo. Síntelo escorregar dentro do teu mesmo ser como escorrega por entre os dedos a iauga dun regueiro. Por máis achegadas e fieles á vida, as mulleres tedes, polo xeneral, máis acuidade pra o decorrer do tempo; pro, no teu caso, esa acuidade é particularmente fina. Deprendiches moi axiña a te liberares do presente, da inmediatez temporal. Primeiro, cando aínda eras unha nena, arrecadando e ordeando queloutros pra cando señas vella; agora, cando apenas eres unha rapariga, contemplando xa os carreiros e revoltas do teu pasado.

Coa tua hipersensibilidade mesmo semella que chegas a “ver” realmente o camiñar do tempo en todos os seus ritmos: o pasiño míudo e acelerado dos segundos: o parolar dos meses; o remudar das estacións; o suceder dos anos; o escalonarse das décadas: o lento e profundo xirar dos séculos... Todo, todo iste complexo decorrer do tempo semella estar simultaneamente presente diante dos teus ollos. Por eso che produce anguria o pensar que se perda, que se derrame sin froitificar. Non sin motivo, certamente, pois é moito o que continuamente cai no abismo mouro da nada ¿Non tes reparado na inmensa cantidade de xente que se adica a “matar o tempo”? Figúrate: son asesinos do tempo, que é a forma máis necia, máis vulgar e máis triste de suicidio, porque o tempo é talmente o ámbito esencial da nosa personalidade. Pro eso nunca lles ocorre a aquelas persoas que, como a tí che sucede tan acusadamente, saben do seu valor, saben que a nosa riqueza verdadeira consiste en “encher” coa nosa propia vida esa leira de tempo que a cada un nos toca.

Faime moita gracia imaxinarde de nena coidando e preparando a felicidade da Mariña vella. Non deixa de ser un feito singular.

Por eiquí andan o Franco, o Arcadio, o Ricoy⁴, o Carro. Os tres compañeiros teus aprobaron as asignaturas que

⁴ **Jorge Ricoy Iriarte**, naceu na cidade da Coruña. Fixo os cursos comúns de Filosofía e Letras na USC e a especialidade de Románicas na Universidade Central de Madrid, licenciándose en 1964. Foi profesor Agregado de Lingua e Literatura Españolas no Instituto de E.M. de Monforte, vila na que morreu novo aínda, aos poucos anos de terse instalado nela. Poeta sen libro, pertenceu ao círculo de Miguel González Garcés. Gañou algún premio nos Xogos Florais de Betanzos. No bienio 1959–1960 aparece como colaborador da revista luguesa *Escritos*, a carón de compañeiros e amigos como Marina Mayoral, Francisco X. Carro, Arcadio López Casanova, X. L. Franco Grande e mesmo Luís J. Quintela Ferreiro, director da revista. Cando morreu traballaba nun libro sobre Valle-Inclán que non rematou.

lles quedaran en xuño. O Arcadio, ademáis, escribiu unha obra de teatro galego que enviou ó Concurso de Lugo (presentáronse seis obras de teatro), o Ricoy escribiu uns contos en galego i o Carro, máis arriscado, publicou un libro de versos en castelán.

Moitos saúdos nosos ós teus, apertas de Isabel e un saúdo moi cordial do teu amigo certo

Ramón

* * *

Nota de edición:
De Piñeiro a Novoneyra

Parecen pouca colleita as misivas que lle mandou Ramón Piñeiro, unhas quince, entre cartas propiamente ditas e tarxetas postais (cinco ou seis). Polo que fai a Novoneyra, na Fundación Penzol non hai constancia de ningunha. Da lectura desta correspondencia sabemos pouco máis: un billete remitido a Piñeiro para que este lle fixera chegar á directiva de “O Galo” en cuxos arquivos non aparece; un telegrama onde Uxío lle comunica a morte da súa nai. Como apéndice incorporamos unha carta mínima, escrita no reverso da páxina que contén a “Elexía a Luís Seoane”. A comunicación non a puxo no correo pois temos o orixinal: chegou, en cambio, o poema, e apareceu a tempo de figurar no tomo de homenaxe que *Grial* lle dedicou ao pintor. Algunhas deben de estar perdidas ou desaparecidas. Chega con saber que a famosa carta-prólogo a *Os Eidos* non a puidemos ler manuscrita, senón nas galeradas, corrixidas polo poeta. Volveremos sobre esta última (e primeira).

O epistolario comeza arredor do día de san Vitorio, 27 de agosto do 1953, en Láncara, e remata en Compostela nos primeiros días de xaneiro do 1982: case trinta anos de relación escrita, por veces entrañablemente lírica, sempre amigable, aínda que diluída ao final, polo feito —entre outros— de que Novoneyra viñera vivir a Compostela no 1983.

As cartas de Piñeiro son aleccionadoras, instigadoras: afagadoras ata ese punto e don que o mentor quería ter de guieiro, de vocador. Aquel, tan seu, de ir situando a cada un no camiño máis propio, por máis que fora (non vén ao caso) descamiñado. Don Ramón fixo moito polo poeta: incitador animoso e case que teimoso, lector e espallador daqueles poemas inda ben non rematados. Foi prologuista e editor que enviou ducias de exemplares de *Os Eidos* a destinatarios privilexiados. De aí a recepción crítica que

o libro tivo. Piñeiro creu desde o principio no talento poético de Novoneyra. Agasallou ese don, mimouno para que, afondando, esa creación se fora parecendo a si mesma, tal que “se reflexe algún día no gran poema da Saudade que aínda botamos de menos nas letras galegas”.

Novoneyra sentiuse protexido polo prólogo e pola fasquía filosófica na que o poeta se axougou: aquela visión idealizadora, telúrica, metafísica, óptica, irracionalista e outras penurias dialécticas que casaban –ao parecer– co cerne consubstancial e coa visión do mundo do poeta, cuxa transposición artística, por sublimación, eran *Os Eidos*. Sen esa protección, o poeta tería saído moito antes do seu primeiro libro.

Na altura de hoxe non podemos concordar coa lectura de Piñeiro, netamente idealista, máis filosófica que poética (malia que se queiran emparellar), lectura que non se corresponde con ningunha hermenéutica textual, con ningunha gramática, a non ser que tratemos o texto como pretexto, como tantas veces. Non estaría de máis saber que, no epistolario, dun poeta de *curso longo* non aparece ningún outro xuízo de valor, nin sequera de versos escritos ao tempo, pero doutro tempero. Nada que non teña que ver co primeiro poemario parece non ser do interese de don Ramón. Como se en Novoneyra non houbera outros poetas e outros poemas “e máis palabra, de varia forma e vario tempo”. Non entendendo que Novoneyra converte a súa diacronía, a súa traxectoria poética en sincronía, tal nos poetas máis grandes: un e diverso. Á procura teimosa do *libro total*, único, que pretende a obra completa.

A carta-prólogo apreixa un diálogo renacentista, tamén *promenade*, a prol dos versos inéditos dun poeta mozo que aínda non se chamaba Uxío (a nominación que tan ben lle acae é de Ánxel Fole en días posteriores), nin Novoneyra [amalgama dos apelidos coa presenza do “y” grego que o poeta tomou de antiga tradición escrituraria e notarial en

documentos de familia. Nótese a relutancia de Piñeiro a escribir Novoneyra (aínda que fose como *nom de plume*) en ningunha das cartas agás nas mencións, tres, que veñen no prólogo que foron corrixidas, en galeradas, pola man do courelao].

Tampouco o libro se chamaba (naquel orixinal) como logo se chamou; acaso o que Piñeiro lle leu aos seus acompañantes (Blanquita e Fermín Penzol e Isabel López, a súa muller), en Castropol, fora *Terras altas* (que don Ramón Otero levaba no peto e que degustou no “Castromil” entre Compostela e Ourense. O mesmo orixinal tivo nas mans Celestino F. de la Vega –carta a Piñeiro dende Lugo do 11-V-53–: “estos días está entre nosotros Novoneyra. He leído su libro “Terras altas”, coincido plenamente con tus juicios: es magnífico por su sencillez y sinceridad”. Por fin: “publicado o 15 de Santamaría do 1955, o 15 de Santiago o Novoneyra (que escribe de si en terceira persoa) recibe a primeira copia o día de Santiago ó tempo que unha reconvencción pola parte dos responsables (supomos que Viñas Cortegoso) técnicos da edición pola serie de correccións e de novos poemas incluídos, o que levou a estropear varias planchas nas sucesivas probas. Era no Café Derby e Carlos Maside salíu na súa defensa: «Vós non sabíades que estabades fritindo un peixe vivo...» [Coñecidos son os problemas de Novoneyra cos orixinais (vx. carta 2) e coas probas de imprenta que poden ser, fórono, desesperantes para os editores].

O prólogo de *Os Eidos* é a máis substantiva das cartas, coa súa desmesura para ser carta misiva, non como preámbulo e manifesto poético, se se quere. Son moi fermosas as cartas 11 e 13 coas condolencias polo pasamento do pai e da nai, modélicas no xénero. (Piñeiro e Isabel pasaron uns días no Courel, na casa grande de Parada, onde coñeceron, no verán do 55, aos pais do poeta).

Non hai ano sen que Piñeiro non felicite polo Nadal a toda a familia, sempre cunha participación de lotería. (Tan lector de Unamuno, Piñeiro sabía da teima do reitor de Salamanca: “cinco duros, una vez al año”). Tampouco hai ano no que Piñeiro non lle escriba a Novoneyra cadansúa tarxeta postal dende o Middlebury College de Vermont, USA (1966-1970, no período en que dirixiu o *College* Emilio González López). Nunha delas establece a comparanza con Robert Frost e o poeta do Courel, ben vista. Noutra (carta 10): “Tiña o compromiso de dar alí (en Lisboa) dúas conferencias e, (...) alá fomos Isabel e máis eu. O primeiro día aparecéronme na conferencia a irmá e unha sobriña de Teixeira de Pascoaes. A sobriña díxome que viñeran a Lisboa adrede para asistir á conferencia “porque o seu tío, nos derradeiros meses antes de morrer, tíñalles falado varias veces de min amostrándolles o “siñificado metafísico da Saudade”. Confésoche que me emocionou saber que o Teixeira de Pascoaes tiña esa estima polo meu primeiro traballo filosófico”. (...) “Nós iremos iste vrao a América de novo. Pra min foi un descubrimento moi emocionante o “eros docente”. Resulta que o ensino prodúcese un placer espritoal extraordinario. Teño unha gran facilidade para crear unha corrente de comunicación inteleitual cos alumnos dos meus cursos”. Algo desta experiencia cóntasenos na “Carta a Marcia Andersen” que o de Lánacara acabaría publicando en *Olladas no futuro*⁵.

Boa mágoa que o *mozo grande*, xa daquela, non fose máis dado a cartearse cos amigos.

Iris e Luís Cochón

⁵ Vigo: Galaxia, 1974, pp. 189- 211.

II

UXÍO NOVONEYRA

1

I

Querido Novoneyra:

Desde que te deixei en Compostela vai para un mes, hastra onte non dei chegado á miña terra luguesa de Láncara. Craro que non fixemos o viaxe polo camiño máis corto, pois de Santiago marchámonos, como sabes, dreitos a Xixón, onde botamos algo máis de unha semán, e dende alí demos volta pra Galicia pola liña de Luarca; mais tampouco fixemos o viaxe seguido hastra Lugo, porque en Castropol estábamos agardando Fermín e máis Blanquita Penzol e demoramos uns días con iles. Alí en Castropol tiven vagar e sosego pra ler varias veces os versos de OS EIDOS. Naquíl ambiente de acougo, pleno de esencias galegas, aquecíame lelos unha i outra vez. Algunhas mañás, dispois de contempláremos a fermosa perspectiva da ría dende a fiestra do comedor, líamos os catro xuntos ises teus poemas, que nos deixaban no espírito unha impresión tan pura e levián como a que nos deixaba na pel a brisiña lixeira que viña do mar.

Como é natural, falamos moito diles, ben for alí mesmo, acarón da fiestra, ben na horta, debaixo da meirande avelaira que nunca teño visto, grande coma unha faia da Devesa de Rugeira, ou ben pola estrada de Asturias cando aló ás tardiñas ibamos camiñando pouco a pouco cara

San Roque. Foi nistas leituras e conversas cando máis fondamente me cheguei a familiarizar co teu libro. Hoxe non quixera facer outra cousa que resumirche as impresións e xuícios de aqueles días tan gratos que alí pasamos e nos que, en certa maneira, tamén estiveches tí presente sin o saberes.

II

Como ás veces ó falar da poesía falábase tamén do poeta, conteilles canto sabía das circunstancias que foran xermolando o libro dentro do teu espírito, pois eu coído que OS EIDOS foi a manifestación poética de unha das tuas grandes experiencias persoás, unha disas grandes experiencias ou descubrimentos que sinalan o curso de toda evolución espíritoal e veñen a ser como os rasgos fundamentás da súa fisonomía. Tratei de lles facer patente a liña evolutiva do teu espírito tal como eu a chegara a ver a través do noso trato amistoso. Decíalles que os dous cabos disa liña víaos eu representados en dous intres: o da túa chegada a Compostela, fai pouco máis dun ano, i o da túa despedida dila, está pra facer un mes. Cando chegaches con Manuel María, procedentes os dous de Parga, viñas, por fora, coa cabeza crouquela, co carís curtido e máis con unha rexa e cáseque runfante confianza en tí mesmo, sin duda froito da mocidade e máis dos trunfos de poeta-rapsoda. Fai un mes, en cambio, quedabas alí coa licencia de soldado no peto e con fondas e sotís emociós no peito. Conocíaseche naquíl andares soio e calado polas rúas e prazas, mesmo coma si todo, o que se ve i o que non se ve, causárache respecto profundo e tiveras que te arreconchegar na túa propia intimidade. Entre a data de chegada e a de ista como atariñante despedida, pasou un ano. Un ano intenso e decisivo na túa vida espíritoal, pois trasformouche a personalidade arrequecéndoa cara dentro, cara as súas raíces máis acubilladas e múrneas. Un ano no

que tamén se poderían sinalar catro estacións, que teríamos que desinñar con estes nomes: Compostela, A Cruña, Caurel e Hospital Militar de Lugo...

III

A Compostela chegaches moi afincado en tí mesmo, ou quizais na proieición ideal de tí mesmo, e semallabas unha especie de solitario arrogante. Un solitario xebrado emocionalmente do mundo e dos homes e moi satisfeito coa lucidía dureza diamantina do seu esprito. Cando falabas, referíaste teimosamente “ás cousas”, ás que tí atribuías un posto superior ó do home na escala dos seres, talmente coma si estiveran situadas nun punto intermedio entre o home e máis Deus. Arelabas, perseguías poéticamente isa liña de perfeición. Querías que a túa poesía fose a “voz das cousas”; mais si “as cousas” eran realidás supra-humás, o que verdadeiramente querías era unha poesía supra-humá. No fondo, a perfeición que lles conferías “ás cousas” non era máis que unha proieición ideal de tí mesmo. O que chamabas “as cousas” non eran senón símbolos da túa auto-ouxetivación ideal; eran como un castelo no que estiveras choído sin dispoñer máis que de un único e lonxano horizonte celeste no que soio se albiscaran os reflexos da túa propia imaxinación. Así, isolado do mundo e dos homes, foi como chegaches. Pro en Compostela batiches con unha realidade viva, humá, que había de abalar a túa sensibilidade: o sentimento de identificación espritoal coa Terra. Foi a aparición dun novo mundo fora do teu castelo ideal, mesmo coma si diante de tí abrírase un horizonte distinto daquíl horizonte celeste que soio che ofrecía o reflexo lonxano da túa propia imaxinación. Un novo horizonte no que aparecían outros homes, unidos e movidos por un sentimento común de identificación coa Terra e formando todos, homes e Terra, un mundo espritoal complexo e dinámico.

IV

Un día marchácheste de Compostela para A Cruña, onde, a favor do acougo físico de hospitalizado e da case imperceitíbele estraneza que ten a vida pra un montañés levado acarón do mar, as esperiencias compostelás foron arraizando mainamente no teu interior. E foron, ademáis, anovadas poéticamente, ó tomares alí contacto con Rosalía e con Pondal. O que en Compostela fora realidade ouservada, na Cruña atopáchelo confirmado como realidade poética. Confirmación decisiva pra quen naceu poeta e soio poéticamente pode comprender a realidade.

Descoberta xa a identificación espritoal do home coa Terra, primeiro en Compostela como realidade viva ouxetiva, despois na Cruña como ouxetiva realidade poética, ó achegáreste outravolta ó Caurel tiñas que sentir unha nova, fonda e vivificante esperiencia: o sentimento da túa propia identificación coa Terra. E así foi. Namáis chegares aló levado polo primeiro permiso militar, comenzaches a vivir unha crisis espritoal, unha verdadeira crisis de crecemento espritoal con turbadora frebe emotiva. Percibiches, por primeira vez, unha misteriosa, profunda i estremecente sensibilización de canto pisabas cos teus pés, de canto abranguías cos teus ollos, de canto tocabas coas túas maos, de canto escoitabas acaronciño ou lonxe de tí... Todo tiña voz, unha limpa e queda voz interior que se trasfundía na totalidade do teu ser arreguizado. Alí mesmo onde tantas e tantas veces tíñaste sentido arrodado do indiferente mutismo de todo, agora escoitabas infinitas voces craras e distintas, talmente coma si se tratase de un inmenso clamor confidencial, ou de un máxico himno cósmico, grandioso e sinxelo, no que cada cousa falaba coa voz eterna e inmutábele da súa misteriosa verdade esencial. Así foi a túa identificación sentimental coa Terra, froito, máis que nada, de un contacto auditivo, de un escoitar a súa oculta

voz. A sensibilidade auditiva e non a visual foi a que atravesou perceptivamente as paredes do castelo ideal en que estiveras anteriormente preso e te levou ó conqurimento de un mundo novo no que o Caurel convertíuse nunha parte sensíbele do teu propio ser. E naceron OS EIDOS...

V

Quedábache aínda a etapa final, e estación derradeira diste ano decisivo, e con ıla un novo descubrimento que faceres: a túa propia intimidade sentimental. Unha doenza aguda levárate ó Hospital Militar de Lugo. As mágoas da doenza e maila indiferente estraneza de aquíl mundo alleo, obrigábante a vivires en permanente e xabreira soedade. Unha soedade longa, longa, na que todo iba ausentándose, hastra as lembranzas. Pouco a pouco fúcheste quedando aconchegado dentro de tí mesmo, arredado da realidade exterior, sin máis achego que a quentura da propia intimidade sentimental. Chegaches, sin te poderes decatar, ós lindeiros mesmos da saudade. Viviches a túa soedade radical, a soedade singular que aniña no fondo de cada ser humán. E abríuse pra tí un novo horizonte, distinto dos dous anteriores: a túa intimidade sentimental, o centro mesmo do teu propio ser.

Veleiquí, meu querido amigo, como eu vin a túa evolución espritoal dende que a nosa amizade comenzou. Nila aparecen tres dimensións distintas da túa personalidade, que sin duda permanecerán no decorrer da vida inda que alternen a súa primacía conforme ás peripecias do teu existir. A primeira, a única que se percibía cando chegaches a Compostela, era a da afirmación voluntariosa do teu “ego”, que auto-ouxetivabas idealmente nunha cobiza un tanto unamunesca de o faceres absoluto. A segunda, que se comenzou en Compostela, madureceu e afirmouse na Cruña e froitificou no Caurel, foi un saíres do teu “ego”

pra entrases en contaito emocional cos homes e co mundo e, a través diles, coa Terra. A terceira, que se produxo en Lugo, foi un quedáreste soio no teu propio interior, un entrar en contaito coa propia intimidade sentimental pola vía da soedade, do asolagamento pasivo dentro de sí. A primeira refrexouse poéticamente no teu libro “Desde las Cosas”; a segunda, neste libro OS EIDOS, que teño diante; a terceira, non o sabemos... Quizáis se refrexe algún día no gran poema da Saudade que aínda botamos de menos nas letras galegas.

Eiquí tés, en resumen, a presentación do autor de OS EIDOS que lles eu fixen en Castropol. Resumireiche agora o que entre todos falamos do libro.

VI

Os poetas, xa se sabe son fillos do seu tempo e da súa terra. Nuns casos máis fillos do tempo e noutros máis fillos da terra. Ista poesía é filla da súa terra. Pura e sinxela como a terra mesma de que naceu, como as uces, coma os encinos, coma os primarrochos... É unha poesía sin época, unha poesía carente de condicionamento histórico. A súa ouxetividade ahistórica nace da esencial identificación coa terra mesma.

O ritmo da vida nas terras do Caurel obedece á lenta reiteración do suceder cósmico. O Abril, o Outono, a Nebra, o Vento, a Chuvia, as Ametencias, as Nabaregas... son sempre as mesmas. O mesmo son agora que fai mil anos. Dentro de mil anos serán igual que agora. Non dependen da historia; non dependen pra nada do dramatismo humano. Están ahí, diante dos homes. Estiveron sempre ahí. Estarán sempre. A vida dos caurelaus está sometida ó seu decorrer reiterante. O poeta, xurdindo disa mesma vida, describenolas. A descrición que nos fai de cada unha, de puro esencial, é cáseque unha “definición” poética.

VII

A vida do Caurel, neste libro de versos fíxose voz poética, fíxose realidade comunicativa. Entrou no mundo da cultura, comenzou a vivir na historia. Nos comenzos da historia está a poesía. Toda gran historia debe comenar con un gran poema. O Caurel, que pasou miles e miles de anos en silencio, agora comenzou a ter voz, comenzou a se sentir redimido do seu longo e frío mutismo xeolóxico pola gracia da palabra poética. Deica agora formaba parte da unidade xeolóxica e xeográfica de Galicia; dende agora entra a formar parte da súa unidade histórico-cultural. Na configuración histórico-cultural de Galicia acaba de cobrar presenza un novo e valioso elemento, que se nos revela na pureza esencial de uns versos inxeles. O espertar do Caurel tiña que ser así: espontáneo, sinxelo, elemental. Non esperta de un soño secular, perdido no pasado histórico, porque o Caurel non ten pasado “histórico”. O seu pasado é anónimo, escuro, ahistórico, milenariamente profundo. Por iso o seu espertar é inxénuo, sinxelo, elemental. Non esperta invocando mitos, lendas, héroes ou grorias pasadas. O seu espertar é mesmo coma un romper a falar inicial, é o gozo estremecido de “nomear” as cousas. O seu mesmo nome –o nome do Caurel– non garda en sí ningún eco de resoanza histórica nin alude a héroes lexendarios. Alude somentes á dirección de un vento.

VIII

¿Por qué non imaxinármonos un espertar poético de todas as demais terras galegas? O mesmo que o Caurel, a Terra Chá, e Lemos, e Melide, e A Peroxa, e Deza, e Fisterra, e Monterrei, e A Limia, e todas as demais. O día que cheguemos a ter un Cancioeiro poético no que se recolla e se refrexe a voz de todas as terras galegas coma en OS EI-

DOS se refrexa a do Caurel, daquela contaremos co gran Poema da Galicia, con isa especie de epepeia co leitiva na que todos os pobos refrexa o seu ser. Porque Galicia, que ten grandes poetas, non ten aínda o seu gran Poema. E o gran Poema de Galicia non poderá ter realidade senón refrexa a voz da Terra. Na vida da cultura galega, a Terra é un elemento aitivo i esencial. A nosa realidade cultural ven a ser a integración do humán e mailo telúrico, cualidade peculiarísima da nosa cultura, quizáis a máis difícil de comprender pra os alleos. Sin a base telúrica, a nosa espresión puramente humán é parcial, incompleta, sometida a perene vaguedade... Cando a escura e podente presenza da Terra acade transparencia verbal, o espírito galego terá descuberto a base, o sustrato fundamental no que as súas raíces afincan. Perderá a vaguedade atoutiñante do que se move no ignoto, no escuro e impalpábele. Porque a cultura galega nace da peculiar situación espritoal do home galego, que non é, como na maoría dos casos, o froito, o refrexo da intensa e integral relación do home cos outros homes. Eiquí a situación radical do home non consiste fundamentalmente na súa relación cos outros homes, senón na relación coa Terra; consiste na súa relación coa “vida cósmica” máis que na súa relación coa “vida social”.

IX

No decorrer da nosa cultura aítuan dous elementos fundamentás: o elemento histórico, que ten un dinamismo de ritmo mudadizo, e máis o elemento cósmico (a Terra), que é permanente e ten un dinamismo de ritmo lento e reiterante. A evolución da nosa poesía arrinca da asimilación de correntes culturais históricas (de unha época), e camiña cara o descubremento da Terra. Parte do elemento mudábele pra se achegar ó elemento permanente. A súa

maturidade plena producírase cando teña desenvolto istas tres etapas:

I. O espertar inicial baixo o eco de unha corrente cultural histórica, etapa que antre nós comenzou co Romantismo, de certo por se tratar de unha corrente espritoal afin á nosa propia sensibilidade.

II. O descubrir a realidade cósmica, a Terra, o elemento básico permanente, tendencia que xa dende os comezos se fixo presente na nosa poesía.

III. A síntesis, a integración do elemento cultural “histórico” co elemento “cósmico”. Ou seña: a entrada da Terra na historia.

X

Iste libro OS EIDOS marca o gran comenzo da segunda etapa, porque nil preséntasenos por primeira vez isa dirección poética seguida de maneira crara e conscente. Noutros poetas anteriores –Rosalía, Pondal, Noriega– móstrase xa ista tendencia, mais en poemas isolados e sin a conscente craridade que envolve iste libro. Pondal, por exemplo, era home dotado pra iste descubremento. Algúns dos seus poemas responden a ista elementalidade sinxela e case impersoal. Con todo, preferíu abertamente envolver o seu mundo “bergantiñán” nunha atmósfera histórico-lexendaria creada por íl mesmo. Non o tomou tal e como é na súa cósmica espontaneidade, senón que lle impuxo o rexo calco da súa propia personalidade espritoal. En lugar de ser a voz poética de Bergantiños, Bergantiños foi o achaque pra il crear un mundo poético persoal. O que nos ofrece é un Bergantiños “pondalián”. Exercendo un señorío poético sin límites, Pondal traslada Bergantiños a un tempo histórico “imaxinario”. Fai que un tesouro de lembranzas históricas –céltigas– apareza acochado nos rastros toponímicos

de Bergantiños. Vai resucitando isas lembranzas con soio debullar os segredos de cada nome. Coma un deus solitario, transforma os nomes en seres animados, en pobos, en espritos máxicos. Recollendo os nomes perdidos, nomes escuros coma pedras dos camiños, sábelles infundir alento e brillo espritoal, talmente coma si fosen antergas moedas soterradas nas que íl soupera ler vellas historias heroicas. Sábeos transformar nun universo persoal cheo de sentido interno e dotado, incluso, de forza trascendente (poética) de un mundo histórico verdadeiro. Con forza de xigante crea un universo persoal. Mais, ó cabo, iste universo “será sempre persoal”.

XI

Cousa distinta ocorre co libro de Novoneyra. Por se tratar de poesía da Terra e non de poesía do tempo –presente ou pasado, real ou imaxinario–, é unha poesía pouco “persoal”. Mais ben é poesía “de todos”. Trátase de unha poesía que refrexa unha zona anterior á individualización persoal: a zona do ser e mailo decorrer da vida cósmica na súa inserción coa vida humá. De ahí a súa elementalidade. De ahí a súa forzosa e difícil sinxeleza. Ningún poeta, por culto e requintado que o seu espírito for, podería descubrir ista sotíl zona poética de non estar fundamente arraizado na realidade cósmica que lle sirve de base espresiva. No libro OS EIDOS espresase poeticamente a experiencia máis radical e permanente do espírito galego en canto realidade colectiva: a súa integración na vida cósmica. Esperiencia de vixencia inmutábele durante centos e centos de anos. Iste libro houbéranos comprendido plenamente, como cousa propia, os caurelaus de fai mil anos. Como cousa propia comprenderanos, tamén plenamente, os caurelaus de dentro de mil ou de dous mil anos. E ó decir caurelaus, podemos dicir todolos galegos que teñan vivido ista experien-

cia, pois quen non a tiver vivido como realidade formativa do propio ser individual, nunca poderá comprender de todo a verdade esencial da realidade galega.

XII

Das tres dimencións [sic] espritoás que tiñamos percibido en Novoneyra, a poesía de OS EIDOS sinala o comezo do seu contacto íntimo e conscente coa Terra. Nista dimensión, o mesmo que nas outras dúas, a súa vitalidade poética, aínda en plena mocidade, ten que lle ofrecer moitos froitos celmosos á nosa lírica. Dentro da evolución xeral da poesía galega, OS EIDOS tamén sinala o inicio craro e conscente do que poderíamos chamar “a poesía con voz da Terra”. Hai, dende logo, antecedentes isolados nuns e outros poetas anteriores. Con todo, en ningún hai, has tra Novoneyra, unha vontade conscente de anulación do “persoal” en favor do “cósmico”, unha fidelidade tan total ó que a Terra é en sí. Sinala espléndidamente unha liña de pasibilidás ilimitadas para a nosa poesía. Sinala, incruzo, o camiño que nos levará algún día a acadar a creación do gran Poema de Galicia, ise gran Poema de fondo máis ben impersoal que todos os pobos saben crear nalgún intre do seu paso polo tempo.

Pouco máis ou menos, tales foron os comentarios e xucios que os teus versos nos foron espertando naquelas leituras e conversas en Castropol. Falamos, craro está, de máis cousas, por exemplo do seu purísimo tesouro idiomático, e detivémonos, ás veces, a reparar nisas dúceas de palabras de cerne antigo, afeitadas a andar entre as uces i entre as faias, a camiñar por carreiros e carrouzas, e que no teu libro acadan brillo e quentura coma se fosen estrelas vivas.

Non quero engadirche novas impresións ás que de aló traio. Eiquí inda non tiven vagar senón pra lembrar o que

che levo dito. Chegamos onte, e hoxe hai bastante rebulicio no lugar. Andan todos, ledos e lixeiros, a preparar a romaría do San Vitorio.

Láncara, agosto do 1953.

Ramón Piñeiro

* * *

2

Compostela, 4- VII- 55

Querido poeta:

Recibín carta de Vigo comunicándome que non recibiron os orixinás correxidos de “Os Eidos”. Como ti prometérasme en Lugo envialos de contado, temo que che ocorrise algún contratempo, inda que confío en que non fose tan grave como o que motivou a tua derradeira visita a Lugo. Agradecereiche moi vivamente que non demores o envío. Si así o fas, darasme unha gran alegría.

Mándoche istes dous fermosos artigos publicados no “Faro”, un do Cunqueiro e outro do Fole. Os dous son moi bonitos. Fole tamén publicou outro na “Noche” comentando o “Advento” de Manuel María.

Xa estamos no mes do Apóstolo ¿qué plans tés?

Hoxe iremos de novo a Padrón, a Iria e máis a Arretén con unha profesora inglesa que veu a Galicia somentes pra conocer o ambiente rosalián, pois está traducindo ó inglés, con destino ós universitarios, os versos de Rosalía e quer facer un prólogo longo no que presentará a Rosalía no seu ambiente propio.

Fai catro días recibín tamén o texto de un libro de versos de José L. Franco Grande, un rapaz de 18 anos. Titúlase “Brétemas do Vieiro” i-está realmente ben. Como vés, detrás de vós xa veñen outros rapaces.

Moitos saúdos de Isabel e unha gran aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

* * *

3

Compostela, 17- XII- 60

Querido Novoneira:

Maxínome que estaredes arrodeados de neve, combatindo a friaxe con bós cepos de carballos e preparándovos pra o gran sacrificio porcino ó deus Inverno. De vez en cando sentiredes falar de que baixou algún lobo da serra. Sin duda, ise é un mundo rexo e verdadeiro. Dende iste bosque de pedra que é Compostela, lembrámonos moitas veces do Caurel.

Nistes días en que todos tentamos algo á sorte, quere-mos mandarlle ós teus pais, tan hospitalarios e xenerosos, unha participación no número que nós tamén xogamos. Si toca, xuntarémonos pra o celebrar ¿non sí?

Moitos saúdos nosos pra todos e pra tí unha forte aperta do teu amigo

Ramón

* * *

Compostela, 20- IV- 61

Querido Novoneira:

Acabo de vir do sanatorio. Xa está operada a Elisa. Todo resultou ben. Ela comenza agora a despertar da anestesia. Tiña a vesícula inflamadísima, mesmo a punto de reventar, con **catorce** pedras grandes e moitas máis pequeniñas. Tiña tamén moito pus, polo que estaba correndo un grave peligro. O Juan quixo presenciar a operación para comprobar a certeza do diagnóstico. Quedou fortemente impresionado cando viu cos seus ollos como estaba a vesícula. Agora está moi contento de que se operase, pois convenceuse de que, de nono facer axiña, estaba nun gravísimo peligro. Comprobou que o diagnóstico era esautísimo.

Elisa estivo bastante serena desde que chegou. Hoxe á mediodía púxose unha miga nerviosa –cousa ben natural– pero moi decidida e moi disposta prá operación. Semella que, instintivamente, ela presentía a urxencia de facela.

Estade completamente tranquilos. Ela estará moi ben atendida e todo irá ben. Volverá ó Caurel nova e máis animada que nunca.

Xa che irei escribindo coas novidades de cada día. Non teñades mágoa. Agora é cousa de poucos días.

Moitos saúdos nosos ós teus pais.

Pra tí unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

Onte conoceron a D. Ramón Otero Pedrayo, que estaba eiquí. Elisa quedou encantada dil.

* * *

5

[Tarxeta postal da “Montagne Sainte-Victoire” de
Cézanne, dirixida a Novoneira do Caurel]

Feliz Nadal, ledo Aninovo e que o 63 veña con ánimo cordial

Apertas nosas pra todos

Isabel Ramón

Compostela, 19-XII-62

* * *

6

[Tarxeta postal co Middlebury College de Vermont
No cruño postal: 8- VII- 1966
Dirixida ó Sr. D. Uxío Novoneira]

Querido Uxío:

Eiquí estou nunha terra de montes, de bosques, de prados e de vacas que se asemella bastante ás terras lugue-sas.

O gran poeta destas terras –un dos grandes poetas de América– é Robert Frost⁶. O outro día estiven na aldea onde il vivía, e se conserva a súa casa, e lembreime de ti.

⁶ **Robert Lee Frost** (San Francisco, 1874 – Boston, 1963) Poeta norteamericano que viviu en Nova Inglaterra e cantou aquela terra nos seus poemas. Estudou na universidade de Harvard e viviu en Gran Bretaña pobrementemente. Poeta da terra, cultivou os temas de Horacio

Lembranzas ós teus. Apertas

Ramón

* * *

7

[Tarxeta postal co Middlebury College de Vermont]

12- VII- 67

Querido Novoneira:

Pra que vexas que tamén neva por estas terras escollín esta postal invernal pra che mandar. Agora, en cambio, súdase coa calor.

Trouxen dous exemplares das “Elexías do Caurel”, que regalei a dous profesores galegos que están eiquí.

Saudos nosos a toda a familia. Pra ti unha aperta de

R. Piñeiro

* * *

cunha expresividade sinxela e coloquial. Dos seus poemarios citamos, *A boy's will* (1913), *North of Boston* (1914), *Mountain interval* (1916), *New Hampshire* (1923), *A witness tree* (1942), ou a peza teatral *A masque of reason* (1945). Compárese “As bidueiras” (Poemario e poema) de Frost con algúns de Novoneyra cando cae a neve no Courel: “Cando vexo as bidueiras dobradas/ entre unha ringleira de árbores máis escuras e dereitas/ compráceme crer que un neno estivo a abalalas./ Mais non quedan dobradas polo abaleo/ Dobréganas as xeadas. Terías que velas/ co seu atafego de xeo nas mañás de inverno,/ trala choiva. Estouran chocando entre elas/ ao alzarse a brisa; póñense de tódalas cores/ cando rompe e se escachiza o esmalte./ Pronto a calor do sol vai derramando os cristais/ que espalla a avalancha sobre a neve.”

8

[Lugar ilexible, Data 12- VII- 69
Tarxeta postal con paisaxe de Vermont: The Old Mill
at Jericho]

Querido Novoneira:

Estamos na Nova Inglaterra, moi perto do Canadá. Por eiquí hai moitos prados, moitas carballeiras, moitos regueiros, ríos e lagos, moitas vacas e, tamén, ás veces, vellos muiños semellantes ós nosos. Mandámosche un en imaxe. Podería estar no camiño de Parada a Moreda ¿non sí?

Lembranzas garimosas a toda a familia

Apertas

Piñeiro

* * *

15- XII- 69

Querida familia:

Ó longo do ano vai habendo sazóns pra varias cousas: pra lle armar trapelas ó raposo, amigo de papar galiñas; pra lle armar panterlas ós paxaros; pra lle armar nasas ás truitas; pra lle armar ás anguías, cando hai ametencia. Agora estamos na sazón de lle armar á lotería. Compro según o rito, por si a sorte está de boas pra nós nesta ocasión.

Mandámoslles esa cativa participación por si tal cousa ocorre. Nise caso, celebrarémolo xuntos.

Lembranzas nosas pra toda a familia.

Ramón Piñeiro

Eu levo un mes loitando coa gripe, que me amolou abondo. A última andromenada que me trouxo foi unha flebitis. Menos mal que agora xa vou mellor e coido que será cousa de pouco.

* * *

Compostela, 16- V- 70

Querido Uxío:

Onte recibín a tua carta e onte mesmo fixen a xestión cos rapaces de O Galo⁷. Entregueilles a tua tarxeta e espriqueilles o que ocorrira con ela. De paso informeinos das razóns polas que non te podes ausentar de Parada. En realidade, eu mesmo os animara a que te trouxeran e eu mesmo lles dei as tuas señas. A idea partiu diles, pro, cando me dixeron que pensarán na posibilidade de te convidar pra un recital o día 17 de maio, eu animeinos, en parte porque me parecía unha boa ocasión de nos véremos. Ao non teren resposta túa pensarón en Manuel María, pro coido que non poderán facer nada porque aínda non lles chegou o permiso.

Lembrámonos moito dos teus pais. Eu perdín os meus hai agora un ano. Nun mes fóronseme os dous. Eran xa velliños, craro, pero fóranse conservando bastante ben hasta os derradeiros meses.

Sí, fun a Lisboa a mediados de Xaneiro. Tiña o compromiso de dar alí dúas conferencias e, aínda con unha perna vendada por mor de unha flebitis que me produciu a mesma gripe, alá fomos Isabel e máis eu. O primeiro día aparecéronme na conferencia a irmá e unha sobriña de Teixeira de Pascoaes⁸. A sobriña díxome que viñeran

⁷ Si queres escribir aos de O Galo, pódéslle escribir ao presidente. Chámase Oscar Fernández Refojo. –Rúa do Villar, 57. Santiago. [Nota autógrafa e numerada no lateral esquerdo da misiva]

⁸ **Teixeira de Pascoaes**, pseudónimo de **Joaquim Pereira Teixeira de Vasconcelos** (Amarante, 1877 – Gatão, 1952). Poeta e escritor

de Lisboa adrede pra asistir á conferencia “porque o seu tío, nos derradeiros meses antes de morrer, tíñalles falado varias veces de min amostrándolles o “Siñificado metafísico da Saudade”⁹. Confésoche que me emocionou saber que o Teixeira de Pascoaes tiña esa estima polo meu primeiro traballo filosófico.

Alí en Lisboa –demoramos unha semana– portáronse cordialísimamente con nós. Os da Facultade de Letras convidáronme a falar no Departamento de Filosofía e resoltou moi interesante pra min o diálogo con iles.

Mandeí pra alá bastantes libros galegos, entre eles o teu das “Elexías do Caurel”, pra lles dar a conecer a literatura galega dos nosos días.

Como iste ano adícase o Día das Letras Galegas a Marcial Valladares, nós editamos a súa novela “Maxina ou a filla espúrea”, que ten o interés histórico de ser a primeira novela escrita na nosa lingua. Mándochá.

que foi o principal representante do Saudosismo portugués. Licenciado en Dereito en 1901, na Universidade de Coimbra, establécese como avogado en Porto para posteriormente exercer como xuíz na súa vila natal. As posibilidades económicas permitíronlle vivir coa súa familia mentres xestionaba as súas propiedades dedicándose á creación literaria, á lectura, á contemplación da natureza e ao encontro habitual con numerosos intelectuais e artistas que o ían visitar, como Eugénio de Andrade, grande amigo seu e editor dos seus versos. Entre as súas publicacións destacan, *Marânus* (1911), *Elegias* (1912) ou *Elegia da Solidão* (1920). Unha das mostras máis relevantes da relación que se establece entre o principal representante da Renascença Portuguesa e os intelectuais da Xeración Nós, aparece no nº 1 da Revista *Nós*, na que se publica o poema de Teixeira “Fala de sol” e que está dedicado “aos jovens poetas galegos”, en 1920. A forte pegada que deixou na poesía galega amósaa o propio Novoneyra coa composición “Flor de silencio”, motivada polo pasamento do poeta portugués e publicada na revista *Vamos* (Órgano del Colegio Minerva, de Santiago de Compostela) no seu nº 4, en 1953.

⁹ Artigo publicado en *Grial*, nº 1, primeira época. 1951.

Hai moito tempo que non falamos. Xa me decatou que estarás física e espiritualmente absorbido polo precurso dos teus pais. Agora na vellez será pra eles un grande consolo o sentírense amparados por tí. Gustaríame saber si escribes. Si queres que che mande libros, non deixes de mo decir.

Nós iremos iste vrao a América de novo. Pra min foi un descubrimento moi emocionante o “eros docente”. Resulta que o ensino prodúceme un placer espiroal extraordinario. Teño unha gran facilidade pra crear unha corrente de comunicación inteleitual cos alumnos dos meus cursos. Cada ano facemos novos amigos. A mocidade universitaria é moi semellante á de eiquí: xenerosa, idealista, rebelde. De vez en cando recibimos cartas de rapaces ou rapazas que nos contan as suas aitividades protestatarias contra a guerra, ou en favor dos negros, ou en xeneral contra o “establishment”.

Sáudos nosos pra os teus pais. Pra ti unha forte aperta de

Ramón

* * *

11

[Tarxeta postal con paisaxe de Vermont¹⁰
dirixida a Sr. D. Eugenio Novoneira

Parada do Caurel
–Seoane–
Quiroga (Lugo)
–Spain–

Querido Novoneira:

Si lle quitamos a ponte de madeira cuberta –por mor da neve, que por eiquí é abundosa–, esta paisaxe podería ser a do Caurel ¿non sí? E as truitas do río, que teñen sona de moi boas, poderían ser do Lor. Xa ves, nas dúas beiras do Atlántico hai semellanzas notables.

E tamén estas terras, como as do Caurel, teñen o seu poeta: Robert Frost. A casa onde il viviu e morréu consérvase con devoción. Está camiño da montaña. Cando vas alá, non é raro que aparezan cervos no camiño.

Apertas pra todos

Isabel Ramón

* * *

¹⁰ No selo da postal non se le a data. Podería tratarse do bimestre xullo-agosto de 1970.

Compostela, 15- I- 71

Benquerido Uxío:

Momentos antes de sair pra Coimbra chégame de Lugo a noticia da recente morte do teu pai. Impresionounos moito a noticia. Tanto Isabel como eu temos moi viva a lembranza da sua silenciosa bondade, da sua discreta xentileza, da sua sinxela e nobre presenza. Ao longo das nosas vidas, coincidimos con il brevemente nunha poucas ocasiós. Case se poderían contar as palabras que cruzamos con il. E, con todo, a sua presenza está viva no noso espírito e estará perenne na nosa lembranza. Era un home bó e serio. Abondáballe coa simple presenza pra ganhar a simpatía e o afecto dos demáis. Non precisaba demostrar con obras a sua digna e natural bondade, porque estaba presente en toda a sua persoa, trascendía espontáneamente dos seus xestos. O seu espírito inmortal conocerá agora toda a profunda e eterna paz do Caurel. Merécea mellor que ninguén.

Comprendemos ben a vosa mágoa. Non hai moito que eu perdín a miña mai e ao meu pai no prazo dun mes. Sei o que é éso. Compartimos a vosa mágoa. De corazón vos desexamos a serenidade de ánimo precisa pra aceptar a irremediable. O tempo irá enchendo o gran valeiro da sua ausencia coa serenidade da lembranza.

Apertas moi fortes pra todos

Ramón

* * *

13

Compostela, 16- XII- 71

Querido Uxío:

Imos ver si sendo teimosos conquerimos que a sorte sorría. Ten dado mostras de nos facer pouco caso, pro a insistencia sempre foi unha das armas da persuasión. Probemos a ver.

Iste inverno non habería por ahí grandes nevaradas, pois eiquí tivemos bó tempo e por ahí sería semellante.

Eu tiven unha volta de estómago bastante revirada. Despois de 15 días de cama xa estou bastante ben.

Apertas nosas para os dous.

Ramón

* * *

14

Compostela, 16- VI- 73

Querido Uxío:

Polo teu telegrama soupemos da morte da tua nai. Impresionounos a noticia, porque conservamos pereneamente viva a imaxe dela dos días que estivemos ahí no 55. Sempre acolledora falangueira.

Eu sei a profunda mágoa que te afixe porque pasei por ela. A dolor da perda da nai non se cura con palabras amigas, xa o sei. Con todo, non podemos deixar de pensar no inevitable da morte pra toda vida. Ela cumpríu a súa. Ten que ser así. A todos nos irá ocorrido o mesmo. Estou certo de que, ao cabo, ela aceptaría a morte como un descanso. E iríase desta vida coa íntima tranquilidade de te deixar casado e amado por unha muller que te acompañará sempre. O seu máximo conforto sería saber que pra tí a orfandade non significa soedade. A presenza de Elba e a esperanza do fillo empuxan a tua vida cara o futuro.

Houbérame gustado —e mesmo Isabel— poder acompañar a tua nai no seu derradeiro viaxe e a vós nesas horas tristes. A distancia e, sobre todo, os trafegos esmagadores da vida actual, fixeron imposible ese desexo. O 14 tiña que estar forzosamente en Santiago para atender a unha persoa que veu exprofeso de Barcelona, e o 15 tiña que estar forzosamente en Vigo para asistir á asamblea xeral de accionistas de Galaxia para informar do labor que me está encomendado. En casos así é cando se sinten as ataduras que nos van impondo as obrigas.

En fin, querido amigo, nestes días lembrámonos moito de vós, e compartimos sinceramente a vosa mágoa.

Apertas nosas para os dous.

Ramón

* * *

15

[De Uxío a Piñeiro, no dorso do seu poema “A elxía perdida” dedicado a Luís Seoane. Probablemente non enviada, dado que se conserva. De feito na Penzol non hai ningunha carta de Novoneyra catalogada. O poema, pola contra, chegou e foi incluído no *Grial* correspondente]

O Caurel, 16- 8- 79

Amigo Piñeiro:

Supoño que iste texto xá chegará tarde. Dá igual: o importante é que o poema queda escrito.

Un abrazo pra ti e pra Isabel

Uxío

* * *

16

Compostela, xaneiro 1982

Benquerida familia:

Estas semanas do remate do ano vello e comenzo do novo foron tremendamente ensarilladas para min e non me deixaron vagar para a correspondencia.

Con todo, queremos desexarvos as mellores venturas neste ano que estamos estrenando. Entre elas inclúese unha boa colleita de poemas.

Apertas para todos, grandes e pequenos.

Isabel Ramón

* * *



B. Cartas a Ramón Piñeiro de:



B. Cartas a Ramón Piñeiro de:

I

DARÍO XOHÁN CABANA

1

Corcubión, 7 de marzo de 1987

Sr. Ramón Piñeiro

Santiago

Estimado amigo:

Permítome enviarlle unha selección de 20 rimas in vita do Petrarca, por se lle parece oportuno publicalas no Grial. Quizá a publicación en libro do Cancioneiro vaia aínda para longo, e confeso que dispoñer dunha separata –se segue sendo costume– do Grial con este avance satisfaría aínda ben a miña vanidade. Non obstante, non se sinta en absoluto obrigado por esta petición.

Teño ben ganas xa de que saia algún libro meu. Parece que ando medio gafado sobre as publicacións. Desde o 80 ou 80 e algo estiven a traballar coma un escravo e de momento todo está nos caixóns e nas imprentas. É frustrante.

Reciba un cordial saúdo do seu agradecido

Darío Xohán

Darío Xohán Cabana

s/c: Praza F. Sánchez, 1

Corcubión

* * *

2

Corcubión, 12 de marzo de 1987

Señor Ramón Piñeiro

Compostela

Meu querido amigo:

Hoxe recibín os seus libros, que foron unha magnífica e inesperada cousa, e emocionante. E máis aínda porque son libros dos que máis prefiro. Esa maravilla sobre os trobadores aínda hai ben poucas semanas que a estiven folleando con envexa nunha librería. Algúns dos outros xa os tiña lido, anque non os tiña, coma Guillerme de Aquitania, que relín xa de novo, co dolo de capturalle os ritmos, pois entre os meus plans –que os teño a varios anos– está o de poñer en verso galego unha mostra antolóxica dos trobado-

res occitánicos, creo que –se non me falla a saúde– no ano 89. Tamén a materia de Bretaña é un dos meus amores literarios. Se podo, tamén quixera traduci-la Morte do Rei Arturo (a francesa) e algunhas novelas do Chrétien de Troyes, que para min son dos mellores libros do mundo.

Hoxe vin no D.O.G. a nova organización do Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia. Quizá non sexa a máis axeitada, pero a participación no Consello Asesor do Subdirector Xeral do Libro talvez me abra o camiño para a publicación do meu Petrarca. A min paréceme que era mellor que se distinguise máis entre publicacións legais e políticas e culturais, vencellando estas a institucións máis directamente relacionadas coa Cultura do que é en principio a Consellería da Presidencia. É unha opinión, de tódolos xeitos, que non teño moi cavilada, e en todo caso ben está o que ben anda: andaremos e veremos.

Tamén vin a convocatoria pública de bolsas de traducción, e axéitase moi ben ó que me dixo X. L. Novo Cazón¹¹ cando estiven con el e me dixo do bo fin das xestións de amigos coma Millán e Vde. Teño que presenta-la instancia formal –onde me vou permitir apoiarme en Vde. e nas súas esaxeradas boas opinións de min–, e a ver se a Comedia colle camiño, que así será. Curiosamente, coincídeme tamén co medio do camiño da miña vida, pois o mes que vén cumpro 35 anos –aínda que eu teño esperanza de que sexa o terzo.

Cando vaia a Santiago tiña gana de falarlle de certos problemas que teño na traducción, case teóricos, sobre o tratamento de topónimos e antropónimos na versión ga-

¹¹ **X. L. Novo Cazón** (Vilalba, 1949). Historiador. Ocupou diferentes cargos, no terreo cultural e educativo, na Xunta de Galicia. Escribiu estudos diversos sobre o mosteiro de Loio, a figura de Lois Peña Novo ou o San Froilán. Profesor de Ensino Medio, recibiu o Premio de Investigación Científica en 1984.

lega. De momento doulles unha solución provisoria nesta primeira volta, e despois veremos.

Estou xa bastante adiantado. Para a petición da bolsa (polo prazo de entrega) voume comprometer ó Inferno e ó Purgatorio. Se ma dan, poderei mercar un ordenador, que teño calculado que me aforrará tres cuartas partes do traballo puramente mecánico. E economicamente a bolsa faime moita falla. Con 74.000 pts ó mes para catro que somos na casa non se poden facer grandes milagres. Eso á parte da angustia dun traballo que cada vez se me fai máis costa arriba, digo o de ser garda municipal.

Como temía, termino falando só de min e das miñas teimas e cousiñas. Crea, sen embargo, na miña gratitude e na miña amizade, nova cousa coa que lerei, digo relerei despois de moitos anos, a filosofía da saudade.

Cunha cordial aperta,

Darío Xohán Cabana

* * *

II

ÁLVARO CUNQUEIRO

1

Querido Ramón:

Contesto â tua carta. Dende logo, que me interesa e moito a colaborazón que me ofrecedes. Dalle a Gómez Pe-

dreira as miñas gracias, e dille que tén enteira liberdade pra arranxar a cousa o millor que poida i-asegún o seu parecer. Catro artigos ao mes, por eisempro, e no que toca ao pago, eu xa sei que os periódicos de provincias pagan pouco. Que él faiga, pois, o que lle pareza mais axeitado.

Istes tempos estou traballando moito. Mandaréi dúas ou tres cousas pra “Grial”. Estou quedando mal co del Riego.

Dime o que haxa da “Voz” e recibe unha forte aperta¹² do teu sempre amigo

Cunqueiro

* * *

2

Querido Ramón:

Estiven uns días en Madrí i-ao chegar atópome con dúas cartas tuas, privadas, i-unha púbrica. Non teño oxe tempo pra contestar ningunha, pro faréino mañán mesmo. Soio quero decirche canto che agradezo TODO, e que lle digas a Gómez Pedreira o que lle agradezo tamén si o da “Voz de Galicia”. Recibín unha carta do director, á que contestaréi mañán e na próisima semán iniciaréi a colaboración.

Dille a del Riego que mañán ou pasado mando a colaboración prometida pra Grial. Ista vegada, de verdá.

Contestaréi pubricamente á tua carta púbrica en Grial, que é certa e fermosa.

¹² No orixinal, *aperto*.

Unha fortísima aperta do teu amigo de sempre

Alvaro Cunqueiro

* * *

3

Querido Ramón¹³:

Levíi no leito quince días, primeiro con un gripazo e logo co-iste ditoso figado, que xa non me non deixa en paz. Agora contesto âs tuas cartas.

- a) Moito che agradezo a carta de “Galaxia”. Ti sabes has- tra que punto estamos d-acordo, e quero decilo pubrica- mente. Vóu a imprimir unha resposta e confío en que a primeiros do mes entrante esteña nas tuas máns.
- b) No que me dices do coro da Cruña, podes decirlles que me escriban decindo o que queren esaitamente, e si podo eu facer o que queren, feito será. Eu teño algunha idea sober do posibel “ballet” galego e quizaves lles servirán pra algo.
- c) Oxe mando o primeiro artigo â “Voz” e xa seguirán nor- malmente. Si pensas algún tema galego que conveña to- car, dimo. Sabes que ando algo isolado e moitas vegadas

¹³ Cremos que estas cartas son de finais dos anos 40 porque Cunqueiro regresa de Madrid no ano 1947 e para subsistir ten que escribir arti- gos. Sabemos que teñen esta ordenación polas referencias que se fan, sobre todo, aos seus artigos en *La Voz de Galicia*, xa que na primeira pregunta se hai novas do tema, na segunda di que vai falar co director para empezar a colaboración e na terceira xa comenta que vai enviar o seu primeiro artigo.

non sei cal pode ser o tema galego mais interesante nun intre dado.

- d) Pra “Galaxia” mando unha¹⁴ nota sober o libro “The Classics and the Man of Letters”, de T. S. Elliot i-outra sober das traduzós de Tobío–Castro–D. Gurriarán. Por qué non me publicades uns poemas ou unha novela curta?

Isto é todo. A primeiros de abril irei por Santiago. Repite a Gómez Pedreira os meus saúdos e pra ti unha aperta do teu sempre amigo

Cunqueiro

* * *

4

Querido Ramón:

Recibin a tua carta, que moito che agradecin. Teño, quizaves, moitas cousas que che decir encol das tuas suxezas. Na semán próisima iréi a Lugo e falaremos. Pro non debes esquecer que, faga eu o que faga pólo noso vello pais –póla nazón galega e pólo seu mensaxe– eu non teño ningunha autoridade moral. Digocho con tristura, pro é eisí e non hai que facerlle.

Carballo non me acusóu recibo do Hölderlin nin respondéu â miña carta. Lín “A xente da Barreira” e non me non gostóu ren. Por ise camiño, esteticamente falando, nada se fai nin se vai a ningures. É outra cousa o que fai falla i-é urxente pôr man na tarefa.

¹⁴ No orixinal, *una*.

Soio me queda felicitar, a ti i-ao Celestino, pólo premio dos “Bibliófilos”¹⁵. Tiven unha grande lediza. Dillo eisí a Celestino.

Hastra mui axiña. Un abrazo.

Cunqueiro

* * *

5

Querido Ramón:

Recibo a tua carta. N’ista mesma semán mandaréi o texto pra a monografía de Maside. Mandareicha a ti, pra que Carlos poda botarlle unha ollada.

O “Merlin” está rematado, i- agora, tan axiña pasen as Lucas, remataréi de revisálo de facerlle o prólogo, e mandaréino.

Está a chover como na Idade Media.

Unha forte aperta

Alvaro

* * *

¹⁵ Refírese ao premio que lles concedeu a Editorial Bibliófilos Gallegos pola tradución que fixo, xunto a Celestino Fernández de la Vega, do *Cancioeiro da poesía céltica* (*Alt-keltische Dichtunguen*, de Julius Pokorny, en 1952), polo que cremos que a carta é dese mesmo ano.

6

Querido Ramón:

Mandeiche isas cuartillas pra a monografía do Maside. Era iso o que queríades? Si non, fago o que me digas. Estóu istes dias traballando arreo no “Merlin”¹⁶, e vóuno a remesar axiña. Pólo San Martiño iréi a Santiago. Lembranzas a todos, i-â tua dona. Unha aperta

Cunqueiro

* * *

7

Mondoñedo, 21
Comeza o dourado outono

Meu querido Ramón:

Recibin a tua carta. Adxunto ises folios que han de ser engadidos á parte “Novidades do mundo” dos meus “cura-dores”. E nista semán mando “novas xentes”, que xa están escritas. Non se retrasará a remesa.

“Xógara” é verba usada aquí pra desinar unha pedra de rio, mui feitiña e lisa, que os barbeiros metían na boca dos

¹⁶ As cartas 5 e 6 cremos que son do ano 1954 porque comenta que está rematando o “Merlín”, libro que sae á luz en 1955. Sabemos que a primeira foi escrita en setembro ou outubro porque fai referencia ás festas de Mondoñedo, “as Lucas”, as cales se celebran o 18 outubro; e a segunda entre outubro e novembro porque fai referencia ao San Martiño, que é o mes de novembro.

clientes pra que, estendendo a pel, fora mais doado o afeitado, ó desaparecer, coa tensión provocada, as enrugas. Pedra tamén usada por persoas sin moas, pra endurecer as enxivas. Xulia, a criada de meu amigo Juan Alvarez de Mon, xuez de Villalba, anda todo o dia “xogando” a “xógara” na boca.

Teño moita alegría por ise libro, e pólo prólogo do noso Garcia Sabell. Non fai falla decílo. Temos que matinar nun tido. ¿Qué se vos ocorre? Axiña irei por Santiago, de paso pra Vigo, cando se repersente alí o “Don Hamlet”, e falaremos. Deica entón. Moitos, i-os mais cordiaes, i-hai que decílo, agradecidos saúdos a Domingo i-á sua muller, e con outros pra Isabel, a forte aperta do teu sempre amigo

Alvaro

P. D. –Dime o Pallarego que algún barbeiro tiña xógara de madeira, feita de encárrego, e D. Matias Gort Canoura, tiña xógara propia na barbería de Carda. Pro a xógara propiamente dita é unha pedra de rio. O derradeiro que a usóu aquí foi o Fanego, barbeiro de sábado, i-a diario carreteiro. Soio lia as maiúsculas.

* * *

8

Sábado 24

Querido Ramón:

Recibo agora mesmo a tua carta. ¡Craro que me gustará lêr isas páxinas, aumentadas coas que levarei! Pro non pode ser o domingo 1; terá que ser o domingo 8.

Eu non podo sair de Mondoñedo deica o domingo 1 pólo serán; pasarei por Santiago camiño de Vigo o lús 2, á noite. O 4 é o “Don Hamlet” en Vigo, i-o 8, de volta prá casa, vén-me mui ben o pararme en Compostela. ¿Non vos é igoal? Si sirve a data, dádea xa por en firme.

Estou rematando o “Sinbad” pra “Galaxia”; unha invención do xeito da merliniana, pro con mais fondo i-outras novas. Falareiche dun propósito que xa lle adiantéi a Paco del Riego.

Unha forte aperta, coas meirandes lembranzas ós Sabell i-a Isabel.

Alvaro.

* * *

9

Mondoñedo, 26

Querido Ramón:

O prólogo de Domingo fíxome pensar, e obrigóume a millorar o meu texto. Xa está. Mañán sae, por triplicado, á tua dirección. Vai mui ampriado. Van novos trasnos, novas xentes.

O problema do tído: Eu mantinaba algo eisí como “**TER-TULIA DE MENCINEIROS I-OUTRAS NOVAS**”. Ou: **ESCOLA DE MENCINEIROS E VARIA FÁBULA GALEGA**. Quizaves iste derradeiro valla. Suxeride vos.

Retraseime porque andiven griposo, e ando de dentista, pódome dentes novos, e sinto os terbellos do odontólogo na cachola. Pro xa vou ben.

Nista mesma semán pónome a pór en limpo o “Sinbad”. Coido que vai un libro cheo de invencióis, nun galego meu pro millorado. De todo o libro somentes me faltan por facer as canciós que canta Sinbad, tres en total. Pro xa ando nélas.

Dime si che parece ben como quedóu o texto. Decídeme do tído. Os millores recordos meus a Domingo, a Elena, á tua muller. I-un abrazo.

Alvaro

* * *

10

Mondoñedo, 27.
Vento N. N. E. Néboa

Meu mui querido Ramón¹⁷:

Recibín a tua carta, que moito agradezo. Non podedes dubidar de min, e podedes confiar en que mantereí a miña palabra, sin ceder ante ningún peso nin apremio. Estóu orguloso de saberme presentado por D. Ramón, por Do-

¹⁷ As cartas 7-10 habería que datalas en 1960 porque fai referencia a dous libros del: *Escola de menciñeiros*, publicado en 1960, e *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, que saíu á luz en 1961. Sabemos que cronologicamente teñen esta orde polas referencias que se fan, sobre todo, ao primeiro libro mencionado; así, na carta 7 aínda non ten nome para el, na 9 pide consello sobre o título e na 10 xa di que vai mandar as probas. Outras referencias polas que nos fiamos é polas que fai ao “Sinbad”, que nas primeiras cartas está case rematado e nas últimas xa o están copiando. Tamén a referencia ao “Don Hamlet”: na carta 7 di que se vai representar en Vigo e na 8 xa concreta o día.

mingo, por Aquilino, por Carballo, pro sillón de Cabani-llas. Orguloso e profundamente agradecido.

Coido que nada me dirá Leal¹⁸. Fai un mes decíame que era a derradeira vez que se presentaba, –ó sillón de Cuevillas–, e que por iso Paco debería retirarse; que il faría o mesmo por un amigo. Non se lle pode tomar nada, ou cáseque nada, a mal, porque é un probe doente. A min nada pode decirme, e podes estar seguro da resposta que lle darei a calisquer pedido que me faga.

Eu estarei o miércoles 1 en Santiago; vou ó Ferrol a dar unha conferencia o 31, e dende alí seguirei a Compostela. Ese dia falaremos longo.

Xa mandei a Vigo as probas correxidas dos “Menciñeiros”. I-agora estanme copiando o “Sinbad”, xa rematado, cos apéndices todos i-o índice onomástico. Coido que quedou mui ben.

E ren mais, querido Ramón. Gracias outra vez. Deica o dia 1. ¿Podíamos xantar con Domingo? Telegrafiarei dende o Ferrol decindo a hora a que chego. Saúdos a Isabel. I-un forte, fraternal abrazo.

Alvaro

* * *

¹⁸ **Francisco Leal Insua** (Viveiro, 1912 – Madrid, 1997). Xornalista que foi redactor-xefe de *El Progreso*, director de *Faro de Vigo*, *El Correo Gallego* e *Mundo Hispánico*. Director así mesmo da Axencia EFE e colaborador de *ABC*. Poeta e ensaísta, é autor da biografía *Pastor Díaz, príncipe del romanticismo* (1943) e dos ensaios *Las cosas –ensayos intrascendentes–* (1941) e *Faro de Vigo y su proyección* (1965). Editou a Noriega Varela e reuniu algúns artigos de prensa en la *La siembra en el viento* (1965), ademais de varias edicións de *Semilleros*, recompilando a súa poesía. Recibiu a medalla Castelao en 1995.

Mondoñedo, 11¹⁹

Querido Ramón:

Dende o meu escano de coronista, coberto de verde pano de buro²⁰ coma o do Heraldo Garter da Inglaterra nas cabaleirías, moitas gracias póla tua norabóa.

Traspapeléi a tua carta, e non sei si che tiña que escribir a ti ou a Garcia Briones²¹. Eu poido ir o 29 a Vilagarcía. E poido falarlles... ¡pois non se me ocorre de qué! Pró meu divertimento persoal andaba inventando istes tempos uns países do Unicornio, despoixas de ter inventado pró “Sinbad” uns países “que non hai”. Podía falarlles de “países que no hay, islas del Unicornio y población de la Luna”. Ou, tamén, de “Nuevas miradas a los mitos”, xa mais en serio, ou mui en serio. Na Cruña, por ises dias, darei unha conferencia sober “Situación del lenguaje poético”. Tamén podía ser ista. ¿Queres ti escribirlle a Garcia Briones? Fai-me ise favor.

De paso pra Vilagarcía veríamonos en Santiago. Dalle unha aperta ós Sabell, saúdos mui cordiaes a Isabel, e pra ti a amizade de sempre

Alvaro

* * *

¹⁹ Supoñemos que esta carta é, como mínimo, do ano 1961 porque, segundo o que se di nela, o libro *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, xa está publicado.

²⁰ Debería ser “buró”, do francés *bureau* (escritorio).

²¹ **Ramón García Briones** (Vilagarcía, 1912). Traballou como xornalista e cultivou o ensaio de tema sociolóxico. Fixo diferentes estudos das comarcas da Arousa e do Ulla. Ocupou importantes cargos nos sectores industrial e económico galegos.

Vigo, 1 outono 1971

Querido Ramón:

Recibin as tuas cartas e en poucos dias mandareiche os dous folios pra o homenaxe a Penzol.

Compráceme moito que che gostase “Xente de aquí e de acolá”. Coido que, con “Escola de menciñeiros”, fica tocada unha das mil caras da xente nosa, do ser galego.

Eu, craro está, son ben conscente das miñas obrigas no que toca a Galicia, é decir, á nosa lingua e ás nosas letras. Coido que eu lle poido dar á literatura galega algo que outros, que quizaves lle dan cousas millores, non lle poden dar iso que eu dou. Pro eu, tristemente, non poido darlle á miña obra en galego nin a décima parte do tempo que mester for. Eu vivo do meu traballo, e todo o gañado levárono as carreiras dos fillos, e agora atópome con que aínda teño que escribir vinte ou mais artigos ao mes, dar conferencias que me aborrecen, agora remato dous libros en castelán que me supoñen uns miles de pesetas, etc. Cómo non iba a pasar días enteiros co libro dos paxaros? Pro é que non teño ises días, isas horas. Aínda que o noxento Celso Emilio en Caracas propalase que eu escribía en galego polos cartos, ti sabes que eu din os meus libros gratis et amore a “Galaxia”, e sin percibir cáseque nin un pataco. Así están as cousas. Quero facer o libro dos paxaros, e fareino, e dar unha ou dúas novelas, unhas pezas de teatro, un ou²² dous libros de poemas, e todo isto nun ano ou dous. Porque, ademais, estou nunha hora na que me sinto moito mais doado en decir en galego, fártame mais, está o pan das verbas na boca miña mais sabroso e fresco si é galego... Pro, aínda

²² No orixinal, o.

que fai moitos anos que deixei de ser un preguizoso, a verdade é que o artigo cotián cánsame. Levo escrito moito, pro aínda non me non liberei, e coido que quizaves nóno logre nunca, dun certo medo e dunha certa emoción cando me sento a escribir, e o resultado é que me asolago no mundo dun tema dado, e despois cústame sair e meterme noutro que me agarda.

Perdóame iste desaforo, e que me confese contigo agora mesmo, pro a tua carta chegóume cando eu cismaba nisto, e no que eu aínda poido dar en galego. Ademais, ti non eres un mal confesor.

Unha forte aperta do teu sempre amigo

Alvaro

* * *

13

Vigo, 8 setembro, 1978

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido Ramón:

Non teño máis remedio que cansarte un pouco a favor dunha sobriña de meu, MARIA DEL CARMEN ALONSO ALVITE, que ten de examinarse dalgunhas asignaturas de segundo curso de Medicina. Puido facerse menciñeira polos meus textos, pro quere sere médico. Non hai que facerlle. Coido que estudou moito. As asignaturas que ten son:

Fisioloxía, con Dominguez
Histoloxía, con Deiras
Psicoloxía, con Borrás.

Eu soio conozo a Dominguez. Penso que Domingo ou Sixto, ou amigos que ti teñas han de conocer ao Deiras e ao Borrás. ¿Podédeslle botar unha man? O primeiro²³ examen xa o ten o día 11, –coido que Fisioloxía. Non che daría a lata se non tivera un grande interés.

Eu vou mui ben. Xa ando cunha bota que me ten en alto o talón, e a pel vai endurendo. Pro estou canso, que foron moitos meses.

Moitas gracias. Imos a vernos axiña en Santiago. As miñas lembranzas a dama Isabel, e pra ti o abrazo do vello amigo que son.

Un gran abrazo

Alvaro

* * *

²³ No orixinal, *primeira*.

III

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

1

Madrid, 23 de abril de 1959

Sr. D. Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido amigo:

Váia, co meu lédo saúdo, a miña gratitude pola súa carta do dezaséte e mais polo mandado do fardélo postal con libros de Cunqueiro e Cabanillas.

Non adiviñéi daquela qué man m'ò mandaba, inda que de seguida interpretéi ese envío como unha chamada i-unha tentación a colaborar con “Galaxia”.

Dóime estar quedando mal con tantos amigos que me acurran cos seus pregos, e non sei qué pensará de mín o amigo Del Riego, que me alentou cunha paciencia increíble e que tén a miña promesa de lle mandar orixinal pra un libro. Saiba, amigo Piñeiro, que esa promesa segue en pé, e que, se non lle din cumprimento hastró dagora, foi por circustancias alleas ôs meus propósitos, e non por preguiza. Hai algún tempo que veño sentindo eiquí en Madrid a presión de xóvenes escritores galegos que me invitan a pubricar un libro en Vigo ou en Madrid. Agora a invitación de vostede obrígame máis aínda. Faréi por darlle satisfacción, pra que o meu libro váia â imprenta despóis da pubricación deses tres libros de que me fala.

Agradézolle a vostede, ós homes de “Galaxia”, i-ós escritores galegos en xeneral, as súas amantes vérbas, inmercidamente eloxosas. Esta unánime simpatía –fenómeno ben raro no mundo das letras– fala moito en favor dos escritores galegos.

Estaréi moi lédo de saudar a González Suárez-Llanos.

Tamén eu me lémbro moito de Novoneyra, en que encarna un gran poeta, fondo e creador. Creo que pódese ser unha gran columna no edificio da cultura galega que debemos empezar a construír.

Vou ver se lle escribo a Del Riego que debe de estar xustamente agraviado polo meu silencio.

Un saúdo moi lédo i-entrañable de

José M^a Díazcastro

* * *

2

Madrid, 3 de Sant-Iago de 1960.

Meu querido amigo:

Solo dúas liñas. Agradézoche moito a carta que acabas de escribirme. E, máis que todo, agradézoche infinitamente o xesto de propoñer o enxerimento dun poema meu, precisamente, nese tomo da Universidade de Austin adicado a cultura española contemporánea. E unha distinción que creo non merecer, e, pol-o mesmo, tanto máis apreciada.

Mandareiche os poemas que me pides, pra dare máis marxe de elección. Pro mandareiche aínda máis dos que

me pides. Eu interpreto a túa carta, tamén, coma unha indireita e delicada maneira de me invitar a mandar –por fin– o orixinal meu que me pedíchedes pra GALAXIA. Os versos que che vou mandar, copia dos que iba mandar pra GALAXIA, son testimoño do meu desexo de cumprir a vosa petición, e de que o orixinal do libro está listo –den- de fai moito tempo– prâ publicación. A maioría do libro está constituída por poemas antigos, que son os que máis traballo me dan, pois eu quero botar-os fora a todos, é de- cir publical-os; pro resulta que algús poemas deses están sin rematar, e outros esixen correición. Esta laboura está prácticamente feita: soio faltan dous o tres. O agobio da falta de tempo me empedéu dar esas estrofas. Pro de todo- los xeitos, antes de saír de vacacións, no agosto mandaréi a GALAXIA o orixinal do libro.

Mañá ou pasado, a máis tardar, mandareiche os poe- mas que nesta carta me pides, pra que se poida facel-a escolla con máis liberdade. Naturalmente, neste envío non van os poemas publicados na “Escolma” de Del Riego, poe- mas que tamén formarían parte do meu libro. Con estes poemas mándoche tamén un poema vasco de “Xavier de Lizardi” por se lles entresa incruíl-o no Tomo. Eu non co- nozo ô escritor vasco; pro pareceme que é unha elexía de gran beleza, e quizáis val a pena tel-a en conta â hora da escolleita, considerando que, na miña opinión, a lírica vas- ca aitual n’ é moi abundante ou pol-o menos n’ atopamos nela poemas de altura. Esa elexía ILLETA tén realmente beleza i emoción, i ademais refrexa ben certos aspectos do esprito dos euskaldunas.

Unha aperta do teu amigo,

José María Díazcastro

* * *

3

MADRID, 5 de Sant-Iago de 1960

Querido amigo:

Segundo che anonciéie fai breves días, aquí che mando dezeoito poemas, pra que ese amigo teu poida escoller millor. Estes dezeoito poemas –cos que vai xunto o poema basco ILLETA– máis os sete poemas publicados na ESCOLMA, máis outros (aproisimadamente) oito poemas máis, que estou rematando ou correxindo (son vellos), constituirán o orixinal do libro que publicará GALAXIA. Prégovos que non pubriqueades o meu libro namentras non vos mando estes oito poemas que faltan.

Unha aperta

J M Díazcastro

Agradecereiche o acuse de recibo (e perdoa a castelánada)

* * *

4

Madri, 10 de setembro 1960

Querido Piñeiro:

Dúas liñas â carreira e desemula a brevedade.

Recibín onte â noite a túa carta, que che agradezo moito. Eu tiña entendido que os poemas que me pidiras pra o

Prof. Martínez López tiñan por ouxeto poder escoller un deles pra enxerilo nun libro, editado pol-a Texas University. Vexo agora que eses catro poemas escollidos pol-o Prof. Martínez López están destinados â pubricación nunha revista. ¿Ou trátase, como sospeito, de dúas cousas distintas? De calquer xeito, agradézoche –agradézovos moito– esa atención comigo.

Mándoche nesta carta a aclaracion do senso dalgús termos empregados nos poemas, engandindo algús máis que poideran enxendrar dúbidas.

Paséi metá das vacaciós coa miña familia en Vascónia, e a outra metá en Galiza, pro sin saír do meu recuncho nadal. As miñas vacaciós ogano non foron froitosas poéticamente; pro algo fixen aquí: catro ou cinco poemas, que entrarán no meu próximo libro galego. Sólo me falta copiar un poema ou dous. A obra agora está compreta. É pra min un alivo informarche que o orixinal do libro sairá de Madrí antes do día 15 deste mes. Permitirásme que o mande a nome de Del Riego, por ser él o primeiro que mo pedéu e o que máis enstestéu, e tamén por sere él o primeiro a quen llo prometín, pra así darlle algunha satisfaiación.

Antes de rematar ésta, quixera pidirche un favor, si che resulta doado facerme: mandarme as bases do Concurso Literario de Buenos Aires, pois no Centro Galego deiquí ninguén me soupo dar razón. Se teño un pouco de tempo. Correréi a aventura de presentar un libro a ese Concurso. Mui obrigado.

Unha aperta de

J M Díazcastro

P/S: Tamén che mando nesta unha autorización pró Prof. Martínez López, en galego e inglés.

* * *

Madri, 14 de setembro de 1960

Sr. D. Ramón PIÑEIRO

Compostela

Querido amigo:

Moitas gracias pol-a presa que che deche en contestar a miña carta, e sobre todo pol-a delixente solcitu que puxeche en mandarme as bases deses dous concursos. E moi intresante o do Centro Galego de Buenos Aires; está moi ben organizado e dotado, i as bases responden a un mañífico criterio. Teréi que deixar pra outro ano a miña aventura (sóio me daría tempo quezáis pra preparar un libro de poemas, pro non de ensaios, novela, etc.), pois supño que os premios corresponden ô ano da data límite de entrega (31 de nadal de cada ano). En canto ô Concurso de Lugo, quezaves me houbera decidido a presentarme ô Premio Noriega Varela, se non fora que, por un lado, non me queda tempo pol-as esixenzas do meu traballo profesional, e por outro, non conozo abondo o Miño galaico-portugués pra cantalo nin pra choralo.

Inda non lle mandéin a Del Riego o orixinal do libro, inda que tiña pensado podelo mandar antes do 10. Acordeíme que era conviñente engadir un vocabulario dalgunhas palabras que eu considero non comús a toda Galiza. O vocabulario está xa rematado e copiado, e sóilo me queda orgaizalo libro por seiciós, segundo unha división lóxica.

É curioso –volvendo ô tema da acraración desas palabras– o significado da voz dô (ou dóo): na miña comarca sólo lle conozo o senso apuntado: piedad, compasión, etc. Comprendo que debера ter tamén o senso vago e xeneral do castelao (dolor- aflicción- compasión), pois tal é a semántica da súa etimoloxía (dolum, de doleo). Estóu case

seguro de que nalgunha parte de Galiza, a palabra dóo terá ese significado de dolor, aflicción. Pro en ningunha parte –eso non– creo que teña o sentido castelao de “luto”, “manifestación de dolor por la muerte de alguien”. Na miña comarca –pásmate– hai quen di, por exemplo, “bouroulle sin duelo” (le zurró sin compasión), –inda que a expresión común é sin dôe– cando a voz galega duelo ou doelo debe empregarse no senso de “combate entre dous” (duelum). En fin, unha vez máis lamentamos a falla de unificación total do noso idioma galego.

Esquecinme de mencionarche, noutras cartas, a Luís Michelena²⁴, a quen lle escribín dúas, despóis de estar a punto de visitalo. Na derradeira carta del, resposta a unha consulta miña, díxome que ti e mais el erades amigos, cousa que me dou lediza saber. Coincidimos os dous en sinalar como o millor lírico euskera a Aguirre²⁵ (“Xavier

²⁴ **Koldo/ (Luis) Mitxelena Elissalt** (Rentería, 1915 – San Sebastián, 1987). Naceu no seo dunha familia nacionalista polo que xa na súa mocidade se afilia a ELA e ao PNV. En 1946 acude ao Café Pidoux para asistir a unha reunión con outros membros da oposición clandestina ao réxime e alí a policía, que andaba tras un membro da CNT, detén varios dos reunidos, entre eles Ramón Piñeiro e Michelena. En 1948, volve a Rentería e matricúlase na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid. En 1954 foi nomeado director técnico do Seminario de Filoloxía Vasca Julio de Urquijo e membro do consello da revista *Egan*. En 1958 ocupou a Cátedra Larramendi de Lingua e Literatura Vascas na Universidade de Salamanca. En 1959 doutorouse en Filosofía e Letras. Imparte clases de Lingüística Vasca Comparada na Universidade da Sorbona, onde comeza unha gran amizade con André Martinet. As súas obras máis significativas foron: *Historia de la literatura vasca* (1960), *Fonética histórica vasca* (1961), *Lenguas y protolenguas* (1963), *Textos arcaicos vascos* (1964) e *Sobre el pasado de la lengua vasca* (1964).

²⁵ **José M^a de Aguirre**, (1896 – 1933). Guipuzcoano, nacido en Tolosa. “Xavier de Lizardi” é o seu pseudónimo de toda a súa obra literaria. Secretario provincial do PNV. Poeta intimista inspirado na súa terra vasca. Escritor en euskera, morreu prematuramente. Publicou en vida un único poemario, *Biotz- Begietan* (1932) [No corazón e nos ollos]. Ao ano de morrer apareceu, póstumo, *Umezurtz-Olerkiak* (1934) [Poemas orfos].

de Lizardi”, tolosao, xa finado), inda que o meu “acerto” quezaves non foi compreto ô elexir o seu poema ILLETA (“Funeral”), pois eu desconocía o resto da obra del.

Tamén eu me houbera alegrado moito de verte en Galiza, pro os días eran poucos e, tendo nenos inda pequenos, non tiven moita liberdade de movementos, é decir de viaxes. Pro espero non tardar en volverte a ver.

Recibe unha boa aperta de

J M Díazcastro

* * *

6

Madrid, 27 de junio, 1961

Sr. D. Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido amigo:

Recebín onte a tua moi atenta, que che estimo moito. Fai algún tempo que tiña dementes de che escribir, en parte para reparar o efecto do meu silencio, pois, sendo ti de “Galaxia”, non te puxera en coñecemento do texto do meu libro “NIMBOS” (prefería que o viras en vísperas de ser publicado ou despóis da súa publicación, anque supoño que estás farto de velo), é en parte pra che preguntar se sabías algo do tomo sobre a cultura española contemporánea que proieutaba editar a Universidade de Austin. Vexo que non te esquesces deste derradeiro, i agradézoche a túa iniciativa de lle escribir ó Prof. Martínez López, pois a min me gustaría tamén ver o xuízo xeral que se fai alí da cultu-

ra española de hoxe. Tamén che agradezo os amables calificativos que me adicas como poeta. Na realidade, o libro “NIMBOS” non me gusta moito; quizaves nono chegara a publicar nunca se non fora polas vosas constantes e amables istancias. Pro, por outro lado, quería “botalo fora”, o mesmo que quixera quitarme de enriba unha²⁶ serie de poemas castelaos xustamente publicados.

Xa Del Riego me explicou en detalle todo o que se refire á demora da publicación de “NIMBOS”; son cousas imprevisibles, i-eu non lles asino maior importancia.

Agradézoche ese recorte do “FARO”. ¿Sabes quen redautó esa nota, de tal loubanza pra min? Pregúntoche eso, porque a súa redacción relémbreme un pouco á “maneira” de Díaz Jácome²⁷.

Doime non poder ire este ano á terra galega. Este ano non me vai ser posible; circunstancias familiares empídenme facelo. Tamén en de boa gana votaría unha parrafada contigo.

Nunha revista alemá vin, recén, un traballo de I. Alvaríño sobre a poesía galega contemporánea.

Unha cordial aperta de

J. M. Díazcastro

* * *

²⁶ No orixinal, *un*.

²⁷ **José Díaz Jácome** (Mondoñedo, 1910 – A Coruña, 1998). Poeta integrado na Xeración de 1936, desenvolveu un interesante labor en diferentes xornais da provincia de Lugo como *Vallibria* ou *La Voz de Mondoñedo* e estivo moi relacionado con Cunqueiro. Como poeta escribiu *Primeiras cantigas de amor* (1936), *Pombal* (1963) e *Muíño fidel* (1983), este último prologado por Ramón Cabanillas, se ben o prólogo ía destinado para un libro anterior do poeta, *Frol de cantigas*, que non apareceu. Exerceu ademais o xornalismo profesional en Oviedo, Pamplona e Vigo, foi presidente de Honor da Asociación de Prensa de Oviedo e concedéronlle a medalla Castelao en 1996.

Madrid, 16- VII- 1961

Sr. D. Ramón L. Piñeiro

Querido amigo:

Contesto aínda hoxe, á tua carta que mandache sobre a lectura teatral do “Orestes” de Arcadio López Casanova, autor do que eu non tiña coñecemento. É pra min unha lediza saber que van xurdindo figuras novas no hourizonte cultural de Galicia, e mais especialmente na provincia de Lugo, que hoxe está esquecéndose a unha outra categoría inteleitual, e convertida no máis ancho crisol de poetas galegos. Quixera que me poideras escribir de cando en vezes informándome sobre os feitos mais importantes do acontecer literario e artístico de Galiza. Sería unha cousa que che agradecería de verdá, pois a miña vida profesional e outras circunstancias impídenme manter contaito contino coa vida inteleitual galega.

Efeitivamente, a revista alemá na que apareceu ese traballo do Aquilino é a “HUMBOLDT”. O artigo do Alvariño non contiña ningún xuízo de valoración da poesía galega aitual; limitábase a definir as diversas correntes e tendéncias da lírica de hoxe, e a catalogar, drento delas, ós poetas galegos contemporanios máis importantes.

Alédame saber que o autor desas liñas do FARO sobre “NIMBOS”, que ti me mandache, foi Álvaro Cunqueiro. A opinión do Cunqueiro, aunque espresada nunha nota moi breve, ten un grande valor para mín, pois il a mín non me conoce nin eu tiven con il ningunha relación, nin siquera epistolar. A propósito: lémbrome agora que Del Riego me dixo que “GALAXIA” mandará exemplares do meu libro á Prensa prá súa reseña. Por ser este o primeiro libro meu, intrésame coñecer os xuízos que se fan na Prensa deste li-

bro, e eiquí non vou ter moita oportunidade de velos. Por esta razón, se non é abusar da tua amabilidade e se che é fácil, agradeceríache que me mandaras recortes dos periódicos galegos en que se publiquen esas reseñas, ou pedir ás respectivas administracións que me reserven un exemplar do periódico en que veña reseñado “NIMBOS”.

Se me escribes entre o 20 deste mes e o 20 de agosto, convén que me mandes as cartas a esta dirección:

Guipúzcoa- Plaza del Generalísimo, 4- 2º- VILLARREAL DE URRETXU, donde pasaréi este ano as miñas vacacións.

Unha cordial aperta de

J. M. Díazcastro

* * *

8

Villarreal de Urretxu, 4 de agosto de 1961

Sr. D. Ramón Piñeiro
Compostela

Querido amigo:

Recibín hoxe a tua amable carta. Agradézochá moito, inda que esta vez me tráia unha nova ben triste. Quezaves non te imaxinas a tremenda impresión que me causóu a nova –sóio sabida por ti– da morte de Iglesia Alvariño, o gran poeta inesperadamente ido, que inda fai poucos días me adicara un exemplar de “Lanza de soedá”. Ese recorte de “La Noche”, que moito che agradezo, produceume

unha²⁸ fonda emoción, en particular o traballo de Suárez Serantes²⁹, que nel se dirixe dreitamente a min. Facía moitos anos que non tiña visto a Aquilino, i agora nin siquera puiden acudir a renderlle en Compostela o derradeiro homaxe, cando foi ó seu enterro xente de toda Galiza.

Sinto moito que nesa obra da Universidade de Austin non incluíran a poesía rexional; non polo que a min se refire, por certo, senón porque un estudo da literatura española sin a inclusión das literaturas rexionás é manco e incompreto. Tés razón: Lizardi morréu fai bastantes anos. Eu non o soupen hasta despóis de che ter mandado o seu poema ILLETA. En fin, espero poder ver, máis adiante, ese estudio da Universidade De Austin.

Hoxe mesmo lle mando a García-Sabell un exemplar adicado de “Nimbos”, pois tivo a xentileza de pedirme unha adicatoria. A ti adicareiche en breve outro exemplar, como che prometín. Perdóame esta tardanza, pro o caso é que non recibín hastra agora máis que cinco exemplares, e xa en Madrí mos quitaron das maus inda non ben os recibira.

Unha cordial aperta de

J. M. Díazcastro

* * *

²⁸ No orixinal, *una*.

²⁹ **Manuel Suárez Serantes**. Naceu en 1908. Exerceu como practicante e como procurador dos tribunais. Cursou a carreira de Filosofía e Letras na USC. Foi redactor de *El Correo Gallego*, onde asinou numerosos artigos co pseudónimo de *Panurgo*. Destaca o seu traballo, *Canalejas y su gobierno a través de un diario de su ciudad natal: (“El Correo Gallego”, órgano del partido liberal demócrata en Ferrol)*, en 1965.

Madrid, 10- X- 1961

Querido amigo:

Recebín a túa carta do día oito, que moito che agradezo, o mesmo que ese recorte e máil-a carta dese amigo residente en Londres.

Estiven agardando a chegada do teu exemplar de “Nimbos” pra cho adicare, pois noutra carta me decías que mo ibas mandar, despóis de volver das túas vacaciós. Agora espero que mo poderás remesar pra adicarcho; eu houbera querido mandarcho dende eiquí, pro a verdade é que me quedéi sin exemplares.

Dóime de verdade non relembrar o nome dese amigo de Londres, mira que mo presentaron en Madrid, creo que coa compañía da sua dona. Era a primeira vez que oía o seu nome, e, pra máis, o encontro foi moi breve, e por eso non poido lembrarme do seu nome. Dóime ainda máis polos termos desmesuradamente eloxosos que él adica a “Nimbos”, i a min mesmo. Eu non sabería agradecerllos abondo, como non sabería agradecerche a ti as novas que me das sobre os primeiros comentarios suscitados por este libro. Dígoche a ti que eu son³⁰ meirande sorprendido.

Agradezo infinitamente a confianza –real y ausolutamente innecesaria– que puxéchedes en min, i esforzaréime por non defraudala. Aparte disto, hai na tua carta e na do amigo de Londres dúas cousas que verdadeiramente me enchen de lediza e me aguilloan a seguir: que a miña poesía proporcione certo gozo ós que a lean, i o saber que os poetas novos dan tan boa acollida a “Nimbos”. Eu amo

³⁰ Falta, loxicamente, o artigo (“son o meirande sorprendido”).

ós poetas novos tanto coma ós consagrados, ou quizaves máis; dóime cando empezan mal por cousa dunha desorientación inicial.

En canto a ese recorte –que coido é do “Ideal Gallego”– contén a reprodución literal dunha nota que sobre “Nimbos” publicou o xornal “ARRIBA”, de Madrid, o día 1º de setembro. Curioso. E aínda máis curiosa a redacción da nota.

Devólvoche, co-esta carta, a do amigo de Londres, que mandache, pois contén outros datos e referencias que ti quererás ter presentes á hora de lle contestar.

Non sabía que o derradeiro libro de Aquilino se publicara en “Galaxia”. Pode que encargue o envío dun exemplar dentro de pouco, pois “Nenias” é o único libro de Alvaríño que non poseo. Gostaría de recibir de cando en cando noticias das novas publicacións da “Galaxia” (extraído ou avance de catálogo).

Unha cordial aperta de

Díazcastro

* * *

10

Madrid, 19- X- 1961

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Querido amigo:

Outra volta –¿cántas aínda?– téñoche que agradecer a túa derradeira carta, e aínda máis a tua amábel delixencia en me remesar as NENIAS de Iglesia Alvaríño e o artigo de Xosé M^a Álvarez Blázquez sobre NIMBOS.

De LANZA DE SOLEDÁ teño un exemplar, adicado por Aquilino poucos días antes da súa morte. Este libro, o mesmo que os derradeiros poemas incorporados a DE DIA A DIA e as NENIAS, impresionáronme profundamente. Por todos eles revoa a ouseción da morte coma un presentimento arrepiante. Inda non tiveron tempo de rematar de ler as NENIAS, algúns de cúios poemas xa me eran coñecidos. Algunhas das “nenias” que eu non coñecía –coma a de Cabanillas– gústanme moitísimo: son a confirmación póstuma do estilo e do outo valor literario da poesía de Aquilino.

Do artigo de Alvarez Blázquez gústame a súa maneira de enfocar o tema e o seu criterio sobre certos aspectos falsos do modernismo actual. En canto ós calificativos que él adica a NIMBOS, –o mesmo que outros xuízos do libro que xa ouvín– déixanme un pouco confuso. Despois disto ¿cómo escribiréi mañán un libro que non desmereza tales loubanzas? E verdade que, intuitivamente, sempre aspiréi a unha poesía “trascendente, entrañable, humá”; pro sempre creín –e de verdade sigo creendo– que inda non cheguei a realizar por completo este ideal. ¡Qué difícil é chegar a esta meta de ser “verdadeiro”, de chegar a ver en total-as cousas a “verdá”, máis fascinante, bela e grandiosa que total-as fábulas e simulacros! Quixera escribir sobre isto algún día.

É pra min unha lediza saber que vén subindo xente nova cunha gran promesa, e que os rapaces da universidá traballan con entusiasmo. ¡Quén puidera axudarlles e ter un papel aitivo neste esforzo cultural!

Agradeceréche que me digas o precio de NENIAS, pra mandarvos o importe o antes posible.

Unha aperta de

J M Díazcastro

* * *

Madrid, 25 de outono de 1961

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Querido amigo:

Moi agradecido polas cartas que me mandache coa túa, e que se refiren a NIMBOS. No mesmo día recibín persoalmente outra carta de Camilo Suárez-Llanos, citándome pra unha xuntanza e parrafeo eiquí en Madrid. A pasaxe da carta de Don Ramón Otero Pedrayo que fai mención de NIMBOS é un pouco escura; paréceme un párrafo alegórico e cuase escrito en chave.

Deduzo, con todo, que o libro lle fixo³¹ boa impresión, por fortuna pra “Galaxia” e pra mín. Parece inferirse tamén que alguén lle encargou un comentairo crítico do libro, e quixera que o fixera, pois a súa opinión sempre tén un outo valor. Todo o que él escribe, di ou comenta apertence a unha categoría “extra”.

Non sei cómo podería agradecerche o ouséquio do exemplar de NENIAS. ¡Probe Aquilino! Nos seus derradeiros libros, a Morte anda oubeando en noite pechada sin que nin siquera un ledor aturuxo a faiga calar.

Co-ista mesma data, devólvoche, adicado o exemplar de NIMBOS que me mandache.

Unha cordial aperta de

Díazcastro

P/s. Con esta carta devólvoche tamén a de Don Ramón i a de Camilo, por seren de carácter persoal.

* * *

³¹ No orixinal, *fizo*.

Madrid, 25 de sanmartiño de 1961

Sr. D. Ramón Piñeiro
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Querido amigo:

Contesto aínda hoxe ás túas cartas de 29 de outono e 6 de sanmartiño. O motivo desta tardanza foi que estiven enfermo unha temporiña.

Recibín os recortes que me mandache de Ramón Lugrís e de Carballo Calero. Agradézoche moito o envío destes comentarios, e tamén a información que me vas dando sobre cada un dos seus autores. En xeneral, xa conocía eu a personalidade destes escritores, anque a dalgús, dunha maneira máis ben superficial. Non tiña idea de que Anxel Fole tiña publicado –hai catro anos– na “NOCHE” ese comentario en que se refería a min.

Inda non lle escribín a Ramón Lugrís. A Camilo Suárez-Llanos vino un día eiquí no Instituto; quedóu en chamarme pra unha entrevista antes de se ir de Madrid, pro supoño que eu non estaba na casa cando él me chamóu.

Supoño que Don Ramón Otero Pedrayo non terá feito ningún comentario escrito sobre NIMBOS. Gostaríame moito conocer a súa opinión. Espero con grande interés o comentario de Ánxel Fole.

Unha aperta de

J M Díazcastro

* * *

Madrid, 16 de xaneiro de 1962

Meu querido amigo:

Moi agradecido polas dúas cartas túas do 8 i o 11 deste mes, e máis aínda polo envío dos recortes dos artigos de D. Ramón Otero Pedrayo. Outra cousa que tamén che agradezo moito é a túa amábel i acertada idea de me mandar os orixinas autógrafos deses artigos. Si eu estaba moi ledo coa reación xeneral da crítica diante de NIMBOS, agora estáo peligrosamente xubilante cos comentarios de D. Ramón, que enfocou o tema dendes dun ángulo sorprendentemente acertado –con intuición das razóns da miña aitude espiritual e da miña visión do mundo–, e dalle ó libro unhas dimensións e un significado trascendente que a min me parecen escesivos. Quixéralle escribir a D. Ramón; pro non sei cándoo atoparéi o momento oportuno, pois sempre ando atafegado de traballo. Este atafegamento, que non me deixa un intre libre, é tamén a única razón de que eu non teña escrito nada despois de NIMBOS. Noustante, tentarei de facer un esforzo pra seguir escribindo. Inda que non sei cándoo nin qué.

¿Sabes algo de Camilo Suárez-Llanos? Quedou en me mandar dende Galicia o seu exemplar de NIMBOS pra que eu llo adicase. Tamén quedara en telefonarme antes de salir il de Madrid; pro ó día seguinte da nosa entrevista, tiven que me ausentar desta capital. E non quero pensar que Camilo teña interpretado mal o silencio do meu teléfono, ou o xeito precipitado da nosa entrevista.

Unha cordial aperta

J M Díazcastro

* * *

Madrid, 27 de maio 1962

Sr. D. Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido Piñeiro:

Contesto agora a túa do día 13 ult., que che gradezo por te lembrar de min e da miña terra nadal ó lembrar a un conterraño meu, Antonio Pérez Prado, Presidente da Asociación de Hijos de Galicia, da Arxentina. Levo unha temporada en que estou quedando mal coa xente amiga ou presentada, coma neste caso concreto de Pérez Prado. A este “paisano” meu, con quen tiña degaros de falar, somente puiden saludalo por teléfono, e inda así, grácias que il me chamóu dende o hotel Ronda. Istes días non tiven posibilidade de o chamar e falar co il, pois o traballo profesional i outros compromisos me impediron ausolutamente cumprir o meu desexo. Ista mañán chameino ó hotel, pro de alí me dixeron que xa se fora. A verdade é que cando il me chamara, dixérame que iba estar moi pouco tempo en Madrid, i eu mesmo, comprendín que non iba ser doado tér unha longa parrafada co íl. Enfín, sentín moito que iste encontro non poidera ser realidade.

Tes razón: o seu caso –ou mellor dito, o de sua nai– é un caso rarísimo por non dicir único. Quero dicir o feito de ter vido a Galiza pra bautizar nela o seu fillo.

A quen estou vendo con relativa frecuencia e ó Novoneyra, que sigue eiquí en Madrid embaratado³² co seu plan de aítuar en programas de radio sobre temas de poesía galega i estranxeira. Esta semá penso volvelo ver.

³² A lectura que facemos lévanos á forma “embaratado”, aínda que non resulta lóxica neste contexto.

Con moito gusto quixera eu verte eiquí en Madrid outra volta. A ver se vés e parolamos un pouco.

Mentres tanto, eu quixera pedirche un favor, sempre que non che causara moita molestia³³. Trátase de isto. De tódolos artigos e comentarios sobre NIMBOS sóio me falta un, que perdín. Precisamente un artigo que mandarás soio ti. O de Anxel Fole. Teño entendido –aínda que non teño seguranza– que ese traballo foi publicado nunha “Hoja del Lunes”. Eu quixera tér toda a colección de istes artigos. E ise perdino sin remedio. ¿Poderías ti tratar de localizalo, e pidilo, mandándome despois o número ou o recorte? Gradeceríacho.

En Madrid tratéi de facer que fixeran, na Prensa de eiquí, unha reseña de NIMBOS. Hastra agora, nada. Parece ser que os libros en linguas rexionás non-os queren reseñar na prensa castelá, polo menos na de Madrid.

Unha boa aperta de

Díazcastro

* * *

15

Madrí, 2 de Santiago de 1962

Sr. D. RAMÓN PIÑEIRO
COMPOSTELA

Meu querido amigo:

Contesto a túa do 16 de San Xoán. Agradézoche moi-tismo as túas xestións en percura do artigo de Fole sobre

³³ No orixinal, *moito molesto*.

NIMBOS. Teño interés en conservar unha copia dese artigo.

Ó Novoneyra fai algún tempo que no no vexo por eiquí. Dinlle algús datos sobre autores premiados co Nobel pra unha emisión radiofónica. Véu por eiquí algunhas veces, pro agora hai unha temporeira que non vén. Quezaves está no Caurel.

En Basconia faláronme da posibilidade de publicar unha tradución de NIMBOS ó éuskaro. É moi posible que o libro se traduza ó basco antes do ano vindeiro. Un profesor basco de filoloxía, parente da miña muller e moi conecedor do éuskaro, ofrecéuseme pra facer a tradución. Si hay algunha dificultade pra íl, será únicamente a das palabras austraitas ou filosóficas. Despois de traducido, a publicación poida que non presente dificultades.

Quixera terte visto por eiquí antes das vacaciós. Eu márchome pra Guipúzcoa o día 24 deste mes. Tornaréi a Madrí aló polo 25 de agosto.

Tiña moitas ganas de lle escribir a Don Ramón e tamén ó Ligrís, da BBC³⁴. Pro, por falta de tempo, estou quedando a mal con todos. Vou ver si, nestre entremedio do vráu, cumpro con todos estes deseios e obrigas.

Unha forte aperta de

J M Díazcastro

* * *

³⁴ **Ramón Ligrís Pérez** (Ferrol, 1932) concursa e gaña a praza de locutor e redactor da sección española da BBC de Londres en 1957, posto que ocupará ata 1962, data na que se traslada a Nova York para traballar nas Nacións Unidas. *Vicente Risco na cultura galega* (1963) foi o seu único libro publicado.

Madrid, 4 de abril de 1963

Sr. D. Ramón PIÑEIRO
Santiago de Compostela

Querido Piñeiro:

Agradézoche a carta que me escribiche onte dándome a conocer o proieito de homaxe a Fermín Penzol Labandera. Felicito a Galaxia pola sorte de ser enriquecida coa biblioteca do gran bibliófilo galego. Inda que non conozo a éste, adhirome fervorosamente a esta homaxe e estou de moi boa gana desposto a aportar a colaboración que ti me pides. Ben quixera eu facer algo novo, especialmente concebido i axeitado pra ista ocasión; pro non me sería posible, pois estou atafegado de traballo. Terá que ser algún poema de NIMBOS; pro tamén hai eiquí unha dificultade: a de escoller. Eu non son xuez –nin poido selo– das miñas obras. Ti poderías xulgar millor que eu cál dos poemas é o máis acaído pra ista ocasión. Por eso prefiro deixar nas tuas máus a encomenda da escolleita. Eu quezabes escollería “Penélope”, ou “A cerna”. ¿Cal che parece a ti o máis axeitado? Despóis, eu mesmo redaitaréi a adicatoría.

Agradézoche tamén a noticia do ingreso do Cunqueiro na Academia Galega, e do día e lugar do discurso.

Respeito dista homaxe a Penzol, gardaréi discreción e segredo.

Agradézoche me deas unha resposta. Unha aperta de

J M Díazcastro

* * *

Madrid, 23 de abril de 1963

Sr. D. Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido Piñeiro:

Contesto agora a túa carta do 14 deste mes, pra che mandare o poema manuscrito COMA BRASAS, coa adicatoria a Fermín Penzol. Cumpro así o teu desexo; despois de ler o que ti me decías, comprendo a escolla que ti fixeche e estou de acordo coíla.

Cando recibín a túa primeira carta, ocorrúseme de seguida a idea de facer un poema novo para ista ocasión. Xa o tiña empezado cando recibín a tua segunda carta, e comenzaba así:

“¿Por qué rompida esta cadea de ouro,
por qué borrada esta maravillosa
frase do Gran Poema? Este tesouro,
¿por qué roubado? Penso nunha rosa

enorme da que arrincan, unha a unha,
as follas vivas. E non se ve nada
máis que as follas voando, sin ningunha
mau que as arrinque, airada ou namorada.

En cada amigo que se vai, eu morro.
Eu morro en cada morto día a día...”

(Iste non era máis que un esbozo, moi malo, pois o poema non podía quedar redaitado así). A idea-eixo era que “eu vou morrendo un pouco en cada amigo que morre”. Pro tiven que interrumpilo, porque cáseque non me queda tempo nin pra alentar. Non é tanto o traballo que pesa sobor de min coma a falta total de tempo e de calma necesarios.

¿Alármaste ti de que non teña feito nada despóis de NIMBOS? O verdadeiramente alarmado son eu. Cántas veces penséi, dende entón, escribir un libro; non, dous, tres, catro... Primeiro un par de libros máis de poesía (xa tiña hastra pensado o título, e por tanto a idea central); despóis, un libro de ensaios; despóis, hastra unha novela (nada menos –nada máis, diría– que unha novela policíaca de tipo especial, pra introducir unha novedá nas letras galegas, pois todos estes libros proieitados estarían, naturalmente, en língoa galega). Pro cándoo teréi un pouco de folgo pra facer “algo”? Estóu agardando ese día.

Xa sei que iste ano cómprese o centenario da aparición dos “Cantares Gallegos” de Rosalía. Tamén, pra comemo-ralo, quixera poder facer algo. Parceráche increíble; pro eu, que dende fai moitos anos teño as Obras Completas de Rosalía, realmente non a “descobrí” hasta fai moi pouco tempo: e quedéi maravillado. Eu non sabía hastra qué punto a súa “ialma” era irmá da miña; sin sabelo, eu estaba escribindo coa mesma ansia de realidá, fondura radical e a transcendencia que ela sentía. Pra vergonza miña, non conocía eu a Rosalía: de repente descubrí que ela é un dos máis grandes poetas –nacionás e estranxeiros– que eu lin na miña vida. Cántas falsedás se teñen dito de Rosalía, atribuíndolle vaguedás románticas, poño por caso, cando a verdade é que tiña un sentido da realidade case sangrante! Pro non me estendo máis, pois isto queda fora de lugar eiquí.

Tamén é emocionante o caso de Anne Marie Morris³⁵.
Teño moitas ganas de ver o libro galego dila.

Unha cordial aperta de

Díazcastro

* * *

18

Madrí, 8 de abril de 1965

Sr. D. Ramón Piñeiro
COMPOSTELA

Querido amigo Piñeiro:

Déboche contesta a varias cartas, i outra volta che teño que pedir perdón por esta tardanza i este imperdoable silencio. Desde fai case dous anos estóu quedando mal hastra cos millores amigos. Espero podere agora empezar a pagar todas as miñas deudas de amizade e de correspondencia.

Agradézoche moitismo a tua carta derradeira, e todo o que nela me dis. A aitude dos que se opoñen á trasla-

³⁵ **Anne Marie Morris** (Illinois, 1916 – Oregón, 1999). Poeta estadounidense que foi profesora de español na Universidade de California. Coñeceu a lingua galega a través dos escritores ferroláns Xoán Rubia e Ernesto Guerra da Cal, daquela nos Estados Unidos. Colaborou en *Grial* e traduciu ao inglés a poesía de Rosalía. Como poeta publicou en galego *Voz fuxitiva* (1964), de inspiración ora popular ora intimista. Ten que ser ela a “profesora inglesa que ven a Galicia somentes pra coñecer o ambiente rosalián, pois está traducindo ao inglés...os versos de Rosalía” da que fala Piñeiro na carta (nº 2) que dirixe a Novoneyra.

ción da liturxia á lingua galega, non sô me parece ausurda, senon que me produz unha verdadeira ferida. Esta aitude é ausurda si se tén en conta que a nosa lingua é un idioma e non un dialeito; que é a lingua que fala, con fala viva, practicamente todo o pobo galego; que se fixo oficialmente a versión da liturxa á lingua basca, sendo así que en Basconia fálase moito menos o basco que en Galiza o galego: aló os que falan o “euskera” son hoxe un porcentaxe minoritario, en tanto que linguaxe vivo falado polo pobo. Eu soio non podo facer persoalmente nada práctico pra remediar este estado de cousas; inda así e todo, penso dirixirme a algunhas persoalidades eclesiásticas galegas (teño amizade con algunha outa autoridade eclesiástica). Señá como seña, eu creio que todos deberíamos facer un esforzo e, sin agardar a unha decisión definitiva –favorable ou NON– comezar o traballo de translación do testo da misa, pra empezar; ese traballo de translación debería encomendarse canto antes a un equipo ou comisión de escritores galegos, no que entraría como membro, asesor ou supervisor algún crego galego. Este equipo debería estar composto por representantes das catro provincias galegas para así asegurar unha unidade do linguaxe na versión galega, de modo que este linguaxe seña intelixible e valedeiro pras xentes de todas as comarcas de Galiza. Eu empecéi xa por intentar unha versión galega das partes da misa contestadas polo pobo; pro por agora non teño tempo, e ademáis este traballo eisixe unha laboura de equipo. Esta translación da liturxa ó galego daría unidade, outura literaria e prestixo á nosa lingua. Teño que falar de este asunto a algús señores e amigos do Centro Galego. Si de verdade traballamos unidos e con entusiasmo tenaz, ten por seguro que teremos éisito.

Agradézoche moito que me mandaras ese exemplar de GRIAL donde se publicóu un artigo sobre a miña poesía. Gústame moito a Revista.

Máis aínda che agradezo a invitación a colaborar en GRIAL. Aceito con moito gusto esa invitación, e agora vamos a ver cando podo empezar a mandarvos algo pra ila. Noutra ocasión falareiche máis cousas da Revista GRIAL.

Este ano penso ir polo vráu, con motivo do Ano Santo, a dar unha voltiña por Galiza e –xabofé– facer unha visita a Santiago de Compostela.

Chégame agora unha carta de Bruselas, anunciando que van a publicar alí unha antoloxía de poesía española (clásicos e modernos), incruíndo nela, ô parecer, idiomas reixonás. Nela queren que figure un poema galego meu (en principio, PENELOPE).

Hastra outra. Unha forte aperta de

J M Díazcastro

* * *

19

Madrid, 3 de febreiro de 1968

Sr. D. RAMON PIÑEIRO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Querido amigo Piñeiro:

Fai séculos que estou en deuda contigo e con tantos amigos máis! Como outras veces, fixo falta a aguilloada túa –niste caso un libro xenerosamente adicado– pra romper iste pesado silencio, e, como sempre, pídoche que me perdoes esta longa tardanza.

O primeiro de todo é darche a miña grande e fervente noraboa pol-o teu ingreso na Real Academia Galega, ingreso que –contra o que ti dis no teu discurso de recepción– tiñas máis que merecido, pol-a calidade da túa obra e pola grande laboura que vés desenrolando a favor da cultura galega. Despóis disto, quero felicitarte tamén polo teu fermoso discurso, tan penetrante e clarividente, que está na liña e á outura da túa obra anterior: non esquenzo nunca aquil estudo tan profundo e orixinal sobor da “siñificación metafísica da saudade”, as túas ideas sobor da enorme transcendencia da linguaxe, a túa valoración do sentimento como factor decisivo da conducta e da eispresión humás. Lin detidamente cada liña do teu discurso e da resposta de García-Sabell, que despertaron en min o sentimento doloroso da situación galega de hastra agora, e tamén a grande esperanza que xa aluma en sinos craramente positivos no ámbito da nosa língoa.

Agradézoche na i-alma a túa adicatoria, chea de loubanzas pra min –¡ti sempre tan xeneroso!–, loubanzas que non merezo de ningunha maneira, porque me dan alento. Mas a grande urbe é un verdadeiro “trial” pra un escritor que ve a súa vida ausorbida pol-a natureza da sua laboura profesional e, máis aínda, pol-a falta ausoluta de tempo e de repouso, tan necesarios para escribir. Ista é razón única de que eu non teña escrito nada propio dende hai algús anos e de que non che poidera mandar nada hastra agora para GRIAL. De todol-os xeitos, non perdas a esperanza –ou o temor– de que che mande algo de vez en cando, como non-os perdín eu tampouco. Entramentras, quixera porpoñerche, pra GRIAL, un traballo de un amigo meu e paisano noso: Rafael Díaz Blanco, residente na capital de Lugo. É unha narración, eispresada na fala típica da provincia de Lugo. Eu non quero xulgar o valor literario de ese traballo como “narración” (arquitectura do relato, gradación do interés, etc). Si cho propoño é porque me gustóu moito por dúas cousas: a riqueza de léxico e de eispresións cheas

de forza típicas da nosa provincia, e o fondo de humorismo característico da ialma galega que amostra o autor. Mandareiche o orixinal tal como il o escribíu, sin correiciós miñas, co prego de que lle botes unha ollada, si téis tempo, pra que ti mesmo xulgues si merece ou non ser publicado na revista; o que ti digas será ben acolleito: non quero influir nada –nin como amigo– na túa decisión. Recibirás ese orixinal dentro de uns días.

Repetíndoche a miña noraboa e deseándoche moitos éisitos no teu traballo na Real Academia, mándoche unha forte aperta.

José M^a Díaz castro

* * *

20

Madrid, 13 de febreiro, 1968

Sr. Don RAMON PIÑEIRO

Compostela

Querido amigo Piñeiro:

Como che anunciara en carta escrita hai uns días, mándoche esta narración do meu amigo lugués Rafael Díaz Blanco, co prego de que, canto antes poidas, lle botes unha ollada e me digas se a consideras dina de sere publicada en GRIAL ou noutra publicación. Disculpa a brevedade, pois teño que mandar esta carta agora mesmo ó correo.

Unha aperta de

J M Díazcastro

* * *

Madrid, 20 de San Xuan de 1970

Meu querido amigo:

Despóis deste longo silencio mortal, que espero que me poderás perdoar, escriboche estes dous regos pra mandar che un bon saúdo de vello amigo, e pidirche o seguinte:

Quixera recibir de boa gana o catálogo das obras editadas pola “Galaxia”, e saber se sigue publicándose a revista GRIAL. Supoñendo que isto seña certo, quixera suscribir-me á Revista.

Pasados os anos, relémbrome agora dunha cousa que quezaves ti saibas, pro da que non che falei en tempo oportuno: dun libro publicado en Bruselas por unha dona belga –Françoise Pechère–, unha antoloxía titulada Terre d’Espagne, na que hai numerosos poemas galegos, cataláns e casteláns traducidos ó francés, xuntamente cos textos orixinás. Nesta escolma, na que colaboréi eu un pouquiño coa autora, (no traballo de tradución) hai doce poemas galegos, antre eles de Bouza Brey, Iglesia Alvariño, Celso Emilio, Pardo Esperanza e un poema meu (Penélope).

Espero me poidas mandar algunha que outra noticia sobro mundo cultural e literario aitual da Galiza.

Unha aperta de

J M Díazcastro

* * *

Madrid, 19 de Nadal de 1970

Meu querido amigo Piñeiro:

Outra vez che teño que pregar, de verdade, que me excuses da tardanza. Hai moito tempo que che debo grácias pol os dous fermosos libros que me mandaches: o dos Poemas Escolleitos de Robert Frost e máis a Obra Completa de Leiras Pulpeiro por X. L. Franco Grande, ese escritor galego que tén a teima de aproveitar total as ocasións pra facer de min loubanzas que me deixan pasmado. ¿Debo decirche, –avergoñado– a verdade? Non lle botéi máis que unha lixeira ollada a algún que outro poema de Frost, poeta que me gusta moito pol o caraiter da súa poesía que, arrincando dun sustrato rural, érguese hastra os outos cúmios do universal. Moito che gradezo este libro, ben escolleito, e tamén a obra do Leiras Pulpeiro que –parecerá mentira, como tantas outras cousas parcen mentira en min– nunca lera eu, anque il era de Mondoñedo e o seu nome se garda alí como unha dourada tradizón. Nunca hastra o de agora lera eu un sóio poema do Leiras Pulpeiro. Por iso, me admira o que di Franco Grande encol da xeneración de poetas lugueses que, asegún il, tiveron a súa fonte no L. Pulpeiro. Do Leiras Pulpeiro lin un pouco máis que do Frost, pro moi pouco máis... agora. Certamente ten o estilo dos poetas de Lugo, e foi un bon poeta tendo en conta as circunstancias do tempo no que vivíu. En canto ós comentarios críticos de Franco Grande, párceme un estudo feito á concénzia; vexo no Franco Grande un xuízo moi perspicaz i equilibrado. Franco Grande tén unha grande sensibilidade e un crítico moi agudo. Nas referéncias que il fai de min, é increíblemente xeneroso na loubanza: quédome varado ao ver que sabe de min moito máis que eu mesmo, como poeta.

Este vrau, nalgús periódicos de Galiza aparceron algunhas noticias sobre min que non son eisaitas: por exemplo nun periódico (creo que foi El Ideal Gallego), díxose

que eu tiña a punto un libro pra publicar. E verdade que eu teño material para un libro de poesía, pero está en castillán todo; son poemas da xuventude, i algús posteriores, con calidade moi desigual. Pro non teño nada preparado en galego, anque non me faltan ganas. Madrid sempre foi pra min unha mala meiguice, e agora entendo mellor o que alguén, falando de min e de outros poetas galegos, atribúinos unha especie de “heroicidade”. Pro teño que tentar unha vez máis. Teño que esforzarme outra vez, e intentar o que seña pra volver a escribir.

O libro do Frost acéitoo como un regalo teu. Pro quixera que me dixeras o prezo da Obra Completa do L. Pulpeiro, pra cha pagare. Outra cousa que che agradecería moito é que ordenes que me suscriban ehí á Revista GRIAL xa dando mes de xaneiro próisimo. De seguida che mandarei o prezo das dúas cousas. Moitas gracias, amigo Piñeiro.

Cos meus millores desexos dun bon Nadal e un Aninovo ditoso, mándache unha apérta moi forte.

J M Díazcastro

* * *

23

Madrid, 14- XI- 71

Querido Piñeiro:

Recebín a tua carta do día oito, que me aledóu. Tés razón: hai cuase séculos que nin nos vemos nin temos novas ún do outro.

Alédame sabere que, por fin, váiselle facer un homenaxe a Penzol. Eu agradézoche de que volveras a lembrar-

te de mín pra tan merecido homenaxe. Homes coma Penzol fannos moita falla.

Por eso che mando con moitismo gusto a miña autorización pra pubricar no libro do homenaxe o meu poema “Coma brasas”. A autorización vai en castelán, xabofé.

Alédame tamén que me digas que che gusta ise poema. É pra min unha grande loubanza o decirme que cánto máis o lés, máis che gusta. Eu non poido decir iso; non me gustan moito os meus poemas, quizaves cada día me gustan menos, porque cada volta os encontro máis alonxados da outura, da fondura, do contido e da beleza que deberían de tér; pero, iso sí, ámoos quizaves porque os escribín con sinceridade, cuase con sangue, sobra base dunhas experiencias intensamente vividas.

Pídesme que che conte algo da miña vida. Quixera facelo, pro quero mandar agora mesmo ista carta, e ademáis ando moi mal de tempo. Por outro lado, pouco che poido decir da miña vida, polo menos da miña vida literaria.

Millor dito, con grande door teño que dicir que dende hai longos anos, a miña actividade literária, a própia, a de creación, é nula. Sigo tendo ganas de escribir algo meu. Pro case non me atrevo. ¡Estou tan desafeito a escribir!

Lin toda a obra de Pulpeiro, millor dito o libro que ti me mandaches. Pro do Robert Frost non lin máis que a terceira parte. E un poeta de natureza, un poeta ruralista, totalmente agrícola. Hai cousas d’il que me gustan de verdade. Tén un xeito moi orixinal de enfocar e tratar os temas.

Unha forte aperta do

Díazcastro

Agradézoche o que me dis do Michelena. Tamén eu quero ter un intre ceibe pra lle escribir.

* * *

24

Autorizo a D. Ramón Piñeiro, como representante de la sociedad editorial encargada de publicar el libro de homenaje a D. Fermín Penzol Labandera, para que disponga la inclusión en dicho libro de mi poema “COMA BRASAS”, en gallego y con la dedicatoria que figura en la copia adjunta.

Madrid, 14 de noviembre de 1971

José María Díaz Castro
Jaime Vera, 23- 3º- izq^a
Madrid- 11

* * *

25

Madrid, 18 de xaneiro de 1972

Benquerido Piñeiro:

Sinto moito non ter eiquí diante a tua carta derradeira, e tamén non lembrar o seu contido; sóio me lembro de que me dabas a notiza de que o Michelena, nunha excursión, ao parecer mancouse moito nos tobelos. Quixera terche contestado xa moito dinantes de agora (ao Michelena escribinlle só hai uns días); pro, inda que seña un pouco tardiamente, deséxoche un ano novo ventureiro e ledó en todos os xeitos. Hogano apenas escribín felicitacións a ninguén, por cousa das circunstancias especiás que me envolveron. O 6 do derradeiro mes, de Nadal, morréu meu pai,

e vintecatro días despois morréu tamén (o día 2 deste mes) súa irmá, tía miña que foi para todos os irmaos unha segunda nai. Nas dúas tristes ocasións fun ó meu pobo (Os Vilares de Guitiriz), alcontrando inda vivo a meu pai, pro xa morta á miña tía. Perdoa que che día estes detalles pró é sóio pra che expricar a miña tardanza en che escribir.

E nada máis esta volta. Quéro aproveitar ista ocasión pra che pregar que días a orde que me suscriban á Revista GRIAL, (se se sigue pubricando). Quezáis nela poderían ter cabida algún artigo ou comentáριο meu, de tipo literáριο ou lingüístico por exemplo, ou dalgún aspecto da realidade social ou conceicións filosóficas da miña colleita.

Unha boa aperta do teu amigo

J M Díazcastro

* * *

26

Madrí, 31 de maio 1972

Benquerido Ramón:

Dinantes de nada, prégoche que me desculpes de duas cousas: da tardanza en dar resposta á tua carta do 20 de abril pasado, e de non vos ter saudados a ti e mais ó Carballo Calero na ocasión da oposición á carreira de Língua e Literatura galegas. Ambal-as cousas tiveron as suas causas xustificantes: a vida en Madrí –física, social, profesional– é condanadamente atadora. Quezabes tería eu podido vervos na ocasión das oposicións, polo menos durante uns intres; cando, pra infrormar niste aspecto, chaméi por teléfono ó Ben-Cho-Shey, iste díxome que ti e mais Carballo

Calero xa vos tiñades ido de Madrí. Tiña eu moitas ganas de te voltar a vere, e tamén de conocer e saudar ó Carballo Calero. ¡A ver si iso pode ser axiña!

Estou moito en deuda de gratitude contigo e tamén co Carballo Calero pola vosa decisión de me propor pra académico correspondente da Galega. Iso é pra mín unha grande honra e, ó mesmo tempo, un gozoso vencello máis que me uñe e me achega inda máis á nosa terra nai. Quezabes nunca na miña vida quixen tanto á Galiza e ás suas xentes coma agora. Pra mín o sere académico correspondente é unha maneira máis –unha maneira máis outa e mais fonda– de sere galego.

Agardo con léda eispeitación o libro homaxe ó Penzol.

Istes días penso dar unha vólta polo estande galego da Feira do libro e botar unha ollada ás derradeiras ralizaciós da “Galaxia”.

Hai uns días din eiquí na Cidade Universitaria, no Colexo Maior “Jaime del Amo” un recital de poesía galega e castelá, dentro do programa da “Semana galega” dos estudantes universitarios e enxeñeiros galegos.

Unha forte aperta do teu bo amigo

Xm Díazcastro

* * *

Madrid, 23- XI- 1973

Sr. D. Ramón Piñeiro
Gelmírez, 15
Santiago de Compostela

Querido amigo Piñeiro:

Dou agora respósta ás tres derradeiras cartas túas, que me escribiche coa ocasión do meu nomeamento de académico correspondente da Real Academia Galega. Moito che gradezo estas cartas, esta atención que tés comigo. Pro máis aínda gradezo a túa intervención, o esforzo que ti fixéche, xuntamente co Carballo Calero e o Dr. García Sabell pra que me elixiran a min académico. Inda que eu sabía que era prácticamente segura ista elección, polo que me tiña dito Ben-Cho-Shey recibín unha grande lediza coa noticia que ti me déches.

Non fai falla que me suxiras que lle escriba ó Presidente Martínez Risco, pois xa lle tiña pensado escribir con este motivo, pra eispresarlle o meu agradecimento, e tamén ao Carballo Calero e ó Dr. García-Sabell. Por ista razón, gradecereiche que si che é posible, me mandes a dirección dos tres: Risco, Carballo e García-Sabell. Non sei a dirección exaita da Real Academia Galega, inda que estou case seguro de que é Praza de María Pita, núm. 1, da Cruña.

Ó secretario da Académia conocino –e conoceume il– hai anos en Betanzos, na ocasión duns xógos Floráis. Naquela ocasión, ademáis de a Francisco Vales Villamarín³⁶,

³⁶ **Francisco Vales Villamarín** (Betanzos, 1891 – 1982). Historiador e poeta. Exerceu como mestre en Mugardos e na Coruña. Foi fundador da Irmandade da Fala de Betanzos. Fundou e dirixiu *El Normalista* (1913) e o *Anuario Brigantino* (1948). Secretario perpetuo da RAG, en

conocín tamén a Victoria España³⁷, aparte de outros escritores i artistas.

Non teño idéia das obrigas que me impón a miña nova condición de académico correspondente, pro tentaréi de cumprilas e facerme digno de ista distinción.

Dasme unha noticia que me gorenta: a da tradución da Biblia ó galego por unha comisión de escrituristas. As traducións históricas da Biblia foron un factor de enorme importancia prá cultura, e máis que nada, prá formación da lingua.

Agardo a tua resposta. Agradecido po-las túas felicitacións, mándache unha³⁸ forte apérta

J M D Castro

* * *

1929 reuniu a serie de sonetos “Estampas betanceiras”. Foron numerosos os seus estudos de historia local de Betanzos.

³⁷ **María Victoria Fernández España** (A Coruña, 1925 – Madrid, 1999). Filla do propietario e fundador de *La Voz de Galicia*, graduouse na Escola de Xornalismo. Residiu co seu esposo Felipe Fernández de Armesto (Augusto Assía) en Estados Unidos ata 1953. Traballou arreo en *La Voz de Galicia*, onde publicou as series “Verbas galegas” ou “Camiño longo”. En Galaxia apareceu o seu estudo *Galicia Feudal* (1971). É autora tamén de libros como *Los hijos cautivos de Breogán* ou *Liberales coruñeses*. Foi distinguida co Pedrón de Ouro, o Premio Concepción Arenal e a medalla Castelao.

³⁸ No orixinal, *un*.

Madrid, 30 de maio de 1975

Querido Piñeiro.

Sóio duas liñas encol da notiza, que acabo de ler nun xornal de Madrid, que cento corenta intelectuáis galegos –antre eles ti, D. Ramón Otero Pedraio, García-Sabell e outros– dirixístedes ô alcalde de Compostéla unha³⁹ petición pra que presente a dimisión do seu cargo; quero eispresarche o meu asombro de que unha autoridá fixé- ra tales afirmaciós sobre Castelao e o homaxe a esta figura senlleira da cultura galega. Sempre tendo en conta a versión da Prensa, se é certo que il dixo públicamente (en castelán, xabofé) a afirmación de que “el caso de Castelao se ha desorbitado” e “que no era cosa del otro mundo y que apenas merecía una conferencia”, eu adhirome de corazón á vósa aitude e a vosa petición, pois tales verbas na boca de quen debe representar aos galegos no concello de Compostéla significan un menosprecio dunha figura de tal categoría, no só da cultura galega, senón tamén da cultura universal. ¿Quién é eiquí o “desorbitado”? (non falo eiquí, nin podería tampouco falar, do señor García Castro en tanto que alcalde, senon dunhas afirmaciós, feitas públicamente, que trascénden do campo da sua competénza). Castelao é merecedor, non sóio de mil conferencias e estudos, senón tamén dun bo monumento que perpetúe a sua memoria.

Non hai moito témpo recibín o número de GRIAL adicado a Castelao, e tamén lin no mésmo xornal madrileño un artigo importante sobre a vida e a obra de Castelao.

³⁹ No orixinal, *un*.

Nada máis polo de hoxe. A ver se dentro de pouco podo parrafear contigo por carta encol de outros témas. Iso é o que eu desexo e espéro.

Unha forte aperta do teu amigo,

J M Díazcastro

* * *

29

Madrid, 29 de marzal de 1976

Benquerido Ramón:

Chégame agora a tua carta –despóis de longos entremeios de silénzo antre nós–, que me aledou moito por téreste ti lembrado de min prá laboura de colaborar cos responsables da tradución da Biblia ao galego. A empresa vai ser longa e laboriosa, pro estóu de acórdo contigo en que a idéa é engaiolante, en que as traducións da Biblia sirviron e sirven pra perfeicionar e enriquecer as língoas e que a tradución do Antigo Testamento é unha emocionante aventura. Eu non teño nada de escriturista nin teño, polo mesmo, coñecemento de hermenéutica bíblica; por outro lado, supoño que a tradución galega estará baseada na Versión (latina) dos setenta, i-eu non dispoño eiquí de ises textos latinos, que están no póbo galego donde fun nado. Así que eu non podería facer traducións dereitas sobre ises textos. A pesares de que algúns pensan que eu son un bon coñecedor do galego, os meus coñecementos da língua (que xa empézan a esquencer pola longa ausénza da térra), son

imperfeitos e⁴⁰, ademáis, localistas (zona da miña terra natal, e zona Pontevedra – Compostela). Estaba agora pensando tamén en outros bos tradutores da Biblia (Casado Nieto⁴¹ e máis dous préstes galegos residentes nunha vila de Levante, que fixéron traducións moi boas de algunhas partes do Vélo Testamento).

Direiche xa que, por motivos profesionás agobiantes, non teño por agora o tempo que de verdade quixera ter pra adicarme a unha laboura de tradución; sóio podería encarrégarme da lectura e revisión dos textos xa traducidos ao galego por ise equipo de tradutores.

Por todo isto quixera pedirche, querido Piñeiro, que me puxéras directamente en contaito co coordinador, Profesor Andrés Torres Queiruga, ou con algún membro do equipo de tradutores, dándome o seu enderezo, pra que eu lles expoña o que che acabo de decir i-outros detalles máis concretos.

Eu quixera decirche moitas máis cousas encol da situación da cultura galega e das perspectivas futuras, pro esta carta está alongándose máis da conta.

Moi agradecido, mándache unha forte apérta

Jm Díazcastro

* * *

⁴⁰ No orixinal, y.

⁴¹ **Manuel Casado Nieto** (Castro Caldelas, 1912 – Barcelona, 1984). Avogado e escritor. Exerceu como Fiscal do Estado en Oviedo, Pontevedra e Barcelona. Nesta cidade presidiu o Centro Gallego, onde dirixiu –década de 1950-60– a revista *Alborada*. Dos seus poemarios anotamos *Orballo ispido* (1954), *O ronsel do meu silencio* (1955) ou *Canta lonxe o corazón do tempo* (1969). Como narrador publicou *Contos que non son contos* (1969) ou *Refendas de vida e morte* (1983). Traduciu ao galego os textos bíblicos *Libro de Xob e Eclesiastés*.

INSTITUTO DEL FRÍO
Madrid, 7 de setembro de 1979

Benquerido amigo Piñeiro:

Seguramente non esperabas de min istas breves liñas. ¡Tanto tempo sin comunicarnos ti e eu, nin por carta nin por outros medios de relación! Non vou decirche a razón diste longo silencio que caíu entre ti e min, entre outros amigos, representantes da cultura galega, e min. Coido que sería longo de explicar e, ademais, quezáis innecesario. Supoño que, pra moitos, Díaz Castro eclipsouse hai xa tempo, que morréu como escritor, que morreu como galego, que morréu pra os amigos, pra cultura galega, pra Galiza. Nada diso é certo; non renunciéi a nada. Eu tamén tiven, como Celso Emilio, a miña “longa noite”, non de pédra, senón de fume. E é precisamente a morte do gran Celso Emilio Ferreiro o aguillón que me móve a escribirche. Recebín a nóva do seu pasamento estando eu en Galiza, en vísperas da miña saída de Guitiriz pra Madrid, despois dunhas bréves vacacións. Non me foi posíbel asistir ao seu entérro; pero tendo en conta a perda que supón pra Galiza a morte dun tan outo representante da sua cultura, eu quixera unír a miña voz ás voces de tantos galegos que chóran a sua desaparición e contribuir, na miña modesta posibilidade, ao homenaxe póstumo que ben merece tan grande poeta. Estóu certo de que os escritores e representantes da cultura non deixarán de facerlle iste homenaxe ou homenaxes e quero que a miña escura voz non esteña ausente diles. A nóva da sua morte causóume unha fonda impresión; debo decir que il e mais eu tivemos unha longa relación epistolar e literaria hai moitos anos, xa dende moi cedo, e inda non hai moitos meses, falei con il nunha

xuntanza que tivémos no Centro Galego de Madrid. Estáou vendo a súa cara, ouvindo a súa voz.

Quixera que istas liñas, escritas mal e á présa, servirán pra coller de nóvamente o fío das véllas relacións antre ti e i-eu.

Unha fórte apérta do

Díaz Castro

* * *

31

Madrid, 2 de outubro de 1979

Benquerido Ramón:

Acabo de recibir e ler a túa carta do 29 pasado e, como ti espéras i agardas a miña respósta, quero darcha agora mésmo, pra decirche que non me vai ser posíbel preparar cousa ningunha pra mandarcha ó remate diste mes, pra a revista GRIAL. Dentro de dous ou tres días teño de saír de Madrid pra disfrutar un mes de permiso, en terras de Lugo. Aparte da miña laboura cotián eiquí no Instituto do Frío –coa miña nóva responsabilidade de Xefe de Servicio de Información y Documentación– teño compromiso (contrato) cunha editorial madrileña.

Polo de agora, teño que aguantar as ganas de colaborar en GRIAL, hastra outro número da revista. Gradézoches moito, unha vólta máis, que me ofrezas as páxinas de GRIAL; isa é unha aguilloada pra que eu contribuíra á cultura da nósa terra, que foi sémpre o meu degaro.

E vou decirche unha cousa: despois de ter eu pasado tanto tempo sin o exercizo de escribir en galego, sintome un pouco “anquilosado”, “desentrenado”, pero o que máis me dói é que estou perdendo, un pouquiño nada máis, afortunadamente, o léxico e os xiros lingüísticos da nosa lingua. Pero, así como non quero desvencellarme nunca dos meus amigos, tampouco me desvencellaréi nunca de Galiza: das custións culturais, sociais, económicas, políticas, etc, da nosa terra. Os problemas de Galiza son problemas íntimamente meus.

Non quero cansarte máis. Puiden xubilarme o ano pasado, puiden facelo iste ano; quezáis me xubile no 1980 (xubilación voluntaria). Cando chegue ise día, penso adicarme a traballar por Galiza (xa traballéi nalgúns aspectos que poucos coñecen). Recebín unha boa lediza cando soupen do Decreto do Bilingüismo. A ver si noutra carta che falo deste tema e doutros máis. Unha forte aperta de,

XoséMaría

Non⁴² coñezo persoalmente ó Ministro de Educación (galego), pero sí ó Ministro de investigación y Universidades (González Seara⁴³, orensán), con quen falei brevemente no madrileño “Club siglo XXI”, na ocasión dunha Conferencia de García-Sabell.

Cando vou a Galiza, sémpre paso moi cerca de teu pobo natal: Láncara. Pero nunca me paréi alí hastra o de agora.

* * *

⁴² A xeito de postdata ou epílogo, o autor da carta insire á man esta nota que reproducimos ao final da misiva.

⁴³ **Luis González Seara** (A Mezquita, Ourense, 1936). Doutor en Ciencias Políticas. Catedrático de Socioloxía nas universidades de Málaga e na Complutense de Madrid. Cofundador do Partido Socialdemócrata, integrado logo na UCD. Senador por Ourense e Deputado por Pontevedra. Presidente e fundador do xornal *Diario 16* e da revista *Cambio 16*.

Urretxu (Guipúzcoa), 16- III- 89

Sr. D. Ramón Piñeiro

Benquerido amigo:

Hai xa unha boa xeira de días que un amigo me fixo chegar dende Galicia, por teléfono, a triste nova do pasamento da tua dona, Isabel. A intento, deixei correr o tempo ata agora, pois ben sei, por experiencia propia e allea, que o correr do tempo, aparte doutros factores humáns, alivia e desterra a anguria abafante que deixa tras sí a perda dun ser entrañablemente querido. E fáloche así, con este esforzo fraterno de comprensión, pois hai moi pouco aínda (o 17 de outubro) paséi por un trance durísimo ao perder tamén á miña muller, máis duro aínda polas circunstancias da súa morte e dos tempos inmediatamente anteriores, pois, sen unha palabra, sen sinal ningún de aviso, amenceu morta, durmida pra sempre, cando estaba chea de proxectos, de ledicia e de ilusións.

Agora quéroche facer chegar o dorido testimoño da miña pena, a miña fonda simpatía de amigo verdadeiro e tamén –pois son creente– o propósito de ofrecer as miñas oracións polo gozo eterno da que foi tantos anos a compañeira da tua vida e o teu destino.

Quixera darche persoalmente o meu apoio moral e a miña palabra de alento neste intre tan doloroso, pero non é posible agora.

Máis nada por hoxe. Recibe, coa miña fonda simpatía, unha forte e garimosa aperta,

Xosém^a Díazcastro

* * *

IV

CELESTINO FERNÁNDEZ DE LA VEGA

1

Lugo 11- V- 53

Querido Ramón:

He pasado algun tiempo sin escribirte porque esta última temporada ha sido bastante agitada para mí: la muerte de mi querida madre (q. e. p. d.), el viaje a Madrid, algun viaje por la provincia en misión profesional y, ahora, la espera, de un día para otro, del segundo hijo no han dejado tiempo para nada.

En Madrid, sin proponermelo, por casualidad, he conocido bastante gente: Baroja, Zubiri⁴⁴, Gerardo Diego,

⁴⁴ **Xavier Zubiri Apalátegui** (San Sebastián, 1898 – Madrid, 1983). Ingresar no Seminario de Madrid e estudar filosofía con Juan Zaramüeta para logo ir á Universidade, onde vai ser alumno de Ortega y Gasset, quen ademais dirixirá a súa tese en 1921. Atópámolo nas universidades de Friburgo e Berlín, con Husserl e Heidegger. Casa en 1936 con Carmen Castro, filla do historiador Américo Castro. Durante a Guerra Civil permanece en París facendo traballos de física e de filoloxía para volver a Barcelona como catedrático de Filosofía, do cal solicita excedencia para impartir cursos privados que se publicarán postumamente. A súa filosofía baséase na elaboración dunha nova idea da realidade e tivo unha gran influencia sobre a teoloxía da liberación e as filosofías contemporáneas. Destacan algunhas das publicacións editadas postumamente, *El Hombre y Dios* (1984), *El problema filosófico de la historia de las religiones* (1993), *El problema teológico del hombre: Cristianismo* (1997), *Los problemas fundamentales de la metafísica occidental* (1994), *Espacio. Tiempo. Materia* (1996), *Sobre la realidad* (2001) ou *El hombre: lo real y lo irreal* (2005).

Aníbal Otero, García Martí, García Paz⁴⁵, etc. He tenido muy poco tiempo para hablar con toda esa gente, pero sí el suficiente para obtener esa primera impresión favorable o desfavorable, simpática o antipática.

Estuve con Rof: cené con el y me llevo a una conferencia de Zubiri. Allí me presentó a Laín, Aranguren y Valdecasas⁴⁶. Todo fué muy rápido. Rof me confirmó la primera impresión de simpatía que nos produjo el día que lo conocimos en Lugo. Es admirable: muy inteligente, muy informado y extraordinariamente cordial y sencillo. Me habló de los temas que le propusísteis para la reunión de Bastavales: el paganismo del gallego y la humildad del gallego. Los dos temas me parecen llenos de interes. Rof me dijo que pensaba elegir el segundo: la humildad del gallego.

⁴⁵ **Sebastián González García-Paz** (Pontevedra, 1908 – 1967). Estudou o bacharelato no Instituto Xeral e Técnico pontevedrés e Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Realizou o doutoramento en Madrid (1930), coa tese *El colegio de San Clemente de Pasantes de Compostela*. Na volta a Compostela tivo ao seu cargo as cátedras de Arqueoloxía e Historia ata o comezo da Guerra Civil. Ampliou os estudos de Prehistoria cunha bolsa en Francia e Alemaña. Foi un dos fundadores e colaboradores do Seminario de Estudos Galegos, onde traballou coa catalogación dos castros a carón de López Cuevillas, ademais de levar a termo importantes labores de escavación en Santa Tegra (A Guarda) ou Domaio (Moaña). A consecuencia da guerra marchou a Porto Rico, onde foi profesor e máis tarde decano na Universidade portorriqueña, ademais de realizar un intenso labor de recolla e clasificación de materiais da historia deste país. Escribiu artigos, pronunciou conferencias e publicou, entre outras obras, o estudo *O tesouro de Foxados* (1933).

⁴⁶ **Alfonso García Valdecasas** (Granada, 1904 – 1993). Catedrático de Dereito e político español. Doutorado pola Universidade de Bolonia. Discípulo de José Ortega y Gasset. Dimitiu da súa cátedra en 1929 polas persecucións estudantís e pasou a integrar a Agrupación ó Servizo da República, sendo deputado nas Cortes Constituíntes republicanas en 1931, cargo que abandonaría ao ano seguinte. Con posterioridade participou como integrante da Falanxe española e máis tarde foi dirixente daquela organización. Entre as súas publicacións destacamos *El hombre y yo* (1934) e *El hidalgo y el honor* (1958).

Ya había quedado con él en acompañarlo a Orense y así pienso hacerlo si es que la paternidad espectante no me lo impide. Es decir: sí el alumbramiento de mi mujer es feliz y oportuno. Tal vez me acompañen a Orense Pimentel y Antonio Figueroa. Muy agradable esa noticia sobre la edición francesa de Rosalía, Pondal y Curros. ¡A ver si por fin se enteran en Madrid aunque sea a través de París! Por cierto que Baroja –que habló mal de todo el mundo en las tres horas que estuve en su casa– uno de los pocos elogios que hizo fué de Rosalía y de Bécquer.

Estos días está entre nosotros Novoneyra. He leído su libro “Terras Altas” y coincido plenamente con tus juicios: es magnífico por su sencillez y sinceridad; creo que inaugura un camino en la poesía gallega. Me parece completamente exacta tu observación sobre el parecido de muchos poemas de “Terras Altas” con algunos poemas del Pokorny. Novoneyra dice que no conoce el “Cancioeiro” y en ese caso se trataría de una adivinación poética, de una sencillez madura coincidente con una sencillez originaria, primitiva de la poesía celta. De conocer Novoneyra el “Cancioeiro” –cosa que sospecho a pesar de su negativa– sería “Terras Altas” un rápido y magnífico ejemplo de la fecundidad para nuestra poesía actual de la poesía celta de la que hablabas tú en el prólogo de Porkorny.

Fole está en Lugo y lo encuentro muy bien. Muy equilibrado y sensato y, además, ha recuperado su excelente forma literaria. Es decir: vuelve a “estar en forma”, a ser el Ángel Fole magnífico.

Un abrazo muy fuerte y hasta Orense

Celestino

* * *

Lugo 26- mayo- 53

Querido Ramón:

El próximo sábado, si las cosas no se tuercen, iremos a esa Luis y Figueroa, con sus señoras, y yo. Tal vez vaya también con nosotros Carlos, el pintor, o Agustín. Nos quedaremos en Santiago ese día y al día siguiente regresaremos a Lugo por Noya, Corcubión, Finisterre y La Coruña. Todos tenemos gran interés en conocer la obra de Maside y charlar con todos vosotros. Luis y Figueroa están muy animados porque quedaron encantados con lo de Orense.

He leído el libro⁴⁷ de Fole y me parece extraordinario. Son unos cuentos llenos de misterio, de gracia recreativa y con un gallego que me ha parecido encantador. El tono general me recuerda a Valle Inclán, pero no como influencia literaria sino como afinidad de “genio”. Mucho me alegra que Ángel Fole nos demuestre el excelente escritor que siempre he creído que llevaba dentro. Cuando se publique el libro pienso escribir algo sobre el mismo, porque me parece que lo merece.

Los grabados a mí me parecieron bien, pero Fole parece que está decidido a que no se publiquen porque dice que no le gustan nada. Yo creo que está un poco encaprichado porque no le publicaron el retrato. Es algo pueril, pero ya sabes como es Fole: se le antojó que lo retratasen a la cabeza de su libro y no hay quien lo convenza de que el retrato no es imprescindible.

⁴⁷ Refírese ao contos d' *Á lus do candil*, publicados en Galaxia en 1953 e revelación do Fole narrador, aínda que o mesmo Fole publicara con anterioridade algúns textos narrativos na revista *Nós*. Outras narracións anteriores foron un proxecto editorial naufragado nos tempos da Guerra Civil.

Cariñosos recuerdos a Isabel y a todos los amigos de esa y un fuerte abrazo de

Celestino

* * *

3

Lugo, 20- mayo- 54

Querido Ramón:

Hace muy poco, el día de la peregrinación de Lugo, estuve en Santiago. Aproveché la ocasión de que nos pusieran un turismo a disposición de los funcionarios del gobierno que quisiésemos ir ese día para enseñarle Santiago a mi mujer. También llevé a “Tinín” que la goza siempre que se trata de viajes en auto. Como Santiago tiene mucho que ver y como disponíamos de muy poco tiempo y éramos tres personas, desistimos de haceros una visita, para no perder tiempo y para no daros la lata, y, mientras los peregrinos ganaban el jubileo, visitamos San Martín, San Francisco, Santo Domingo y la Catedral. Después nos fuimos a comer la merienda que llevábamos a una tasca próxima a la iglesia del Sar que visitamos por la tarde, regresando ya directamente a Lugo. Mi mujer quedó impresionada por el aspecto de Santiago y le gustó mas que Toledo.

Es curioso lo que me sucede con el dichoso proyecto de trabajo sobre el paisaje: por un lado todo son estímulos y facilidades y, por otro, surgen las mas importantísimas dificultades. Mi actitud en cuanto al mismo consiste en que me gustaría hacerlo, pero no encuentro manera de hacerlo adecuadamente. Ahora, por el nuevo aplazamiento, se me

presenta una nueva oportunidad, pero, a la vez, ha surgido otra nueva dificultad: a principios o mediados de junio pensamos hacer mi mujer y yo una excursión a Portugal. La excursión la organiza una Sociedad de Friol y ya tenemos solicitadas las plazas para lo cual hicimos los anticipos necesarios. La salida depende del tiempo que tarde en arreglarse la documentación de los excursionistas, cosa que está ya en trámite y que calculamos estará terminada para principios del mes que viene. La excursión durará 10 o 15 días. Con esto me veo nuevamente impedido de escribir el trabajo ya que, aparte de los días del viaje, hay que dejar al día el trabajo de oficina y recargarse a la vuelta con el trabajo pendiente que no puedan realizar los sustitutos. Por otra parte, una vez terminadas las laboriosas partijas con mis hermanos, me encuentro ahora con una serie de líos de tierras, caseros, cosechas y cultivos, que me dan bastante que hacer. Es decir, que los ensayos, lo mismo que los libros, “tienen su hado, su destino” y este ensayo mio “nonato” parece que tiene el hado de quedar así, de no nacer. A no ser que en otra ocasión cambie su destino y surja espontaneamente, sin proponérmelo.

Siento mucho estas dificultades y, además, me queda una profunda insatisfacción, no solo por no poder complacerte, sino por no poder conformarme a mi mismo. Por otra parte no me gusta nada el soslayar la disciplina necesaria y conveniente de hacer algo aún con esfuerzo y contra las dificultades porque esa disciplina fortalece y estimula y, en cambio, el ceder a las dificultades desmoraliza y desanima. Confío en volver a “coger carrerilla” y poder aportar algo nuevamente a la magnífica labor que estais realizando. Mientras te ruego me perdones y comprendas con la seguridad de que, como siempre, estoy a tu disposición para ayudarte en tu grande y difícil tarea.

Un fuerte abrazo de

Celestino

P. D. Si quiereres algo de Portugal escribeme. Visitaremos varias ciudades, entre ellas Oporto y Lisboa.

* * *

4

Lugo, 30- V- 54

Querido Ramón:

Ahora mismo, hace un instante, acabo de cerrar el tomo de “La saudade”, despues de concluir la lectura del trabajo de Elías de Tejada⁴⁸ que ha sido el último en este primer repaso de tan variados ensayos. ¡Menudo lío!. Ya estamos todos en danza: panteísmo, celtismo, biología, antología, José Luis Varela, Tejada, Sabell, Rof, tu, yo y todos los predecesores. De todos modos, a pesar de esa primera impresión de barullo y confusión, creo que la cosa se va aclarando. Por mi parte estoy firmemente persuadido de que el planteamiento correcto y fecundo del problema

⁴⁸ **Francisco Elías de Tejada Spínola** (Madrid, 1917 – 1978). Xurista. Licenciado en Dereito pola Universidade de Madrid, obtivo o doutorado en 1938 e a cátedra de Dereito na Universidade de Salamanca, para logo marchar a Sevilla ata o 1977, data na que ingresou na Complutense. Como gran políglota dominaba e lía o latín filosófico e xurídico e moitas linguas actuais (holandés, polaco, chinés, vasco ou vantú), ademais de posuír unha biblioteca con 50.000 volumes. Foi investido doutor honoris causa pola Universidade de Bos Aires en 1975. No achegamento que mantivo coa cultura galega destacan os estudos *En torno al concepto de nación* (1939), *La tradición gallega* (1944), *La saudade. Ensayos* (1953), *El Reino de Galicia* (1966); e outras obras como *Tratado de Filosofía del Derecho* (1974) ou *Los fueros valencianos* (1974).

corresponde a tus trabajos: esa es la dirección. Ahora bien: yo noto, y estoy seguro de que tu no lo ignoras, que tu tesis ofrece e implica extraordinarias dificultades de desarrollo. El ser, el ser individual, la libertad, la posibilidad de la percepción interior, son problemas con los que tropieza tu teoría de la saudade y que –¡Nada menos!– son los mismos que preocupan a Heidegger⁴⁹ y a todos los que creen que dichos problemas no están resueltos por la filosofía tradicional. Esa dificultad asusta bastante, pero, a la vez, estimula. A estas alturas no cabe la ilusión ingenua de creer que uno es capaz de resolver tan graves problemas, pero tampoco es adecuado el abstenerse ante la dificultad, sino que, lo prudente, es llegar o intentar llegar, humildemente, hasta donde se pueda. Esta creo yo que es tu situación y, por lo tanto, todos nosotros debemos esperar de ti un serio esfuerzo que prosiga una labor singular en Galicia y tan magníficamente comenzada.

Ahora te hablaré del tomo de “La Saudade”. Empezaré con “La Saudade” “por fuera”. Es decir: con el aspecto exterior del libro. No me gusta la portada: es demasiado complicada y las tres cruces tienen algo desagradable, in-

⁴⁹ **Martin Heidegger** (1889 – 1976). Filósofo alemán. Profesor nas universidades de Marburgo e Friburgo, desta última foi nomeado reitor en 1933 cun discurso moi polémico asociado á ideoloxía nazi que o levou á dimisión do cargo nese mesmo ano. Foi o sucesor de E. Husserl, aplicou a fenomenoloxía do seu mestre á análise da existencia humana. Como os primeiros pensadores gregos buscou a comprensión do ser; ser que segundo el só se pode manifestar a través do home (*Dasein*) para así poder esclarecerse. O home resulta o intermediario desta tensión dialéctica entre o ser e os seres, por iso a filosofía pasa a converterse nunha ontoloxía fenomenolóxica que reduce o ser no espazo transcendental e histórico da consciencia humana. Entre as súas múltiples publicacións destacan, *Sein und Zeit* (O ser e o tempo, 1927), *Kant und das Problem der Metaphysik* (Kant e o problema da metafísica, 1929), *Vom Wesen der Wahrheit* (1943) ou *Da esencia da verdade*, traducida ao galego por Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega en 1956, na Editorial Galaxia.

quietante; yo sospecho que, en mi caso, se trata de que dichas cruces me parece que quieren decir, algo, que tienen alguna intención simbólica y no logro encontrarles sentido. Todo esto claro está no tiene mayor importancia, pero tiene alguna y mis opiniones en cuanto al particular no tienen otra intención que el colaborar a la perfección de una obra que aprecio. No pretendo estar en lo cierto, pero creo que la única manera de colaborar es manifestar sinceramente la propia opinión. En cuanto a esto de las portadas de las series de “Galaxia” yo creo que lo mejor sería lograr un tipo de portada que tuviese cierta unidad, cierta constancia en cada serie y que, a la vez, incluyese una posibilidad de variación dentro la constancia. Todo ello con sencillez.

En cuanto a “La Saudade” “por dentro” te diré la impresión de una primera lectura: tu trabajo, excelente, vale por todo el tomo. Luis Tobío no arriesga nada: su trabajo responde a una psicología muy gallega: al problema de la saudade, a la pregunta por la saudade, responde, a su vez, con ciertas preguntas e hipótesis. Sin embargo, y aunque no arriesga nada, hay algo que me gusta en el trabajo de Tobío: su sencillez. Se nota que el que lo escribió no es un recién llegado, sino un maduro. Rof siempre nos informa de algo interesante, pero estoy de acuerdo con José Luis Varela de que su trabajo no tiene nada aprovechable sobre la saudade. Hay, además, una continua confusión de Saudade y morriña. También hay esas manifestaciones simbólicas que, a mi, —¡y esto te lo digo en confianza!— me resultan íntimamente cómicas y me incitan “in mente” a la caricatura. ¡Que Rof me perdone, pues Dios sabe cuanto lo aprecio y cuanto lo respeto intelectualmente!. No comparto la desmesurada admiración de Varela por el trabajo de Sabell. Creo que es interesante pero hay algo en que creo poder notar que se trata de una “meditación por encargo” es decir no pensada largamente: lo parasitario de las citas, su escasa necesidad. Yo diría, si fuese lícito, que es más bien un trabajo de “confección” que de “artesanía”.

El trabajo de Elías de Tejada me resulta simpático, pero no comparto su tesis general y, en detalle, sobre todo lo relativo a Heidegger me parece tremendamente inexacto. Por otra parte eso de la “angustia colectiva”, “la saudade colectiva”, “los sentimientos” colectivos y la sociología mas o menos existencialista que implican son otros tantos “problemitas”.

El trabajo de Vidán⁵⁰ me parece decididamente malo. Me da la impresión de un escolástico incipiente que se mareó leyendo la traducción de “Ser y tiempo” de Gaos⁵¹. A veces para pensar hay que hacer algún “juego de palabras”, pero es absurdo pretender que de los juegos de palabras surja el pensamiento. Este trabajo, a mi juicio, pretende ser una fenomenología de la saudade y sus for-

⁵⁰ **Manuel Vidán Torreira** (Compostela, 1924). Licenciado en Dereito e Filosofía pola Universidade compostelá, exerceu a docencia en varios centros de ensino. Promotor da lingua galega na liturxia católica. Foi Director Xeral de Cultura e membro da Comisión de Lingüística e Toponimia da Xunta de Galicia. Colaborador cos seus artigos en *Ínsula*, *La Noche*, e *La Voz de Galicia*. Autor do ensaio “Peregrinación filosófica al santuario de la saudade”, incluído no volume *La saudade*, publicado por Galaxia en 1953. Tradutor do *Cantar dos cantares* (1963), *Mito de Espenuce* (1965) de Platón, *A Apocalipse* (1966) e do *Misal galego* (1968).

⁵¹ **José Gaos y González Pola** (Xixón, 1900 – México D.F., 1969). Licenciado en Filosofía pola Universidade de Madrid en 1923. Tivo influencias da filosofía alemá de Edmundo Husserl ou Martin Heidegger e foi discípulo de Ortega y Gasset. Obtén o Doutoramento coa tese *La crítica del psicologismo en Husserl*. Foi profesor e reitor da Universidade de Madrid ata 1939, cando se exilia en México a causa de guerra. Alí impartirá conferencias e será tamén profesor na Universidade Nacional Autónoma de México (1939- 1969). O seu pensamento filosófico foi evoluíndo segundo avanza as diversas teorías filosóficas: a fenomenoloxía ou o historicismo como verdades absolutas lévano a ter varias crises de pensamento. A súa obra aparece recollida, entre outras, en publicacións como *Ensayos sobre Ortega y Gasset* (1957), *Orígenes de la filosofía y su historia* (1960), ou *Las críticas de Kant* (1962), ademais de diversas traducións de Husserl, Kierkegaard ou Heidegger.

mas a base de un implacable, insoportable juego filológico. Creo que, en el fondo, se trata de una mente tal vez bien dotada filologicamente y con capacidad analítica, pero que ha pagado la novatada. El trabajo es malo, pero es posible que el autor algun día los haga buenos.

Y eso es todo, querido Ramón, lo que se me ocurre despues de una rápida lectura de “La Saudade”. El balance es favorable: se piensa, se hacen esfuerzos de rigor, se discute, se dialoga. Es decir: estamos culturalmente vivos, ¡que alegría!

Tu sabes muy bien que todo lo queda dicho es mi opinión sincera; sabes que ningun otro interes me mueve que el de la verdad. Nos conocemos y podemos hablar con claridad ¡que alivio! ¡que dicha!

Te agradezco mucho el envío de la separata dedicada que pasará a ocupar un lugar entre los libros preferidos. Ayer he leído una “Nebulosa” de Rabanal⁵² muy justa y muy elogiosa sobre tu trabajo.

Acepto el encargo para “Paisaje y Culturas”. El tema es acotadísimo y, a mi juicio, de gran interes. Antes de mediados de abril, procuraré tenerlo listo, a pesar de que no me faltan ocupaciones y preocupaciones.

La nota de la revista alemana muy satisfactoria y, aunque breve, muy precisa y acertada. Supongo que ya te la

⁵² **Manuel Rabanal Álvarez** (La Magdalena de Canales, León, 1914 – Santiago de Compostela, 1989). Doutor en Filloxía Clásica pola Universidade de Madrid. Catedrático de Grego da USC. Cofundador da revista poética *Espadaña*. Autor de estudos sobre os clásicos gregos nos ámbitos da lingua e literatura. Colaborador asiduo de prensa (*ABC*, *Ya*, *La Noche* –onde levaba a sección “Nebulosas”–, *Diario de León*, *El Correo Gallego*, *Proa*, *El Español*, etc.). Polemiza con Iglesia Alvarinho en cuestións lingüísticas. Fundou a revista *Gelmírez* (1945-46) no Instituto Arcebispo Xelmírez, de Santiago, onde foi profesor, e como profesor traballou tamén nos institutos Padre Isla de León e Rosalía de Castro de Santiago. Como poeta escribiu *El Cristo de Asorey* (1952).

habrán traducido. Si no es así me lo dices y te envío una traducción.

Un fuerte abrazo de

Celestino

P. D. El próximo año se celebra el centenario de la fundación del “Círculo de las Artes” y quieren hacer grandes cosas a cuyo fin han montado una comisión organizadora de la que formamos parte Luis y yo. Creo que es la gran ocasión para hacer la magna exposición de pintura gallega, ¿Que te parece?

Luis ha quedado entre los cinco finalistas del premio de poesía castellana “Ciudad de Barcelona” al cual envió su famoso “Barco sin luces”. Yo, escuché por Radio, por casualidad, todos las incidencias del fallo. Por cierto, que Risco no se llevo un premio con “La puerta de paja”⁵³ por un voto de diferencia, en el concurso de novela.

Celestino

* * *

⁵³ Presentou Vicente Risco esta novela ao Premio Nadal en 1952. Quedou de terceira. Tivo unha moi boa acollida crítica. Neste mesmo ano traducirá ao galego *A familia de Pascual Duarte*, de Camilo José Cela, impreso no prelo do *Faro de Vigo*.

Lugo, 5- abril- 56

Querido Ramón:

Ayer por la noche eché al correo una carta para tí y ahora mismo acabo de recibir la tuya del día dos. Me alegra mucho la curiosidad de Zubiri acerca de la traducción gallega y será muy curioso conocer su opinión sobre nuestra empresa. Por cierto que en nuestra traducción discrepamos alguna vez de los criterios de Zubiri y, aunque no lo cito, alguna nota alude a él. Por ejemplo: Zubiri fué de los que tradujo “Dasein” por hombre y ek-sistenz por existencia en lugar de re-sistencia. Estoy completamente seguro, y en una de las notas de la traducción se exponen detenidamente las razones en que me apoyo, que Dasein está mal traducido por hombre y que tal vez el propio Zubiri no usaría hoy la palabra hombre para verter “Dasein” como lo hizo al traducir “Was ist Metalphisik?”⁵⁴. Veremos lo que opina de la nota correspondiente si es que repara en ella.

Te envió el ejemplar dedicado y si hace falta que lo repongáis porque tengo suficientes ejemplares para mis necesidades.

Recuerdos a Isabel y García Sabell y demás amigos y un fuerte abrazo de

Celestino

* * *

⁵⁴ *Que é metafísica?*, de M. Heidegger, e traducida por Xabier Zubiri (Cruz del Sur, 1963)

Lugo- 30- junio- 56

Querido Ramón:

Ahora mismo acabo de escribir el sobre para enviarte el ensayo sobre el humor. Como son las ocho de la tarde y mañana es domingo no podrá salir certificado hasta el lunes por la mañana.

Después que leas en ensayo te agradecería me dijese, sinceramente, no hace falta decirlo, lo que te parece. Tu sabes muy bien que el autor de un trabajo sufre una especie de embriaguez al elaborarlo que merma considerablemente sus facultades críticas. Al menos creo que eso me sucede a mí. Por otra parte, como creo que pasará algún tiempo antes de que se publique tal vez pudieras observar algún defecto susceptible de ser corregido.

En un principio pensaba dedicar la segunda parte de mi trabajo al estudio del humor gallego. Por cierto, como podrás observar, el carácter lírico y sentimental, así como la ironía y la cautela que, según mis resultados, caracterizan esencialmente el humor, se prestan excelentemente para considerar el humor como una manifestación profundamente afín a la actitud galaica ante el mundo. Pero el trabajo me salió demasiado largo y como habría mucho que decir en esa proyectada segunda parte he preferido omitirla. Creo que la continuación sería adecuado tema de otro ensayo futuro, con un estudio detallado de los humoristas gallegos a base de los supuestos generales establecidos en el ensayo ya escrito.

El trabajo está mecanografiado, e incluso escrito, con alguna prisa y por eso lleva correcciones y tachaduras. Por

eso me gustaría, en su día, corregir las pruebas si no resulta muy engorroso el enviármelas.

Esta tarde regresó Fole de Chantada a donde fué acompañando a Manuel María que pronunció un discurso como mantenedor de no sé que fiestas poéticas que se celebraron en aquella localidad. Estos días no anda muy bien de salud mental y vuelve a tener algun síntoma esporádico de manía persecutoria. En el café, esta tarde, se enfadó mucho con una peña de ajedrecistas que hay al lado de la mesa porque, sin fundamento alguno, se empeñó en que se burlaban de una palabra que acababa de decir. Menos mal que los tales ajedrecistas no se enteraron de nada. Hace unos días hicimos una excursión a Sobrado de los Monjes en homenaje a Fole y regresó muy contento a pesar de que durante la comida se enfadó conmigo porque había dicho en la encuesta de “Galicia emigrante” que Carballo Calero era el único crítico literario solvente del momento presente. Me dijo claramente que debiera de haberlo citado a él, porque su crítica era valorativa e intuitiva y descubría valores, mientras que la de Carballo era meramente clasificatoria. Como comprenderás a mi no me molestó nada el enfado del bueno de Angelito, pero su actitud agresiva me intranquilizó en cuanto al estado de su salud. Claro que estas alternativas son habituales en Fole y lo que hace falta es procurar que no se enfade, porque sufre bastante el, bueno y admirado amigo.

Recuerdos a Isabel, Sabell y demas amigos de esa y un fuerte abrazo para ti, de

Celestino

* * *

Lugo- 12- VII- 56

Querido Ramón:

Los juicios de tu última carta sobre mi trabajo acerca del humor me han producido viva satisfacción. Para mí tienen un valor inapreciable y único: la confianza que tengo en tu sinceridad y en la agudeza y rigor de tu criterio.

Por otra parte el análisis que haces del sentido general de mi trabajo me confirma que para un lector calificado y capaz el trabajo consigue lo que yo me había propuesto al escribirlo. Esa era la duda que yo tenía. Como comprenderás la piedra de toque de tu juicio colma mis aspiraciones al escribir el ensayo y me proporciona la natural alegría.

Es muy probable que el tomo dedicado al humor nos resulte muy interesante ya que la conferencia de Castela, el trabajo de Sabell y los de Fole y Plácido Castro⁵⁵, darán variedad al mismo y contribuirán a esclarecer ese tema sutil y difícil que casi carece de bibliografía en castellano. Yo creo que sería muy conveniente que publicases en el mismo tomo esa carta tuya que alude al tema del humor. De ese modo se enriquecería la publicación aumentando la posibilidad de que constituya un gran éxito.

⁵⁵ **Plácido Ramón Castro del Río** (Cee, 1902 – Cambados, 1967). Foi profesor de inglés no Instituto Técnico de E.M. de Vilagarcía e correspondente en Londres de *El Pueblo Gallego*, *Informaciones* (Madrid), *La Nación* (Bos Aires) ou *Jornal de Notícias* (Porto). Entre a súa obra ensaística e de investigación salientan *La saudade y el arte en los pueblos célticos* (1928), *Un tema de Galicia: la saudade y la poesía* (1950), a tradución d'*Os rubáyyát*, do poeta persa Omar Khayam (s. XI) publicada nas páxinas de *Grial* (1965, nº 8) e, moi singularmente, *Poesía inglesa y francesa vertida al gallego* (Bos Aires, 1949) en colaboración con Luís Tobío e Florencio Delgado Gurriarán.

El libro sobre Galicia de la escritora inglesa es simpaticísimo y muy interesante. Tiene un especial talento y gracia para caracterizar a las personas. Por ejemplo Ferro Couselo y Otero Pedrayo están magníficamente vistos. Se ve que Manuel María le hizo mas efecto por sus ojos andarinos que por su poesía. Este verano, en la playa, pienso leerlo con calma ya que de momento no he podido darle más que una lectura apresurada y deficiente. El inglés lo leo todavía con dificultad y para enterarme exactamente del libro necesito el reposo de la playa que me permita la consulta morosa del diccionario.

El libro da una visión actualísima y muy viva de Galicia: Historia, paisaje, tipos actuales y “galleguistas” se barajan con mucha soltura y gracia.

A primeros de agosto saldré para La Devesa como en años anteriores. Supongo que irás a pasar algunos días con Penzol aproximadamente en esas fechas. Si es así me avisas a la “Casa Pedrolo” y pasaremos una tarde juntos en Castropol.

Un fuerte abrazo de

Celestino

* * *

8

Lugo- 24- X- 56

Querido Ramón:

Pra irme axeitando o uso do galego con miras o futuro ensaio sobor do humorismo coido que será mui boa medida

romper a escribir nas cartas que vos escriba. De ese xeito poderéi ir facendo pruma contando coa amistosa tolerancia vosa e coa posibilidade de que, de vez en cando, me fagades algunha proveitosa corrección.

Xa estan no meu poder os aparellos de afeitar, o tratamento, os boletís e a foto, que, por certo, parécese que salín moi ben.

Vexo que non perdiches tempo en escribirlle a José Luis Varela⁵⁶, e alégrome moito porque o libro de Sedlmayer parécese moi bon e coido que terá moito éisito. Cumpriría que o darnos a autorización pra tradución tamén nos deran a eclusiva por algun tempo dentro da península pois sin esa garantía corrémos o riesgo de que se nos adianten os casteláns.

Mándoche os dous certificados. Non puiden facelo antes porque o señor Alcalde, que, por certo, mostrouse muy amable e complacente, estaba de viaxe en Oviedo e non voltou hasta fai pouco dias.

Tamén falei por teléfono con Rosón. Cando cheguéi de Santiago atopeime ó poeta griposo e fun a velo a sua casa. Comuniqueille a miña entusiasta impresión de ese ambiente e insistinlle na necesidade de escribir os poemas galegos. Coido que esta disposto a cumprir⁵⁷ o compromiso contraído coa cultura galega. Tamen o Figueroa tiña moito interes por conocer a miña opinión sobor de ise ambiente e

⁵⁶ **José Luís Varela** (Ourense, 1924). Catedrático da Universidade Complutense de Madrid. Doutor en Filoloxía Románica pola Universidade de Colonia. Impartiu incontables cursos e conferencias e escribiu en revistas especializadas diversos artigos sobre Pondal, Murguía, Risco, Cunqueiro, Feijoo, Vossler, Nicolás Guillén, Larra, Zorrilla, etc. Das súas obras anotamos *Poesía y Restauración cultural en Galicia en el s. XIX* (1958), *La palabra y la llama* (1967) ou *Cervantes* (1970). Foi colaborador de *Grial* e cofundador da revista *Posío* (Ourense, 1945).

⁵⁷ No orixinal, *cumplil*.

isa xente. [...]. Con todo o contraste entre Santiago e Lugo e desolador.

O sábado estivemos Fole e mais eu en Fingoy e entreguéille a Carballo o número de “Grial”.

A visita que vos fixen sentoume moi ben e deixoume un imborrabel recordo.

Hoxe escribolle tamén a Domingo.

Recordos a Isabel e todol-os amigos de esa e unha forte aberta pra ti de

Celestino

* * *

9

Lugo- 24- IX- 57

Querido Ramón:

Moito me apena a enfermidade grave do Cabanillas pois é un home que me caeu moi ben dende o día en que o conocín: moi bon, moi agradabel e moi agudo. Como poeta eu coido que é importante e aínda que hoxe envellecera moito gran parte do seu credo estético non cabe dúbida de que na súa obra apreixou algo dá grande e boa poesía.

Estóu completamente dacordo contigo na valoración de Don Américo⁵⁸: intelixente, culto e de mente moi fina. Vese

⁵⁸ **Américo Castro** (Cantagallo, Brasil, 1885 – Lloret de Mar, 1972). Figura fundamental da historiografía española do s. XX. Alumno de Menéndez Pidal e de Giner de los Ríos. Foi catedrático da Historia da Lingua na Universidade Central de Madrid. Publicou ensaios sobre

que está de volta da mera erudición e que o afondar na problemática histórica e literaria tropezou, como era lóxico, coa filosofía. Ese sesgo unamunesco e valleinclanesco da súa personalidade que señalas tamen me parece moi atinado. Tamen me agradou moito a súa sinxeleza que contrasta có engreimento de tantos “sabios” meramente oficiaes. Alegroume fondamente o ter coñecido a tan señeira figura da nosa cultura.

Esa teima de Zubiri encol do ser e mail-a realidade tampouco me extraña gran cousa. O ser como acontecer –feshen– histórico é chave do pensamento de Heidegger que xoga continuamente co-a afinidade siñificativa e etimolóxica das verbas “feshen” –acontecer–, “feshichte” –historia–, “schicksal” –destino– e “geschik” –foranidad, fado–, todo esencialmente relacionado có ser. Pol-o que vou vendo sospeito si a novidade de Zubiri non será en gran parte unha novidade terminolóxica, xa que, se non me trabuco, o concepto de “formalización” equivale xustamente o concepto de “ec-sistenzia”, “da-sein”, “Offenheit” (apertura), en Heidegger. De todos xeitos hai que agardar a leer o famoso libro que, sin dúbida, terá de ser interesante pra poder facermos un xuicio con coñecemento de causa.

Aínda non nos esquecemos do ben que o pasamos na excursión os Ancares e Pedrafita. Quedamos moi animados pra tomar parte en outra con tan gratos amigos.

Supoño que viredes ó San Froilán e con tal motivo tere-mos ocasión de parrafear longo.

Cervantes, Santa Teresa ou *La Celestina*. Exiliado despois da Guerra Civil, viviu en Estados Unidos como profesor da Universidade de Princeton. No ámbito dos estudos históricos é *España en su historia* (1948), reeditado despois como *La realidad histórica de España* (México, 1954), a súa contribución máis relevante e destaca a tradución da *Introducción a la lingüística*, de Wilhelm Meyer-Lübke.

O Lois Pimentel está moito mellor gracias os ánimos que lle deu Domingo. Quen parece ser que está gravísimo, en Sanxenxo, e Moyer, o Médico. Dín que o foron a buscar hoxe nunha ambulancia. Ojalá non sexa causa de morte. ¡Probe Elenita!

Moitos saúdos pra Isabel, Elenita e Domingo e unha fortísima aperta pra ti,

Celestino

* * *

10

Lugo- 27- XI- 57

Querido Ramón:

Pol-a túa carta vexo que o número adicado a D. Ramón resultará extraordinariamente interesante. Moito me aledaron a tuas noticias cós nomes dos colaboradores asi como a relativa ó permiso pra Revista de Economía⁵⁹.

⁵⁹ **Revista de Economía de Galicia.** Revista publicada en Vigo a partir de xaneiro de 1958 e que se mantivo ata o seu nº 65, a finais de 1968. Foi promovida polo Departamento de Estudos Económicos da Editorial Galaxia e estivo dirixida por Xaime Isla Couto coa colaboración de Ramón Piñeiro. Xosé Manuel Beiras ou Anxo Huete foron os encargados da publicación ata a súa desaparición. Tivo unha gran relevancia no eido económico dende unha liña progresista-galeguista e abordou temas coma os problemas do campo galego a través de estudos e estatísticas, ás veces dende unha óptica crítica e combativa. Tratou ademais temas de bioloxía, enxeñería técnica, industria ou comercio, contando coa colaboración de importantes persoeiros expertos nas diferentes materias.

Eu ando metido xa en faena e coido que salvo enfermidade ou calquer outra cousa imprevista remataréi o traballo pra data fixada. Cando o teña rematado mandareicho pra que me corrixas o galego e despois si ti non tiveras tempo de facel-as tres copias en limpio devólvesmo pra facel-as eu. Teñole medo ó galego xa que é a primeira vez que me poño a escribir unha cousa un pouco longa na nosa fala. Confío soamente na tua axuda.

Xa lle pidiréi a Delgado os libros que me dís. Coido que se os ten non poñerá reparos en prestal-os.

Escríboche con moita presa.

Moitos saúdos a todos, especialmente pra Isabel, e unha aperta⁶⁰ moi forte de

Celestino

* * *

11

25- XII- 57

Querido Ramón:

Onte rematéi o traballo sobor da paisaxe coa intención de cho poder entregar personalmente nestas festas do Nadal. Hoxe díxome a muller de Carballo que non viñas este ano e por eso me apresuro a enviarche as cuartillas cumprindo puntualmente o compromiso contraído.

Quero que leas con calma o meu ensaio e despois que me digas sin ningún reparo, con toda sinceridade, o que

⁶⁰ No orixinal, *un aparta*.

che parece; en realidade esa solicitude de sinceridade está de máis pois coido que entre nos xa está dabondo acreditada; mais ben o que digo e que analices en frío o meu traballo pra lle poñer total-as tachas que lle poidas atopar.

En canto o galego procuréi que fora moi sinxelo e espontáneo aínda que non seña moi puro. Pouco mais ou menos e o galego que eu falo con un pouco de diccionario. Como teño pouco hábito de escribir en galego de seguro que se me escaparían moitos castelanismos facilmente evitábeles. Nesto xa sabes que contas con plenos poderes pra correxir o que che pareza. O que me gustaría no léxico é –xa que sei que ese é tamen o gusto teu– claridade e corrección.

Tamén sabes que me arrepián as erratas e por eso confío en ti pra que salla unha boa impresión pro que fai falla que corrixa as probas tí ou que mas mandes a min pra eisatitude das citas se é que tiveras algunha dúbida.

Non sei si o traballo e bon ou malo –nunca se sabe visto tan de cerca, o rematalo– pro o que sei é que está feito con cariño e con bastante traballo. O escribir en galego notei que as veces resulta moi ben, mellor que o castelan pra algus efectos irónicos. En canto os cultismos comús ao castelán eu coido que non hai porque galeguizalos demasiado pois non se ve porque o castelán ha de ter a eisclusiva dos cultismos. ¿Non che paresce?

Moitos cordiaes saudos pra todos e un feliz aninovo. Pra tí, Isabel, Elena e Domingo un moi forte aperta de

Celestino

* * *

Lugo- xaneiro- 1.958

Querido Ramón:

Os teus xuicios sobor do meu traballo proporcionáronme a ledicia de saber que non perdín o tempo. Ledicia tanto mais xustificada canto que non teño, como sabes, a menor dúbida en canto a calidade e finura do teu criterio ia sinceridade das tuas verbas. Alégrame, de un xeito especial, a dignidade do meu galego pois eso capacitame pra futuras empresas que, dende logo, non penso refugar pois, como dís moi ben, non nos podemos inhibir dos deberes que nos impon o noso pobo. Pola miña banda trataréi de cumprir, na medida das miñas forzas e capacidades, a miña tarefa de acordo coa coñocida recomendación goethiana: sin presa, pro sin pausa. Ben vale a pena de o facer cando se sabe que non se está soio, que non se traballa no valeiro e que hai un entusiasmo con sentido dos nosos deseños. Cando penso no camiño recorrido non podo menos de alegrarme e ser outimista. ¿Lémbraste daquelas conversas na muralla cheas de fantasía cando falabamos dun Heidegger en galego, dos temas galegos esenciaes do humorismo, da saudade, do lirismo, da paisaxe...? Pois todo, pouco a pouco, vaise cumprindo. ¡E mañífico! O primeiro eramos ti e mais eu soios a soñar e agora xa somos moitos. E moitos dos que nin tan siquera sabiamos que eisistian. Aínda haberá moitos máis que terán que vir a soñar e traballar con nos. Sei moi ben cantos traballos, disgustos, sacrificios e gaitas che ten costado todo o que ata agora se ten acadado, pro imaxínome tamén moi ben a grande, a íntima ledicia e satisfacción que tes que eisperimentar cando, na soedade, na intimidade, fas balance e ves medrar a obra. Supoño que

pra ti será evidente o pensamento de Spinoza⁶¹: a felicidade non é o premio da virtude senon que está na virtude mesma. En todo esto hai, o meu ver, un crara leición: as cousas nobres e xenerosas valen por si mesmas io que se da é o unico que se gana, que se salva. Nada importan as imperfeicións, as críticas mezquiñas e miopes, de detalle; o que importa é seguir adiante e o final quedarán canceladas, arrastradas, barridas todas-as anécdotas cativeiras. Eso si: cumpre non olvidar nunca a divisa de seleición, nobreza, exempraridade e diñidade. Ese debe ser sempre o lema de “Galaxia”. Non importa cantos: o que importa é quenes. O demáis eu coido, espero e creo que se da por añadimento.

Agardo con impaciencia a saída do libro de Rof, pois coido que ha ser un grande éisito pro prestixio de “Galaxia”. Lograr ese libro foi un eiscelente traballo teu e de Domingo. Con ese libro de Rof, outro de Domingo, outro teu e outro meu coido que acadaremos librar pra sempre a cultura galega do reproche de ruralismo e folklorismo e demostrar que en Galicia non soio se canta e se catalogan pedras vellas, senon que tamen se pensa e, por certo, non de calquera maneira. Esa é tarefa, en boa parte, e tendo en conta algús precedentes moi valiosos, da nosa xeneración.

⁶¹ **Baruch (Benedictus) Spinoza** (Amsterdam, 1632 – La Haya, 1677). Importante figura da Filosofía, procedía de familia xudea afincada en Portugal e o seu apelido é de ascendencia española, de Cantabria. Do seu labor filosófico salientan títulos como *Buen tratado sobre Dios, el hombre y la felicidad* (1660), *Tractatus de intellectus emendatione...* (1660), *Ethica ordina geometrico demonstrata* (1677, inédita en vida do autor), *Tractatus theologico-politicus* (1670) ou *Tractatus politicus*. Estudou a Biblia e o Talmud, latín e hebreo. Deixouse influír polo imanentismo renacentista e foi lector afervoado de Bacon e Descartes. Oposto ao xudaísmo, foi expulsado da comunidade israelí de Amsterdam. Viviu na pobreza e foi acusado de librepensador polos rabinos das sinagogas. Rexeitou a cátedra de Filosofía da Universidade de Heidelberg e parte da súa obra foi censurada no seu tempo.

Eu non recibin ningún dos libros de “Illa Nova” e, polo tanto, non os puiden lér, mais voteille unha ollada o de Xuana Torres que trouxo un día o café Luis Pimentel. O Fole mail-o Carballo parésceme que non lles gustóu moito. Eu non podo xuzgar porque, como che dixen, non lin o libro con calma, mais a primeira vista antóxame, teño a intuición de que se trata dunha muller interesante que poderá facer cousas moi boas.

Non sei se estaréi trabucado por unha lectura insuficiente. Cando teña vagar dedicareille atención a ese libro. A Luis tampouco lle parece mal a Xoana Torres. O propósito e maila finalidade da colección parésceme moi atinado. Eu tomeime a liberdade, que supoño aprobarás, de lle falar a Suárez Llanos pra que fora preparando algo pra esa colección. O home é moi tímido e respostoume que aínda non estaba preparado pra escribir nada. Eu, como xa che teño dito, ou moito me equivoco ou coido que a este rapaz hai que aproveitalo pois ten moita valía e unha cultura sorprendente pros seus anos. Agora está na Coruña facendo o servizo militar. Teño moitas ganas de que tome contaito contigo e el tamén quer conoche.

¿Como anda o ensaio de Sabell sobor do humor? Como o libro xa está anunciado hai bastante xente que pregunta por el e non estaría mal que entrase en turno de publicación.

¿Recibiche xa todol-os traballos pra o homenaxe a Otero? Si non fallan os proieitados coido que será outro dos grandes éisitos que nos poderemos apuntar. Como no número han de colaborar xentes desconocidas pro público galego como Piel⁶²,

⁶² **Joseph Marie Piel** (Mörchingen, 1903 – Tréveris, 1992). Filólogo formado nas universidades de Berlín, Bonn e Friburgo. Alumno de W. Meyer-Lübke. Catedrático de filoxía románica das universidades de Coímbra e Colonia. Investigador de temas e problemas lingüísticos do ámbito galego e portugués. Membro de honra da RAG e doutor honoris causa da USC. Da súa inxente obra salientamos *Estudos de*

Da Cal⁶³ e algúns outros os que, por outra banda, teñen o prestixio pro público das suas Universidades, paréceme que sería conveniente, a efectos de propaganda, publicar unha pequena ficha dos mesmos o final dos seus traballos. Tamén sería conveniente, e supoño que o pensaredes facer, facer separatas dos traballos, pois de ese xeito os propios autores se encargan de darlle mais difusión a Editorial Galaxia enviando pol-o mundo adiante, ós seus amigos, tales separatas.

Con moitos saúdos de Maria Luisa pra ti e pra Isabel, recibe unha forte aperta de

Celestino

* * *

13

Lugo- 3- III- 58

Querido Ramón:

Agora mesmo acabo de rematar a correición das probas de “Abrente e solpor da paisaxe”. Non sei se se me escapará algo, pero confío na tua derradeira revisión.

lingüística histórica galego-portuguesa (1989), *Demanda do Santo Graal* (1988), *Dicionário da língua portuguesa* (1976) ou *Miscelânea de etimologia portuguesa e galega* (1953).

⁶³ **Ernesto Guerra da Cal** (Ferrol, 1911 – Lisboa, 1994). Poeta e investigador de temas e figuras da literatura. Amigo de García Lorca. Exiliado nos EUA e doutor pola Universidade de Columbia. Fixo estudos sobre a lírica medieval galego-portuguesa, sobre Rosalía de Castro ou Eça de Queirós. Como poeta publicou *Lua de alem mar* (1958) e *Rio de sonho e tempo* (1963), entre outros poemarios. Foi defensor da modalidade reintegracionista no terreo da escrita da lingua.

Non me solprende nada o que me dís e coido que ese “abucheo” da plebe intelectual resulta incluso estimulante. E, por outra banda, sinal de “que cabalgamos”. Agora compre seguir adiante con mais ímpetu e decisión que nunca. Connigo xa sabes que contas incondicionalmente.

Teño que asistir a unha xuntanza no Círculo⁶⁴, así que recibe unha forte aperta e moitos saúdos pra Isabel e pros amigos.

Celestino

* * *

14

Lugo- 28- 11- 58

Querido Ramón:

Diante de todo quéroche espresar o meu recoñecemento, a tí e maila tua muller, pola amabel invitación pra pasar unhas días na vosa casa. De moi boa gana o faría se non fose porque teño moito traballo atrasado e porque aínda non me atopo de todo recuperado da gripe e, nesas condicións, faime falla reposar e levar unha vida tranquila e silenciosa durante algún tempo. Mais adiante, en abril, cando o homaxe a Don Ramón, xa vos faremos unha visita. De todos xeitos agradezo o mesmo a vosa cariñosa solicitude.

Nefeito estaría moi ben que o “FARO” lle adicara algo a Luis Pimentel, pro non me atrevo a lle escribir nese senso a Leal porque resulta que, segun me dixo Pilar, nin sique-

⁶⁴ Refírese ao Círculo das Artes de Lugo, fundado en 1855 e activo aínda hoxe, con máis de século e medio de vida.

ra lle deron o pésame. Non sei a que poderá ser debido: talvolta se atopen malos ou ausentes. A cousa ha de ter algunha explicación satisfactoria, pois faría falla algún conflito moi grande –que non se deu– pra proceder de ese xeito.

Onte adicoulle a emisora local unha emisión a Pimentel. Leeronse algúns poemas en galego e castelán e un traballo de Ánxel Xoán, outro de Fole e mailo teu leido pola B.B.C. O final puxeron un poema adicado a Falla leido polo propio Luis, que se conservaba na emisora, que resultou moi emocionante.

Xa vén o número de “La noche” co traballo de Válgo-
ma⁶⁵, mais discreto do que cabía esperar, e co teu artigo que me pareceu moi ben.

Despois de todas estas honras fúnebres, que resultaron abundantes e cariñosas, como merecía o probe Luis, haberá que ir pensando en editar os dous libros: “Barcos sin luces” os amigos, e o libro en galego “Galaxia”. De ese xeito, a personalidade poética de Pimentel acadará a importancia que lle corresponde e o seu compromiso⁶⁶ coa cultura galega quedará cancelado e, de tal xeito, cumprida a sua derradeira vontade.

Xa teño leida a “Revista de Economía” e gustoume moito. O consello de dirección é impresionante pois del pódese decir como das lámparas Philips: “mellores non hai”. Hoxe mesmo, axiña que remate esta carta, escribireille a Isla

⁶⁵ **Delmiro de la Válgoma y Díaz-Varela** (Monforte, 1904 – Madrid, 1990) Licenciouse e doutorouse en Dereito en Madrid. Considerado un dos mellores heraldistas polas súas obras de carácter histórico e xenealóxico. Membro da Real Academia da Historia e da RAG, entre as súas publicacións destacan *La genealogía en las relaciones entre América y España* (1949), *Ascendientes y descendientes de Hernán Cortés* (1951), *La Condesa Pardo Bazán y sus linajes* (1952) ou *Del linaje de Bécquer* (1970).

⁶⁶ No orixinal, *compriso*.

Couto pra o felicitar e pra que se esforce por continuar no mesmo tono e altura unha obra tan ben comezada. O editorial da revista paréceme moi atinado por poñer as cousas no seu punto e tratar de clarexar esa estúpida enfrontación de literatura e economía.

Quedame pouco tempo pra lle escribir a Isla Couto, de xeito que recibe un forte abrazo e ata a proisima,

Celestino

* * *

15

Lugo- XII- 59

Querido Ramón:

Diante todo moitísimas gracias polo interesante libro de Chamoso⁶⁷ que eu non conocía aínda. Por certo que, o folleal-as láminas, atopeime con algo que, se non me trabuco, é un erro. Chamoso dí que a fachada do Concello de Lugo é obra de Ferro Caaveiro, pro coido que non é certo. Teño entendido, aínda que agora non podoo comprobalo,

⁶⁷ **Manuel Chamoso Lamas** (A Habana, 1909 – O Carballiño, 1983) Licenciado en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Madrid, onde se doutorou. Foi profesor do Instituto Nebrija, académico da Academia da Historia, Presidente da Academia Galega das Artes e director do Museo das Peregrinacións de Santiago. Publicou máis dun cento de estudos sobre arte e historia da arte. Algúns dos seus títulos fundamentais: *La arquitectura barroca en Galicia* (1955), *El monasterio de Montederramo* (1947), *El arte románico* (1961), *Santiago de Compostela* (1961), *Galicia* (1976), *La catedral de Santiago de Compostela* (1976) ou *Santiago en España y Europa* (1971).

que é obra de un freire ou un crego de pouco nome. Eso, craro está, non empece que seña unha cousa moi graciosa e chea de encanto.

En relación⁶⁸ o meu traballo sobor do humor alédame que os teus xuicios ios de Sabell señan favorábeles. Certo que a primeira vista resulta un pouco estrano que dous escritores tan distintos como Cervantes e Quevedo señan, as vegadas, humoristas. De todos xeitos eu coido que, cando leas con vagar o traballo, atoparás unha espricación suficiente do feito. O común está, como nel se dí, en que ambos⁶⁹ e dous humoristas esforzanse por non se desesperar pro a direición do seu esforzo é inversa –nun caso trátase de evital-a comicidade, a ridiculés, no outro de evital-a traxedia–; esta diferenza de orientación é o que determina a diferenza de calidade e de tono, a diferenza entre o humor comprensivo, tolerante, sereo, como o de Cervantes e un humorismo contorsionado, violento, sarcástico como o de Quevedo.

Se non ademitimos este tipo de humorismo, se consideramos como único humorismo o de tipo cervantesco teremos de deixar fora do humor boa parte da ironía romántica, todo o chamado “humor negro” e incluso o noso Valle Inclán. Cousas todas reconocidas como tipicamente humorísticas e que, o meu xuicio, o son, nun senso que, xustamente, se trata de espricar no meu traballo, cousa que, por outra banda, se acada sin necesidade de forzal os feitos nin a teoría, xa que, mesmamente, a espricación de ese tipo de humorismo sarcástico ben a ser, o complemento lóxico, a correspondencia do outro humorismo, e de ese xeito unha teoría capaz de espricar os dous humorismos acréditase como moi verosimil e eficaz. Eso e o que eu penso; non embargantes despois de que caviles sobor do problema

⁶⁸ No orixinal, *ralación*.

⁶⁹ No orixinal, *amos*.

con mais detenemento sempre me será moi útil e convinte ter en conta as tuas opinións e ouservacións que, como xa sabes, teño en grande estima e consideración. Tamén temos que falar das ouservacións que me fixo Sabell que, por certo, son, como súas, moi atendíbeles aínda que o atendela tamén ten os seus inconvenientes e dificultades. En fin: a ver se entre todos podemos acadar que salla un libriño galego sobre o humor que teña algunha decencia inteleitual. Cousa que a cultura galega che terá que agradecer a tí na medida do teu decisivo alento, estímulo e suxerencias pro meu traballo que, bon ou malo, ten un mérito non moi frecuente nestes tempos: o de seren un traballo honrado e non un camelo pra sair do paso.

O Fole está moi entusiasmado, bastante inxenuamente, o meu ver, co libro de Paz Andrade. [...]. O Fole que ten un sarampión, un infantilismo, de preocupación por cousas das que entende moi pouco, como son a economía, a ciencia e a industria, o xuzgar estes temas carece de rigor: incruzo chega a tomar en serio o Moure Mariño⁷⁰. [...] Pro despois de todo estoume metendo nun eido moi alonxado das miñas preocupacións e todo por culpa do admirable Anxeliño a quen agora lle deu polas estadísticas.

Unha forte aperta, e garimosos saúdos pra todos

Celestino

* * *

⁷⁰ **Luís Moure Mariño** (Escairón, 1915 – A Coruña, 1999). Xurista e xornalista. Fundador do semanario *La Libertad*. Cronista en Radio Nacional durante a Guerra Civil. Colaborador na prensa en *Irmandade*, *Mundo Gallego* e *A Nosa Terra*. Entre outras publicacións, no terreo da narrativa, tanto en galego coma en castelán, destacan *Arredor da lareira* (1980) ou *Un feixe de contos* (1990). Obtivo o Premio Fernández Latorre de Xornalismo en 1959 e a Medalla Castelao en 1990.

22- mayo- 1960

Querido Ramón:

Agora mesmo estou no Círculo asistindo a colocación dos cadros. Polo intre a cousa vai o meu gusto gracias a identidade de criterios entre o Anxel Johan e mais eu: o esceario, a cabeza da esposición, ocúpano Maside –no fondo– e Colmeiro e Souto, os dous Carlos. Pro xa empecín un xorda conspiración pra desplazar a Maside da cabeza pretestando o pouco tamaño dos cadros, pois estas xentes coidan que eso –o tamaño– ten algo que ver coa pintura e, por outra banda, o certo e que pouco se lles alcanza de verdadeira importancia de esa excelente pintura do noso amigo morto. Eu sospeito que queren poñer a Díaz Pardo [...] á cabeza da esposición. [...].

Certo que adquirín algunha autoridade [...] dende que o catálogo feito en contra dos meus criterios resultou un mamarrachada de tal calibre que se convenceron de que fagia falla facelo enteiramente de novo aceptando, punto por punto, canto eu tiña dito e lamentando, que por non o haber feito denantes, non houbese tempo de que saíra en córes a foto de Santa Eulalia da portada. ¡Que pacencia fai falla! De todos xeitos agora coído que o catálogo quedará moi ben, e, nese respecto, atopome ledó.

A data da inauguración será o día 25 –non o 24– ás seis e media da tarde. Hai un grande espeitación en todas partes.

Falarán o Filgueira mailo o Prego⁷¹ e andamos a organizar un grande espeitáculo musical –vocal ou instrumental– dentro da aparición.

⁷¹ Manuel Prego de Oliver (Ourense, 1915 – 1986). Estudou maxis-

Unha forte aperta de

Celestino

* * *

17

Lugo- 30- I- 63

Querido Ramón:

Moitas gracias polo libro de Robert Escarpit⁷² que decontado me puxen a lér. Estóu enteiramente conforme coa tua opinión: o libro é interesante e ten noticias moi valiosas. Sin dúbida que o autor é intelixente e bon escritor, pro ten mais interés, a meu xuicio, o detalle, a anéidota, que a teoría. Niste aspecto e vago e confuso e ten pouco poder crarexador. É curioso, por outra banda lóxico, que todos os temas do meu libro aparecen niste de Escarpit –ironía, comicidade, risa, tristura, benevolencia, humor negro,

terio e, mozo aínda, exerceu como mestre nun pobo ourensán durante dous anos. Volve á capital e asiste á tertulia de Vicente Risco, onde coñece a Otero Pedrayo, Castelao, Cuevillas e outros. A súa carreira como pintor comeza en 1945, ano no que expón en Madrid, colleitando xuízos moi positivos do mestre Gutiérrez Solana. Admirador de Cézanne e Rembrandt, fai novas exposicións en Madrid, París, Londres e Barcelona e realiza os murais da Estación Marítima de Vigo, ademais de publicar diversos artigos e ilustrar publicacións de Álvaro Cunqueiro (*Merlín e Familia*), Manuel Luís Acuña (*Firgoas*) ou X. M. Castroviejo, entre outras.

⁷² **Robert Scarpit** (1918 – 2000). Sociólogo e escritor francés, foi durante trinta anos o autor da viñeta humorística da portada do diario *Le Monde*. Autor de numerosos ensaios e publicacións, Celestino fai aquí referencia á súa obra *L'Humour* (1960), traducida ao español, (*El humor*) e publicada por Eudeba (Bos Aires) en 1962.

etc.— pro eu coído que se baraxan con moi pouca precisión e mesmamente coído, non sei se con cegueira de autor, que todos eses temas, e polo tanto o libro de Escarpit, adquiren senso cabal na miña teoría. De todo xeitos coído que se ise libro francés representa o que hoxe se pensa en Europa, nos meus comentarios, sobor do humor non queda moi mal parado, nunha defrontación, o que se pensa nun recuncho burocrático dun rincón de Europa sobor do mesmo tema. Esta impresión, tal volta suxetiva e infundada, resúltame confortadora. En troque penso que o libro de Escarpit, polo seu caraiter de antoloxía de exempros humorísticos, e mais ameno que o meu e que, polo tanto, debelle de gustar máis o lector non calificado.

En canto a aitualidade do tema “humor” teño que che decir que tamén saliu outro libro norteamericano sobre o humorismo. Vino na librería, non o merquéi: e un teoría psicoanalítica dunha amalgama chamada humor que a min me parece unha tontería compta.

Moitas gracias por todo e unha forte aperta de

Celestino

* * *

18

Lugo- 8- VI- 66

Querido Ramón:

Xa sabía de ese estupendo viaxe a U.S.A. do que, sen dúbida, traerás moito que contar. Alégrome moito de que teñas oportunidade internacional de dar a conocer o teu talento filosófico.

O día 16 iréi a esa e xa falaremos. Eu non ando ben de saúde. Xa lle preguntaréi o Vazquez Seixas⁷³ ese dato que lle interesa a González López⁷⁴.

Nestas vacacións trataréi de facer algo pra “Grial”. Gustaríame moito adicarlle un longo comento a figura ia obra de Domingo. Despois tamen me gustaría escribir con calma sobor da figura ia obra de Rof Carballo. Coido se trata de dúas figuras extraordinairas da España contemporánea que honran a nosa terra. A obra de Domingo aínda non da a medida, pola súa cantidade, da talla da súa figura. No feito xa está todo Domingo, implícito, pero aínda debemos agardar grandes cousas de esa madurez espléndida do noso amigo. Rof e Domingo, moi distintos, pero os dous moi valiosos e singularísimos no panorama da cultura española merecen un reconecemento, con cono-

⁷³ **Manuel Vázquez Seijas** (Lugo, 1884 – 1982) Director do Museo Provincial de Lugo. Ingresou na RAG en 1941. Publicou traballos diversos sobre historia, arqueoloxía e xenealoxía; entre eles destacan *Lugo en los tiempos prehistóricos* (1943) ou *Fortalezas de Lugo y su provincia* (1973, 6 volumes), ademais de artigos, guías ou diferentes colaboracións no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*.

⁷⁴ **Emilio González López** (A Coruña, 1903 – Nova York, 1991). Licenciado en Dereito civil, en 1929 viaxa a Munich e é nomeado profesor adxunto de Dereito Penal da Universidade Central. Obtén a cátedra na Universidade de La Laguna en 1931, ano no que é elixido deputado dentro da ORGA pola Coruña, conseguindo tamén un escano en 1936. Pertenceu á esquerda republicana dentro do Frente Popular. Finalizada a guerra civil marcha para Nova York incorporándose ao Hunter College. Entre 1946 e 1971 traballou na Escola Española do Middlesbury College, do que tamén foi director, ademais de dirixir o programa de doutorado español do Centro Graduado da Universidade de Nova York. Foi investido doutor honoris causa pola Universidade da Coruña e cronista do Reino de Galicia. Entre as súas múltiples publicacións destacan, *Historia de la civilización española* (1960), *Historia de la literatura española* (1972), *Grandeza e decadencia do Reino de Galicia* (1978), *Historia de Galicia* (1980, 12 tomos) ou *Historia del puerto de La Coruña* (1985), entre outras, ademais de artigos e estudos sobre Valle-Inclán, Pío Baroja, Emilia Pardo Bazán ou Castelao.

cemento de causa, que deica agora coído que non acadaron. ¿Seréi capaz de cumprir eu esa tarefa? Moito me gustaría que así fose.

Unha forte aperta de

Celestino

* * *

19

Lugo- 18- XI- 1966

Querido Ramón:

De contado que recibín o teu fermoso presente púxenme a esculcar nil con grande curiosidade. A miña solpresa é moi grande: todo canto vin a primeira vista confirma plenamente os meus puntos de vista. Cheguéi a pensar que o Schür⁷⁵ conocía o meu libro, pois dende logo, o que eu conocía dil nada tiña que ver coa miña tesis central sobor do humorismo que, nun pasaxe da páxina 129, está esposta con solprendente coincidencia. Di o seguinte: “No primeiro caso a comicidade é punto de partida, no segundo é meta, nos dous a comicidade contrasta con unha aitude contraposta de seriedade; o humor da segunda crase xurde polo

⁷⁵ Refírese a **Friedrich Schür** (Viena, 1888 – Constanza, 1980). Gran figura da Filoloxía Románica. Profesor nas universidades de Estrasburgo, Friburgo e Marburgo. Ademais dos seus numerosos traballos filolóxicos no eido da romanística, entre os que salientan as súas contribucións á dialectoloxía italiana, fixo estudos de crítica literaria sobre figuras como Cervantes ou Unamuno. A súa contribución aos estudos do romagnolo deu lugar en 1996 á creación dun Instituto que leva o seu nome.

feito de que unha situación que debera tomarse como seria ou traxica trócase en cómica, descubre o seu lado cómico; o humor da primeira crase en troques consiste en que algo cómico móstrase como algo que, nun senso mais profundo, debe tomarse en serio, algo que dende un punto de vista máis elevado ou dende unha⁷⁶ mais comprensiva sabiduría vital, benquerencia ou harmonía é afirmado”. ¡Solprendente! ¿Non che parece?. Este libro publicouse por 1ª vez, como se di o dorso da 1ª páxina, no ano 1947, pero esta edición do 1963 está, como tamén se di, reelaborada e aumentada. Gustaríame poder confrontar a primeira edición pra comprobar se na mesma figura xa esa concepción do humor. A verdade é que estou un pouco escamado porque o sabio errante Schür vive en Friburgo e ali o Domingo Carvalho⁷⁷ ten un exemplar do meu libro. Por outra banda, resultame estrano que a seriedade alemá utilice unha idea, aínda que seña galega, sin citar a procedencia. Por un lado resulta confortante pensar que eu, que son un intruso no cervantismo e na crítica literaria, coincida cos grandes especialistas dos derradeiros tempos. Por outro lado resulta penoso pensar que un non se pode adicar de cheo, por azares da vida, a istes problemas e ten que embrutecerse pouco a pouco na estúpida burocracia. Eso é o que me está pasando: non teño tempo pra nada; nin siquera pra leer. O Rancaño está enfermo dende fai un mes e teño que facer o traballo dil e mailo meu.

O noso tempo é tan axitado e complexo que está visto que fai falla deixárlles o campo da cultura ós profesionales, ós que viven de eso. Os demais teremos que ganar a

⁷⁶ No orixinal, *un*. Vx. dous casos similares na pág. 157.

⁷⁷ **Domingo Carvalho** foi un gran amigo persoal de Heidegger e fixo posible que se traducira a súa obra ao galego na editorial Galaxia. Entre outras publicacións da súa autoría destacan, *Die ontische Struktur* (1961) ou *Die Ontische Stimme* (1965).

vida ó noso xeito e renunciar a inútil fatiga de pretender adicarse a cultura por libre.

Moitas gracias polo libro e recibe unha forte aperta de
Celestino

* * *

20

Lugo 18- V- 68

Querido Ramón:

Esa escolma do humor negro está evidentemente infruída polo meu libro, como moi ben dis na tua derradeira carta. Pra min é unha verdadeira alegría pois coído que unha infruencia operante e moito mais importante e confirmatoria que unha recensión crítica.

Moito che agradezo esa delicada e cariñosa atención pra me ter ó tanto da bibliografía encol do humor. Coido que me pode ser moi util pra insistir algunha vez no tema. Tema que agora, no intre revolucionario e caótico que vivimos, adquire un renovado interés pois sin certa distancia reflexiva e irónica non se remata noutra cousa que non seña o primitivismo do catecismo roxo ou a tráxica paradoxa dos petardos a Carballo Calero.

Muito me gustaría poder falar contigo denantes de que saias pra Norteamérica. ¿Cando pensas saír?

Unha aperta moi forte de

Celestino

* * *

Lugo- 13- X- 1969

Querido Ramón:

Agardaba que viñeras pra falarmos. Como non foi así, e aínda que non tardaréi en ir a esa, quero contestar á tua derradeira carta.

En canto á invitación de “O Facho” agredécelles que se teñan lembrado de min e coido que a súa iniciativa é moi acertada e merecente do apoio e colaboración. Pro, no meu caso, sucede o seguinte:

Eu teño, como sabes moi ben, 55 anos recién cumpridos. Dende fai algún tempo sinto un forte descougo, unha especie de obriga moral, que me di que teño que intentar escribir un libro serio, unha especie de testemuño da miña vocación intelectual de toda a vida. Non sei se sairá ben, ou sairá mal, nin si, siquera sairá. O que sei é que agora, dende fai algun tempo, ando metido en complicados estudos e cavilacións e que, se quero intentar facer algo, é necesario que concentre todas as miñas forzas, as poucas sobrantas despois da tarefa profesional, nese traballo. Xa non me queda tempo pra dispersar as forzas, pra distraer a mente en cousas que non obedezan á necesidade interna do propio pensamento. Se no prazo de dous anos son capaz de rematar ese libro que me bule na cabeza e se resultase un libro de madurez, non inferior ás miñas posibilidades, coido que estaría moralmente xustificado, de momento coido que a miña obrigación é defender esa oportunidade e por eso quixera que, coa tua enorme comprensión, me disculpares diante de “O Facho”, sin lles dicir o verdadeiro motivo, pois tampouco me gustaría que naide soupese esta confianza que a ti che fago.

Quero traballar en silencio e non quero prometer ou anunciar algo que pra sua realización require tempo, sorte e inspiración. Do que si podes estar seguro é de que non se trata dun pretexto senón de unha verdadeira preocupación que me obsesiona dende xa fai algún tempo.

Cando vaia a Santiago recolleréi ese fermoso regalo que me anuncias e que moito che agradezo.

Teño entendido que o homenaxe a Rof será o próximo día trinta. Con tal motivo publiquéi no “Progreso” ese artículo que che remito. O Rof escribiume decindo que lle gustara moito. Supoño que sería pola cordialidade io cariño con que está feito.

Moitos saúdos pra Isabel e unha moi forte aperta de

Celestino

* * *

22

Lugo- 30- VI- 69

Querido Ramón:

A toda presa contesto o inquérito de Montezuma de Carvalho⁷⁸. Mañá sallo pra Vicedo e, denantes de partir, teño que deixar todo arranxado.

⁷⁸ **Joaquim de Montezuma de Carvalho** (Coímbra, 1928 – Lisboa, 2008). Licenciado en Dereito, expatriado en Angola e Mozambique, onde exerceu nos rexistros e na maxistratura ata 1976, cando volve a Lisboa para exercer a avogacía. Un dos seus afáns foi o do conectar persoas, ideas, informacións e saberes entre a cultura lusa e a brasileira e con outros intelectuais como Mário de Andrade, Octavio Paz ou

O periódico donde ven o artigo de Robbe-Grillet⁷⁹ non o teño a man e por esa razón teréi que deixalo prá volta, a primeiros de agosto.

A ver se logro despachar por fin ese compromiso que tan mal encaixa na miña anárquica distribución de traballo.

Unha forte aperta de

Celestino

* * *

Julio Cortázar. A súa correspondencia é moi abundante e abrangue dende o cubano Manuel Díaz Martínez ata Eduardo Mayone Diaz, profesor portugués na Universidade de California. Inicia a súa andaina como escritor no 1951 cun libro de homenaxe a Teixeira de Pascoaes e definiuse coma un escritor barroco do s. XX que nunca se rendeu á modernidade. Publica entre outros, *Sor Juana Inés de la Cruz e o Padre António Vieira ou a disputa sobre as finezas de Jesus Cristo* (México, 1998), *Cervantes em Portugal* (2005) ou *Do tempo e dos homens -Volume I- Da historia literária á historia da cultura* (2007). Colaborou en numerosas revistas galegas nos anos da posguerra.

⁷⁹ **Alain Robbe-Grillet** (Brest, 1922 – Caen, 2008). Escritor francés. Abandonou a enxeñería agrónoma para dedicarse á literatura. A publicación en 1963 de *Pour un Nouveau Roman* converteuno no principal teórico deste movemento, xunto a Nathalie Sarraute, Michel Butor, Marguerite Duras ou Claude Simon que figuran nas ringleiras do *nouveau roman* (*école du regard* ou *objectalisme* francés). Foi profesor nas universidades de Nova York e Misuri dende 1972 ata 1997, ademais de dirixir o Centro de Socioloxía da Literatura de Bruxelas entre 1980 e 1988. Entre as súas novelas destacaremos tamén *Le voyeur* (1955), *La jalousie* (1957) ou *Dans le labyrinthe* (1959).

23

Lugo 2- I- 75

Querido Ramón:

Agardaba que viñeras a Lugo nestas datas pra che entregar esa breve noticia bibliográfica encol de Castelao que, por certo, débese á tua dilixencia en procurarme o libro de que se trata, no seu día.

Moi agradecidos saúdos pra todos e unha forte aperta de
Celestino

* * *

24

Lugo 15- I- 75

Querido Ramón:

Con moita ledicia recibin as “Olladas no Futuro”. Coido que era necesario recoller nun volume esa obra espallada tua, de tanta importancia prá entender a cultura galega dos anos seguintes á guerra civil. O libro, pra mín, resulta melancólico e conmovedor. Decátome da presa con que fuxiron os mellores anos da nosa vida e paréceme que non pasou tanto tempo do teu esforzo conmovedor, teimoso e tan sacrificado, naqueles anos tan difíciles que, moi en solitario, pra asegurar a continuidade da cultura galega, decidiches o teu destino persoal. Esforzo no que, gracias a tí, teño participado nalguha medida.

Os resultados coido que, dentro da tolemia nacional, non poden ser millores.

En canto ó libro nada che podo decir que non teñas escoitado moitas veces: constructivo, lúcido, equilibrado, ecuánime, maxistral dominio do idioma, amplitude de preocupación, elegancia espiritual.

Miña mais cordial noraboa, moitas gracias pola adicatoria e con garimosos saúdos pra Isabel recibe unha forte aperta de

Celestino

* * *

25

Lugo, 2- VII- 79

Querido Ramón:

Verdadeiramente o meu malestar é bastante máis que unha morriña de primavera. Entóu moi canso, triste e pesimista en todo e pra todo.

De todos xeitos cumpriréi con moito gusto a miña contribucion, aínda que sea breve, ao número tan merecidamente adicado a Luis Seoane.

A reedicion de “O segredo do humor” xa é cousa máis complicada. Teño notas e novo material para engadir, máis fariame falla bastante tempo e, sobre todo, un estado de ánimo máis propicio. Cecaís tampouco interese moito no intre actual un libro de esa clase. Por outra banda tamén será mellor esperar a que se clarexe de unha vez a cuestión do “galego literario” pertinente.

Con unha forte aperta de

Celestino

* * *

V

ÁNSEL FOLE

1

Señor don Ramón Piñeiro. En Santiago⁸⁰.

Meu querido amigo:

Recibín a túa derradeira carta, que puiden lér gracias ó uso dunha lupa. Entregáronma algo tarde.

Seña o promeiro os moitos saúdos a Isabel e demáis familiares. E tamén ós moitos amigos que inda teño nesa illa, tan cargada de lembranzas pra min.

Mais desque que xa non hai casa de García Sabell na Rosaleda, Santiago xa me parece moito menos Santiago. Si ti non seguises vivindo alí, Santiago sería pra min unha simple lembranza. O mesmo me pasa con Lugo. O Lugo da miña ancianidade paréceme, simpresmente, unha vila onde vivín.

Levo varios meses sin sair da casa, inda que fago vida ordinaria no domicilio. Falo moito por teléfono. Mais xa non ando por cafés e tabernas. As xuntanzas de amigos quedaron na historia. De cando en cando, algunha visita dun vello amigo.

Como aquela que me fixeras ti fai tempo en Lugo.

⁸⁰ Corriximos os numerosos erros que aparecían nesta carta mecanoscrita. Trátase de erros de teclado, lóxicos, doutra banda, nun Fole que, como confesa xa na primeira liña desta carta, necesita lupa para ler e tiña xa unha confesada ancianidade.

Agora ven ó caso decir que me alegro moito que vaias curando das feridas do teu aicidente. Supoño que agora estarás moito millor. Por eso agora estou pensando en escribirche unha longa carta un distes días, perguntádoche moitas cousas, tratando de rompere o meu isolamento de home moi vello. Varios sacos cheos de preguntas. Ca esperanza de volvas a me facere outra visita e falemos largo e tendido.

Cos anos aumentou moito o meu pesimismo, e vexo mal esto, e vexo mal o outro. Todo son solpresas e moi poucas gratas... Xa che direi eso na vindeira carta que che escriba.

Co amigo lugués co que me sigo tratando como antano é co bon de Antón⁸¹ –... Pero alá quedan tantos e tantos amigos, que xa non vexo nin falo con eles desde fai tanto e tanto tempo...

Unha aperta moi forte

Anxel.
Lugo. Lus de Ramos do 84

⁸¹ **Antonio Figueroa Mosteiro** (A Coruña, 1915 – 2006). Médico e farmacéutico que se consideraba lucense porque de Lugo era case toda a súa familia e naquela cidade viviu toda a súa vida. Foi un dos fundadores das Mocidades Galeguistas de Lugo xunto con Ramón Piñeiro, do quen tamén era moi bo amigo, o mesmo que do propio Fole ou de Xosé Gayoso Veiga.

VI

JOSÉ GAYOSO VEIGA⁸²

1

Lugo, 6, Diciembre de 1972

Amigo Ramón:

Teño escritas unhas cantas follas de un conto un pouco estrafalario e terrorífico; ô ambiente da narración é galego; os feitos acontecen en Lugo e na miña aldeia e se referen a fai moitos anos; paréceme que ten algún interés, e así pensei en mandarcho para ver ô que se pode facer con él. E un pouquiño largo (escribín unhas 40 carillas ou sexan unhas 40 cuartelas, que farán 20 páxeas), pero en letra de imprenta ocuparán menos.

O relato, que ten algo de autobiográfico, escribino en castelán, pero con frases, palabras e nomes, en abondo, galegos. Non sei se traducido a nosa fala perdería algo no estilo: esto é o que temo. Creo que este conto parécese pouco a ô que se acostuma a escribir. Non sei: ti dirás.

⁸² **José Gayoso Veiga** (Outeiro de Rei, Lugo, 1905 – Lugo, 1995) A súa inquedaanza polos estudos lévaio a iniciar diferentes carreiras da área de ciencias sen ter chegado a rematar ningunha, aínda que si chega a adquirir unha sólida formación en diversas especialidades como a Matemática ou a Física que lle valerá para traballar como docente nun centro privado en Lugo. Colabora coa prensa luguesa da época nalgunhas cabeceiras como *El Progreso* e *Guión*. A súa obra narrativa límitase a un volume onde recolle a crónica do Lugo da súa época, *Coa nosa xente* (1973), e a un pequeno conxunto de narracións breves en galego e en castelán.

Aínda teño que põl-o en limpo, pero este traballo logo ô termino.

Así que ti dirás si cho envío ou non. Amais teño en proieito outros mais contos, algús dê-les do tipo do que chaman “Cencia-ficción”. En fin, non sei ô que salirá desta aventura.

Non é o meu propósito molestarte máis, de modo que acabo estas líneas, xa moi longas.

¿Cando vés por Lugo? Sempre estamos os amigos deiquí cheos de deseio de verte por esta vila e de “proseguir” a charla que xa empezamos fai moitos anos, e que nunca se da esquencida.

Con un saludo pra Isabel e moitas congratulacións pra tí (e os amigos de esa) queda eiquí a tua incondicional disposición teu amigo e compañeiro,

José Gayoso Veiga
d / C- Calle Dr Castro, nº 10, 3º
Lugo

* * *

2

Lugo, 16, Diciembre de 1972

Meu querido Ramón:

A miña vista a tua carta do 9 diste mes. Estas palabras que siguen son pra contestar a éla.

Non é extrana a tua sorpresa, pois eu son moito perezoso nas miñas cousas. Agora que, unha vez posto a escribir fago de corrido. Fasme na tua carta un recordo das nosas parlas de fai, (¡ay!) moito tempo. Todas élas, e as que ven-

drán, fan unha e grande digresión. A vida é unha inmensa charla e ésta é a carga preciosa que levamos prá ô outro e outro mundo que nos está agardando.

No referente a o conto que teño escrito que estimo moito como se quere a un fillo, che digo que non cho podo enviar, pois hai que pol-ô en lingua, posto que, así como está, non hay quen ô lea, porque a letra e infame.

Vou a perxeñar outro conto, este no noso falar; será un conto, casi sen argumento; trátase mais ben dunha visión do penedo, está na aldea, e da suprema traxedia humana dos infelices pobladores da terra-ingrata; en fin, un pouquiño de tónico, e un moitiño de amargura. Cando o teña escrito e xa limpo, entón cho mando.

Pol-o que se refere ô relato xa escrito, indagarei a forma de levalo a publicidade. Pero o que quero e que ô publiquen sin compromiso, pois sei de quen ou quenes, con seguridade mo levarían a imprensa, pero implicando algo somellante a unha servidumbre, e eso non me gusta. Si ti podes indicar algunha dirección, agradezcoche ma comuniques.

O desexo meu e falar contigo, oralmente, eiquí, no Lugo, cousa que espero sexa pronto.

Creo co que vai apuntado atrás sirve de contestación as tuas líneas do 9 deste mes, así que paro eiquí esta xa moi longa misiva.

Un bon saludo a os amigos de ahí, outro a tua esposa e outro mais a ti mesmo.

José Gayoso Veiga

Sigue como sempre a o teu grato mandato

* * *

Lugo, 16, Marzo, 1973

A Piñeiro (Ramón)

Meu bon amigo:

Polo dador, noso común compañeiro, Diño Pallin, mán-doche pra co leias e logo determinar algo sobor dile, un montón de folios, mecanografiados, escritos de algún xeito no noso linguaxe; non sei o que é isto, conto, novela, historia, biografía nin sei tampouco si vale a pena do leerse; por isto cho mando, pra desvelar ese enima, e en caso favorábel, facer algo có este mamotreto. Deume agora, a manía de escribir, sobor de lembranzas e en homaxe o onde nos criamos e onde sufrimos, que é o que vale.

Si ves que isa “argallada” e dina de dala ô púbrico, e pareceche comenente o facelo, en ti confío. No caso de non valer ou non convir (ou non poder), pídoche, entón, mo devolvas pronto.

Eu coido que, de calquer modo, eiquí en Lugo, caso de pubricarse, tería boa venta, pois teño moitas amistades e moita xente que me conosce de sempre.

A narrazón ten certo caracter autobiográfico como de mamorias ou crónecas, ten un xeito moi persoal e sui generis, sin pretender orixinalidade. A miña intenceón é de que algúas impresiós, tipos, vivenceas, etc, por min experimentadas, non se perderan, pos coido que dan unha cabal ideia do que era unha aldeia galega, preto de Lugo, fai medio século.

Tamén no caso de intentar a “Argallada” podes facer en ela corrección ou axustes que estimes convenientes sobor da grafía ou a propiedade gramaticale.

Como o que enriba vai escrito constitúe o ouxeto desta carta, sin mais e con recordos pra tua esposa e desexos pra vos de benser⁸³ e ledicia, quedo eiquí pro que gustes mandar.

José Gayoso Veiga
C / c. Calle Dr. Castro, nº 10. 3º
Lugo

* * *

VII

PACO MARTÍN

1

Lugo, 22 de Xaneiro

Querido don Ramón:

Mándolle a copia da noveliña⁸⁴. Xa sabe vostede o que pra min supón a súa opinión.

⁸³ Lemos *bensere*, o termo orixinal da carta, toda ela de non doada lectura.

⁸⁴ Cremos que esta carta é de 1975 porque supoñemos que a noveliña que lle envía a Ramón Piñeiro para que a lea é *No cadeixo*, á que volve facer referencia na seguinte carta agradecéndolle a este a súa opinión.

Tamén eu teño que lela outra vez xa que, como lle dixer, fíxena de corrido dende o mes de Agosto e aínda non teño perspectiva.

Agradézollo moito. Unha aperta pra todos.

Paco Martín

* * *

2

Lugo, 4 de San Xan do 1.975

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago

Estimado amigo:

Estou certo de que saberá perdoar o meu retraso en respostar á súa carta. Retraso motivado, en parte, pola esperanza de chegar a falar persoalmente con vostede.

Sei da súa chamada na pasada semá e pode supoñer o que sentín non acharme en Lugo aqueles días.

Quero agradecerlle a súa opinión, e tamén a do xurado, sobor da miña novela (que si foi feita pró Concurso) e os azos que sabe darme.

Foi mui importante pra min chegar ate onde a novela chegou xa que, aínda que xa teño trinta e cinco anos, escomecei a escribir cousiñas hai somentes catro ou cinco i esta novela era a miña experiencia máis importante.

Agardo que, o máis axiña posible, teñamos ocasión de botar esa parrafada que vostede di e aproveitar eu os seus consellos.

Unha aperta co agradecemento de

Paco Martín

* * *

3

Lugo, 7-4-76

Benquerido don Ramón:

O luns vostede querendo marchar e eu fala e fala contra o rapaz aquel da radio (digo contra porque aquilo foi case unha loita verbal).

Debín deixalo e atenderlle a vostede que é a quen quería atender e con quería estar, e non o fixen, supoño que cunha grande falla de educación. Deberon se-los nervios.

Perdón.

Ben sabe o moito que lle agradezo todo canto fixo (fixeron) por min, e ben sabe tamén que lles quero moito. Pagou a pena o traballo da novela (esto téño pensado e falado moitas veces) aínda que non fose máis que porque me deu a oportunidade de conocelelos.

Tamén estou mui ledo porque sei que esto vai pra longo. (Ben sei que se chama egoísmo).

Do do luns nada lle digo. Vostede fixo todo, e fíxoo pra min. ¡Qué BO HOME é vostede! E que grande persoa.

Agradezolle tamén que sexa así e agradezo o que a min me toca.

Conte sempre connigo, e coa miña muller, que sinte o mesmo que eu sinto.

Unha forte aperta

Paco

* * *

4

Lugo, Nadal 1.983

Distinguido amigo:

Estou a piques de rematar un volume de ADIVIÑAS GALEGAS pró que veño recollendo material dende hai xa algúns anos. O libro, que eu estimo que é un traballo serio, está practicamente feito e recolle 1098 adiviñas ademais dunha importante cantidade de variantes e comparanzas coas portuguesas, casteláns, cataláns...

Quixera pechar este traballo facendo entrar no xogo a aqueles que mellor saben do esencial e lúcido da palabra polo que estou a pedir ós autores galegos que, ó igual que os escritores de outros tempos, fagan valer o seu inxenio e aumenten así este eido –non por pouco coñecido menos importante– da nosa Cultura.

Prégolle, polo tanto, que Vde. invente unha adiviña e que ma mande xunto coa súa solución pra eu incluila, citando a autoría, no apéndice de adiviñas creadas por autores galegos vivos.

É un desafío que estou certo saberá aceptar, xustamente porque é fermoso.

Mándeala, o máis axiña posible, a:

Paco Martín
c/ Ourense, 4. -2º Esqda.
LUGO

Xa sabe canto llo agradezo e imaxinará o moito que llo han agradecer todos máis adiante.

Boas festas.
Atentamente,

Paco Martín

A pesares dos meus esforzos é posibel que Vde. teña contacto con algunhas persoas ás que non poiden mandar esta carta. Por favor, fálelles do proxecto e pídalles que colaboren.

Gracias.

* * *

5

Lugo 8 de Xaneiro⁸⁵

Meu querido amigo:

Recibín a súa carta e sei que saberá disculparme se lle insisto no tema.

Pasa que xa recibín mais de trinta adiviñas e de xente bastante significativa (García Bodaño, Manuel María, Martínez Oca, Avilés de Taramancos, Novoneira, Bernardino

⁸⁵ Cremos que esta carta é de 1984 porque volve a insistirlle a don Ramón que escriba unha adiviña para o seu libro que verá a luz en 1985, cousa que xa lle propuxera na carta anterior.

Graña, Claudio Rodríguez, Costa Clavell⁸⁶...) e ando certamente animado co tema. Eu penso que é unha boa idea e que pode axudar, na súa medida, ó solecer deste xénero.

Eu penso que sería bo que fixese un esforzo, hai nomes, e eso ben o sabe, que non deberán faltar e o seu é un deles.

O xogo é simpático e mais doado do que un pensa. Teño seis adiviñas que me fixo Epifanio Ramos⁸⁷ que son unha preciosidade e el tamén decía que non era quen a intentalo.

A algunhas persoas como á xente da Universidade, aínda lles escribín hoxe e a outras voulles insistir.

Pídolle que me axude, no que a vostede toca e mais coa xente á que teña oportunidade de falarlle.

⁸⁶ **Xavier Costa Clavell** (Chantada, 1923 – Barcelona, 2006). Fillo dun xornalista republicano, Xosé Costa Figueiras, tamén estudou xornalismo en Barcelona. Participou na fundación do grupo Brais Pinto en Madrid. Conferencista e articulista en xornais galegos como *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Galicia Hoxe* e cataláns, *La Vanguardia* ou *El Periódico*. Destaca unha escolma dos seus artigos publicada en 1991, *Sempre Galicia no meu corazón*. Traduciu ao castelán *Aires da miña terra*, de Curros Enríquez, en 1989. Ademais das súas publicacións sobre gastronomía tamén salientamos, entre outras, o poemario *A ronca gorxa do meu ser* (1963), a novela *A Monchiña* (1987) ou o libro de relatos *Lume esmorecido* (1999).

⁸⁷ **Epifanio Ramos de Castro** (Zamora, 1924 – Lugo, 2006). Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela, onde tamén se doutorou. Despois de realizar cursos de Lingua Francesa en varias universidades obtivo o diploma de Aptitude para a ensinanza desta lingua e foi profesor en varios centros de ensino coma no Instituto Feminino de Lugo ou o I.E.S. Xoán Montes que chegou a dirixir (1972- 1975), ata chegar á Escola Oficial de Idiomas, na que tamén exerceu como director (1987-1990). É autor de obras coma, *Las Cántigas de escarnio y maldecir de Alfonso X el Sabio* (1973), *Galicia y Francia* (1965, en colaboración con X. Alonso Montero) ou *Cen anos de literatura galega* (1964, en colaboración con X. Alonso Montero), ademais dos numerosos artigos e conferencias.

Voulle tamén decir –porque mo pregunta na carta– e non quero que pense que pretendo trocalle o favor –Ben sabe que non é así– que o libro non está comprometido, que xa falara del con Carlos Casares e mais con Bieito Ledo unha vez que viñeran pola casa e que me gustaría que o editase Galaxia xa que estou certamente satisfeito coa segunda edición de *No cadeixo*.

O caso é que eu quereda que salise moi amañado de precio pra que chegase a tódalas xentes.

Mais desto hai tempo a falar.

Disculpe a miña insistencia. Ben sabe onde me ten.

Paco

* * *

6

Lugo, 15 do Nadal⁸⁸

Querido D. Ramón:

Levo todo o día na casa porque ando algo doente (non é nada, unha miguña de gripe) e acordei de escribirlle pra lle felicitar estas festas.

Vino de lonxe o día catro e estivo, coma sempre, moi ben.

Hoxe chamáronme da Delegación de E. C. e non sei se virei a poñer escola en Lugo (xa sabe, a cousa de consorte) e non acougo. Non é seguro mais eu penso no que farei cando deixe Bretoña que foi o meu reencontro con Galicia

⁸⁸ Na cabeceira da carta non se rexistra o ano.

despois de sete anos fora e que tanto influíu en min pra todo. Estou triste.

Eu quérolle moito a aquilo e a xente de Bretoña e un moito a miña xente. E o meu traballo. En Lugo non poderei facer o labor que ali fago nin terei o material que ali teño, nin a ilusión, nin os compañeiros, nin o idioma. Levo oito anos sen falar nunha escola nin unha palabra en castelán e demostrándolle así á xente que se pode facer, e ben, porque os meus alumnos nunca foron peor que os dos demáis no bachiller ou nos exames de fin de curso.

E aquí, se é que veño, ¿qué vai pasar?

Supoño que teño a moral baixa pola debilidade e non busco nada millor que contarllo a vostede. Ten que perdoar pro é que agora son as catro, estou soio na casa.

Xa teremos oportunidade de falar. Agora quero felicitarlle o Nadal e mais o aninovo, e tamén a Isabel e á súa irmá e a Fermín e Blanquita que vostedes verán e ó doctor García Sabell e Sra.

Ben sei que virán por Lugo pola noiteboa mais o caso é que agora quedei máis cómodo.

Unha aperta

Paco Martín

* * *

26 do marzal⁸⁹

Queridos don Ramón e todos:

Ben sei o tarde que escribo e tamén o feble das disculpas que poda poñer pra xustificarme, con todo estou certo que me saberán comprender.

Hai xa quince días que cheguei e aínda ando descubrindo cousas, paso a maior parte do día camiñando e convencido de que esa é a cousa que millor sei facer (aínda que non o fago moi ben).

Xa lle dixera que tiña moito interés en esquecer os días que pasei na clínica e fago canto podo porque así seña, con todo non é doado empatar os tempos por riba da operación tendo en conta as moitas cousas que me levan a ela e que son boas.

Agora ando ben. Melloro por días gracias ás fretas, corrientes e exercicios que me fan na clínica de rehabilitación e ás longas camiñatas que fago eu pola miña conta.

Hoxe escomecei a traballar unha miguiña. Á mañán lín o que tiña escrito e decidín seguir facendo máis e neso ando.

Con todo teño moita gana de escomenzar coa escola. Estar de baixa dame unha sensación de inutilidade que non é agradable e que me couta pra case todo. Supoño que se me meto de fuciños na novela poderei erguerme por obra dela.

Sentín moito non estar na casa o día que vostede chamóu, é moi boa cousa pra mín podelo escoitar.

⁸⁹ Na cabeceira da carta non se rexistra o ano.

Non quero falar agora de tanto agradecemento que lles debemos porque nin vostede me deixaría nin por dicilo sería máis sabido.

Xa me fai ben o feito de estar agora escribindo.

Chamáronme do Ateneo da Coruña pra que fose alí, primeiro con Fole pra presentalo e despois eu soio.

Apeteceme máis o primeiro pola simpatía que lle teño a don Anxel.

Xa levo o coche en recorridos pequenos. A ver se a cousa mellora e podo chegarme a Santiago calquera día.

Xa lle escribirei.

Bicos de Anxela e dos nenos.

Unha aperta pra Isabel e mais pra Sara.

E pro que desexen

Paco Martín

* * *

VIII

EDUARDO MOREIRAS⁹⁰

1

Vigo 5 Abril 1970

Sr. D. Ramón Piñeiro.

Meu amigo Piñeiro:

Mándolle pola miña filla Margarida o libro de poemas “Os nobres carreiros”, co desexo de publicálo en “Galaxia”.

Gostaríame, caso de merecer a súa aprobación, que se publicase no mes de Sant-Iago.

⁹⁰ **Eduardo Moreiras Collazo** (Quiroga, Lugo, 1914 – Vigo, 1991). Realizou estudos de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela para trasladarse despois a Vigo, cidade na que residiu ata a súa morte. Foi membro numerario da Real Academia Galega, fundador da revista *Mensajes de Poesía* (1948-1950), colaborador de *Nordés*, *Grial* ou *Dorna*. Publicou poemarios en castelán, os cales marcan no autor a súa primeira etapa de creación: *El bosque encantado* (1947) e *Éxtasis* (1948). *A realidade esencial* (1955), *Poesía en rocha viva* (1958) ou *Os nobres carreiros* (1970), integran a segunda etapa do poeta, xa en galego; ademais das traducións de Paul Éluard, entre outras. O estilo poético de Moreiras é máis metafórico, máis barroco e máis centrado nos recursos do idioma na prosa ca no verso, no que atopamos unha linguaxe máis depurada e sinxela, superando os atrancos iniciais da súa obra en galego que dá lugar a unhas composicións finais excelentes, como se verá na terceira etapa con *Primaveira no Lor* (1974), *Fogo solto* (1974) ou *O libro dos mortos* (1979), nos cales incursiona xa na narrativa galega.

O libro levará oito ou dez dibuxos de Laxeiro, si voltou pra entón das Américas. Coido que sí.

Unha aperta do seu

E. Moreiras
Apartado 257 VIGO

* * *

2

Vigo, 27 Diciembre 1971

Sr. D. Ramón Piñeiro.
Santiago.

Querido Piñeiro:

Lémbrote, nistes fermosos días de invernia, a carón dos teus libros, de costas á Rúa. I eu téñoche moitas ganas de desexar pra tí un Aninovo moi feliz. Bueno, coido que tí xa eres feliz, porque chegaches á comprensión humán –a comprensión que dá paz interior– polo único vieiro posibel: o vieiro da luz. Pero sempre está ben rematar e començar o Ano con nova esperanza. E con saudia.

Díxome Paco que o “Xornal” vai en xaneiro. ¿E sairá, por fin?

Unha aperta moi cordial do teu amigo

E. Moreiras

* * *

3

Vigo 21 de maio 1972

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago

Querido amigo:

Xa se lle ve a punta do pano ao “Xornal”. Vai sair! Quedaron en chamarme de Galaxia pra que vaia a firmar o teu libro cando vaia a sair, pois quero que cho manden adicado. Pero isto non me basta. Quero darche as gracias máis vivas e afeitosas pola delicada e fonda comprensión que atopei en tí pra chegar a publicar iste libro. Si non é por tí aínda comería sombra nun caixón.

Sempre teu amigo

E Moreiras

Xa sei que viches á miña filla Margardida en Barcelona. Ela quérete moito.

* * *

4

San Martín de Quiroga, xunio 1972

Sr. D. Ramón Piñeiro
Compostela

Querido Ramón:

Gracias por mandáreme isa notiña de Fole no “Progreso”.

As túas verbas de alento dánme esperanza, xusto cando máis a necesito, pra seguir escribindo.

A beleza distas montañas –que xa ti coñeces–, a comunión diaria coa terra tan doada eiquí, fálame dunha vida natural pola que chorei toda a miña vida.

Si vas por Vigo iste vrán, chámame. Temos que beber ise ribeiro que decías cando saíra o Xornal.

Unha aperta do teu amigo

Eduardo

* * *

5

Baiona, 4 de Xulio 1972

Querido Ramón:

Cando cheguei de San Martín recollín dúas cartas tuas: unha, cun recortiño do “Progreso”, outra cunha referencia de Rodrigues Lapa moi favorable pra o Xornal. Isto é xusto o que eu quería saber cando decidín publicalo e cho levei: si o libriño podería lérse con interés, e máis aínda si caíra en mans de xente sensíbre e preparada, afeitada a leituras de toda cras, coma é o caso do gran Rodrigues Lapa. Gracias pola tua xentileza en copiar-me ese párrafo que tan ledo me puxo.

O que máis me gusta é o recoñecimento da fonda galegitude do libriño. A paisaxe, os homes da nosa terra, os levamos vivos, coa súa outa verdade, no noso espírito. Pódoche dicir, querido Ramón, que iste derradeiro mes na montaña pasáronme cousas ben estranas: o que había de

imaxinado e creado –inventado– no meu xornal –e que era moito– atopeino real e vivo, en carne e oso, cunha realidade moito máis suxerente e fascinadora naquela paisaxe e naquelas aldeas e xentes que sempre son novas pra mín. ¿Quere isto decir que a obra literaria aguza a nosa capacidade de coñecemento, de amor? ¿Que a obra crea ao home, e non ao revés?

Unha aperta moi forte do teu amigo

Eduardo

* * *

6

Vigo 3 abril 1973

Querido Ramón:

Teño rematada unha obriña. “Primaveira no Lor”, que moito gustaríame que tí a léses.

A semán que ven, ou sexa, a do 8 ao 15, terei que ir a Santiago i entón deixareiche o libriño persoalmente. Si non vas estar, agradecereiche mo digas pra aplazar o viaxe. A cousa é atoparte ahí e falar un pouco contigo.

Non esqueceréi xamais os folgos que me diches cando o “Xornal” pra seguir escribindo prosa. Ista de agora ten máis ambición, pero si logrei ou non o que me propoñía eres tí quen tes que decílo. Eu non sei nada.

Deica a semán. Unha aperta do teu amigo.

Eduardo

* * *

Vigo 5 de xunio 1973

Querido Ramón:

